



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 31 de marzo de 2023



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 31 DE MARZO DE 2023

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/2023, do 24 de febreiro..... 8
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 18 de febreiro ata o 24 de marzo de 2023. 8

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

3. Aprobación da segunda modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad de Salamanca para financiar o Proxecto de actuación arqueolóxica e valorización patrimonial "A chegada de Roma ao Finis Terrae" 8

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

4. Aprobación do Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, terceira fase..... 14
5. Aprobación da actualización de prezos do proxecto da obra Ampliación e mellora da seguridade vial na DP 4307 Malpica Ponteceso, PQ 10+820 AO 11+820 (PONTECESO), incluído no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, primeira fase 15

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

6. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de PONTECESO para executar as obras de Ampliación e mellora de servizos e abastecementos na DP - 4307 de Malpica a Ponteceso no Lugar de Lestimoño (P.K. 10 827 a 11 821)..... 16
7. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de MAÑÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a adquisición dun camión de caixa basculante con grúa 20
8. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de CORCUBIÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "Rehabilitación de edificios e instalacións municipais en Corcubión". 29

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

9. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma e



ampliación do hangar do Club de Piragüismo", do Concello de Boiro incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 co código 2022.2100.0010.0 **37**

10. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da Casa da Cultura de Brens", do Concello de Cee, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0455.0..... **39**

11. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de firme en vial de Costa de San Simón e outros" do Concello de Irixoa, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0366.0 **41**

12. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do firme en Bóveda e outros" do Concello de Irixoa, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0528.0..... **43**

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do firme en vial Carracedo" do Concello de Irixoa, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0529.0 **45**

14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Instalación de oficina de turismo en Padrón", do Concello de Padrón, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 co código 2020.2200.0249.0..... **47**

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "1ª Fase Instalacións deportivas no lugar de Quintán, Mondego, módulo cuberto", do Concello de Sada, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0263.0..... **49**

16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros", do Concello de Vedra, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021, co código 2021.2102.0578.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento..... **50**

17. Aprobación da toma de coñecemento do informe de seguimento das recomendacións derivadas do informe do Consello de Contas de Galicia sobre a fiscalización dos criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos Plans provinciais e a eficiencia do gasto da Deputación da Coruña lexislaturas 2003-2019, e manifestación de compromisos desta deputación..... **53**

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

18. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a xaneiro 2023..... **54**

19. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación



provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a febreiro 2023..... **55**

20. Dación de conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2022. **55**

21. Dación de conta do expediente de modificación de créditos 2/2023 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia. **55**

22. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2023 de aprobación polo Pleno..... **56**

23. Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación da Coruña exercicio 2022..... **58**

24. Dación de conta do Estado da situación do cumprimento do Plan de Control Financeiro correspondente ao exercicio 2022. **58**

25. Dación de conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento do réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.

26. Dación de conta do Plan de control financeiro correspondente ao exercicio 2023.... **58**

27. Dación de conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2022. **58**

28. Dación de conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, respecto dos Convenios de Cooperación e Colaboración formalizados no exercicio 2022. **59**

29. Dación de conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia respecto dos contratos adxudicados no 2022..... **59**

30. Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2024-2026..... **59**

31. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Cabanas respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). **59**

32. Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2022..... **60**

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

1.Moción do BNG para solicitar a retirada dos Plans de ordenación dos espazos marítimos (POEM) **60**

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa dos traballadores e traballadoras da CRTVG **75**

3.Moción dos grupos provinciais do PSdeG e do BNG en reclamación da finalización das obras de construción da autovía da Costa da Morte **83**

4.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o parque eólico Troitomil..... **99**



5.Moción do grupo provincial do PSdeG-PSOE pola que se insta á Xunta de Galicia a incrementar o financiamento do servizo da axuda no fogar (SAF) **105**

ROGOS E PREGUNTAS..... **112**



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 31 de marzo de 2023.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 31 de marzo de 2023, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial.

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

Excusado:

Xosé Luis Penas Corral	BNG
------------------------	-----

O Sr. Pérez Añón entra no salón comezada a sesión, no punto número 22.

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o viceinterventor xeral, don José María Pérez Alvariño.

Aberto o acto ás 12:12 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Moi bo día, comezamos co primeiro punto do orde do día.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/2023, do 24 de febreiro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 2/2023, do 24 de febreiro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 18 de febreiro ata o 24 de marzo de 2023.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 18 de febreiro ata o 24 de marzo de 2023.

3.- Aprobación da segunda modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad de Salamanca para financiar o Proxecto de actuación arqueolóxica e valorización patrimonial "A chegada de Roma ao Finis Terrae"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a segunda modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad de Salamanca correspondente á subvención nominativa concedida polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 22 de decembro de 2022, no que se refire aos conceptos de gasto incluídos no orzamento, de xeito que o texto definitivo do convenio é o seguinte:

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad de Salamanca para financiar o Proxecto de actuación arqueolóxica e valorización patrimonial "A chegada de Roma ao Finis Terrae"

Na Coruña, a



REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Universidad de Salamanca.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecendo recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Universidad de Salamanca é unha institución de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar. Fundada en 1218 cumpre máis de 800 anos de historia ininterrompida. Foi xunto coa de París, Oxford e Bolonia unha das primeiras universidades europeas.

2.- De conformidade co artigo 2 dos seus Estatutos, son fins da Universidad de Salamanca, entre outros:

- O asesoramiento científico, técnico e cultural á sociedade, para contribuir á mellora da calidade da vida na comunidade.

- A profundización na cooperación universitaria no ámbito nacional e internacional.

- O desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística e a transferencia do coñecemento á sociedade, así como a formación de investigadores.

3.- De conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Universidad de Salamanca coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Universidad de Salamanca**, con CIF: Q3718001E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do *Proxecto de actuación arqueolóxica e valorización patrimonial "A chegada de Roma ao Finis Terrae"*, que se indica deseguido:

- Traballos preliminares
- Traballo arqueolóxico de campo
- Difusión e socialización de investigación
- Traballo de gabinete post-excavación



- Divulgación: outras accións e materiais

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Universidad de Salamanca desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Desprazamentos	2.036,50
Publicidade e propaganda	6.512,69
Compras de bens destinados á actividade	786,50
Servizos de profesionais independentes	27.628,30
Outros tributos - Costes indirectos da USAL	6.300,00
Soldos e salarios	6.844,22
Seguridade social a cargo da entidade	2.395,79

Total gastos: 52.504,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **41.999,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 79,99 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 79,99 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidad de Salamanca obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidad de Salamanca.



Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidad de Salamanca, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Universidad de Salamanca deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidad de Salamanca.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Universidad de Salamanca unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Universidad de Salamanca, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas **entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 30 de novembro de 2023**.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a



aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **30 de novembro de 2023**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidad de Salamanca deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **15 de decembro de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Universidad de Salamanca para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidad de Salamanca da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidad de Salamanca na documentación aportada.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Universidad de Salamanca deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Universidad de Salamanca destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidad de Salamanca deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.



X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidad de Salamanca poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidad de Salamanca queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidad de Salamanca seran remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.



3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Salamanca será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de decembro de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o **Exercicio 2024**, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Universidade de Salamanca, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

4.- Aprobación do Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, terceira fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea



Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
 Votan en contra: ningún/ha deputado/a
 Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE VIAS PROVINCIAIS 2023, TERCEIRA FASE cun orzamento total de 1.785.407,28.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 , integrado polos proxectos que se detallan:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	IMPORTE
2023.1110.0004.0	DP1802 VEIGA DE CABANA A AS PONTES, REFORZO DO FIRME PQ 0+000 AO 9+200 (AS PONTES)	1.785.407,28

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

5.- Aprobación da actualización de prezos do proxecto da obra Ampliación e mellora da seguridade vial na DP 4307 Malpica Ponteceso, PQ 10+820 AO 11+820 (PONTECESO), incluído no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, primeira fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
 Votan en contra: ningún/ha deputado/a
 Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a SEGUNDA RELACION DO PLAN DE VIAS PROVINCIAIS 2022 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 951.517,85.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2022.1110.0001.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP 4307 MALPICA PONTECESO, PQ 10+820 AO 11+820	PONTECESO	951.517,85 €



2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

6.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de PONTECESO para executar as obras de Ampliación e mellora de servizos e abastecementos na DP - 4307 de Malpica a Ponteceso no Lugar de Lestimoño (P.K. 10 827 a 11 821).

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"APROBAR O TEXTO E A FORMALIZACIÓN dun convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de Ponteceso para executar as obras de Ampliación e mellora de servizos e abastecementos na DP - 4307 de Malpica a Ponteceso no Lugar de Lestimoño (P.K. 10 827 a 11 821) cunha achega municipal máxima de 322.347,76 € IVE incluído o que supón unha porcentaxe de financiamento do 100,00% do orzamento total, todo ello condicionado á aprobación do texto do convenio e o proxecto por parte do Concello de Ponteceso.

ANEXO: TEXTO DE CONVENIO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTECESO PARA A EXECUCIÓN E FINANCIAMENTO DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS E ABASTECIMENTOS NA DP- 4307 DE MALPICA A PONTECESO NO LUGAR DE LESTIMOÑO (P.K. 10+827 A 11+821)

Na Coruña, a __ de _____ de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excm. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Ponteceso**



Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Con data de 26 de outubro de 2021, o Concello de Ponteceso, coñecedor das obras que se van a realizar no seu termo municipal e máis concretamente, a AMPLIACIÓN E MELLORA DÁ SEGURIDADE VIARIA NA DP 4307 MALPICA PONTECESO, PQ 10 820 AO 11 820, presenta unha solicitude á Deputación provincial da Coruña, na que propón a actuación conxunta das obras e a formalización dun convenio, que teña por obxecto que a Deputación licite, coordine e execute ambos os proxectos, a fin de que a súa execución realícese de maneira coordinada con intención de optimizar custos e simplificar e reducir os tempos de execución, sendo por conta do concello de Ponteceso a redacción do proxecto e o importe de execución da obra de saneamento, que se cuantifica en 322.347,7 € IVE incluído, unha vez realizada a actualización de prezos do proxecto redactado en febreiro de 2021 dado o tempo transcorrido desde a elaboración e presentación por rexistro do Proxecto de Ampliación e mellora de servizos e abastecementos na DP - 4307 de Malpica a Ponteceso no Lugar de Lestimoño (P.K. 10 827 a 11 821), os prezos unitarios dos materiais, maquinaria e man de obra, e como consecuencia as unidades de obra, sufriron unha moi importante subida.

A Deputación tramitou o correspondente expediente de expropiación realizándose o levantamento de actas previas o 30 de xuño de 2022 (BOP 110 do 10 de xuño de 2022) e o pago do depósito previo o día 2 de febreiro de 2023 (BOP 14 do 20 de xaneiro de 2023), cosignándose na Caixa Xeral de Depósitos os prezos xustos correspondente ás persoas que non compareceron ou non aceptaron o prezo xusto, así como leiras de descoñecidos.

O 15 de marzo de 2023, o Servizo de Vías e Obras presenta informe favorable sobre a viabilidade desta proposta, concluíndo que a actuación pode ser licitada conxuntamente coas obras de ampliación previstas na DP 4307 unha vez formalizado o convenio correspondente co Concello de Ponteceso

A Deputación Provincial e o Concello de Ponteceso consideran necesario coordinar a súas actuacións para executar as obras incluídas en ditos proxectos, tendo en conta que o proxecto do concello está redactado de forma que é necesaria a execución conxunta das dúas obras, posto que os servizos a instalar deben ir debaixo das beirarrúas proxectadas polo proxecto do Servizo de Vías e Obras e ademais precisan os terreos expropiados polo mesmo.

Por todo o exposto, as partes:

ACORDAN

Formalizar o presente Convenio de Cooperación conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto **coordinar as actuacións** entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ponteceso con CIF P1506900H, para a execución das seguintes obras:

1. PROYECTO AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP 4307 MALPICA PONTECESO, PQ 10+820 AO 11+820 (PONTECESO), redactado



polo Servizo de Vías e Obras Provinciais por importe de 951.517,85 €.

2. PROYECTO AMPLIACIÓN Y MEJORA DE SERVICIOS Y ABASTECIMIENTOS EN LA DP - 4307 DE MALPICA A PONTECESO EN EL LUGAR DE LESTIMOÑO (P.K. 10+827 A 11+821) redactado por FERNÁNDEZ CARBALLADA ASOCIADOS, S.L.P. a cuenta del ayuntamiento de Ponteceso por importe de 322.347,76 € IVA incluido y que ha sido supervisado favorablemente por los servicios técnicos provinciales el 15 de marzo de 2023

II.- EXPROPIACIONES

Existe disponibilidad de terreos dado que a Deputación tramitou o correspondente expediente de expropiación realizándose o levantamento de actas previas o 30 de xuño de 2022 (BOP 110 do 10 de xuño de 2022) e o pago do depósito previo o día 2 de febreiro de 2023 (BOP 14 do 20 de xaneiro de 2023), cosignándose na Caixa Xeral de Depósitos os prezos xustos correspondente ás persoas que non compareceron ou non aceptaron o prezo xusto, así como leiras de descoñecidos.

III.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

A Deputación Provincial, unha vez aprobado polo órgano competente e formalizado o presente convenio, contratará, mediante procedemento aberto e con arranxo aos seus pregos tipo, a execución das obras incluídas en ámbolos proxectos, de **forma conxunta en un único lote**, á fin de que a súa execución se realice de maneira coordinada e así optimizar custos, simplificar a súa execución e reducir tempos de execución.

IV.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

Os orzamentos de execución de ambas obras son os seguintes:

- 1.- PROYECTO AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP 4307 MALPICA PONTECESO, PQ 10+820 AO 11+820 (PONTECESO), redactado polo Servizo de Vías e Obras Provinciais **por importe de 951.517,85 €**. **CÓDIGO: 2022.1110.0001.0**, previa a súa inclusión e aprobación na Segunda relación Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2022 Primeira Fase

AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP 4307 MALPICA PONTECESO, PQ 10+820 AO 11+820 (PONTECESO)	
Orzamento de execución material	660.822,18
Gastos xerais (13%)	85.906,88
Beneficio industrial (6%)	39.649,33
IVE (21%)	165.139,46
Orzamento Base de Licitación	951.517,85 €

- 2.- PROYECTO AMPLIACIÓN Y MEJORA DE SERVICIOS Y ABASTECIMIENTOS EN LA DP - 4307 DE MALPICA A PONTECESO EN EL LUGAR DE LESTIMOÑO (P.K. 10+827 A 11+821) por importe de **322.347,76€ IVE engadido**. **CÓDIGO: 2023.7490.0001.0**

AMPLIACIÓN Y MEJORA DE SERVICIOS Y ABASTECIMIENTOS EN LA DP - 4307 DE MALPICA A PONTECESO EN EL LUGAR DE LESTIMOÑO (P.K. 10+827 A 11+821)	
Orzamento execución material	223.868,16
Gastos xerais (13%)	29.102,86
Beneficio industrial (6%)	13.432,09
IVAE(21%)	55.944,65
Orzamento Base de Licitación	322.347,76 €



V.- FINANCIAMENTO DAS OBRAS

As obras financiaranse do seguinte xeito:

- 1 PROXECTO AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP 4307 MALPICA PONTECESO, PQ 10+820 AO 11+820 (PONTECESO por importe de **951.517,85 €**.

A Deputación Provincial da Coruña Financiará o 100% do seu orzamento de execución, con cargo á partida orzamentaria 0410/4531/60900

O importe das baixas que se produzan na adxudicación ou execución desta obra minorará a achega da Deputación.

Calquera incremento derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será aboado pola Deputación.

- 2 PROYECTO AMPLIACIÓN Y MEJORA DE SERVICIOS Y ABASTECIMIENTOS EN LA DP - 4307 DE MALPICA A PONTECESO EN EL LUGAR DE LESTIMOÑO (P.K. 10+827 A 11+821) por importe de 322.347,76€ IVE engadido.

O Concello de Ponteceso financiará o 100% do seu orzamento de execución por contrata, ata un máximo de 322.347,76€ IVE engadido., que se aboará conforme ao establecido na cláusula VI do presente Convenio. O importe das baixas que se produzan na adxudicación desta obra minorará a achega do Concello.

A aportación do concello se contabilizará en el concepto de ingresos **361 “Ingresos P/Activos constr ou adquiridos para outras entidades”**.

Calquera incremento derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será aboado polo Concello de Ponteceso

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentarias

O Concello de Ponteceso autoriza á Deputación a consultar os datos correspondentes á acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

VI. PAGO

A Deputación aboará ao contratista adxudicatario da obra, o prezo do contrato a medida que se vaian expedindo e aprobando as correspondentes certificacións de obras, acompañadas das respectivas facturas, conforme ao establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a adxudicación das obras mediante procedemento aberto da Deputación.

A Deputación remitirá ao Concello de Ponteceso as certificacións das obras correspondentes ao Proxecto “AMPLIACIÓN Y MEJORA DE SERVICIOS Y ABASTECIMIENTOS EN LA DP - 4307 DE MALPICA A PONTECESO EN EL LUGAR DE LESTIMOÑO (P.K. 10+827 A 11+821)”, acompañadas das **respectivas facturas** para que proceda ao ingreso do seu importe, na conta que sinale a Deputación, no prazo máximo dun mes dende a remisión das citadas certificacións.

De igual xeito, remitiranse as facturas correspondentes á coordinación da Seguridade e Saúde e Control de Calidade.



VII.- DIRECCIÓN DAS OBRAS. COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE.

A Dirección das obras realizarase por persoal dos servizos técnicos da Deputación e esta asumirá, no seu caso, os gastos que de el deriven.

A Deputación levará a cabo, do mesmo xeito, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde, e o control de calidade, e asumirá, no seu caso, os gastos que deste feito deriven, repercutindo ao Concello os importes pagados por este concepto no relativo ao Proxecto Municipal, sendo os importes total os que a continuación se desagregan:

- Coordinación de seguridade e saúde:	7.254,46 euros
- Control de calidade:	17.693,81 euros

VIII.- ACTA DE RECEPCIÓN

Notificarase ao Concello de Ponteceso, coa debida antelación, a data de formalización do acta de recepción das obras, para que asista, se o considera conveniente, un técnico designado polo Alcalde do Concello de Ponteceso

IX.- ACTA DE ENTREGA

A Deputación Provincial, unha vez formalizada a acta de recepción da obra de AMPLIACIÓN Y MEJORA DE SERVICIOS Y ABASTECIMIENTOS EN LA DP - 4307 DE MALPICA A PONTECESO EN EL LUGAR DE LESTIMOÑO (P.K. 10+827 A 11+821), entregará ao Concello de Ponteceso as citadas obras para a súa adscrición aos servizos de titularidade municipal, a cuxos efectos **formalizarase a correspondente acta de entrega**. A partir de dita entrega o Concello farase cargo dos gastos de conservación e mantemento das citadas obras e instalacións.

X.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, a razón de dous membros por cada unha das Institucións asinantes do presente convenio, designados polos seus respectivos Presidentes, ao obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

XI.- VIXENCIA

O presente Convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata a finalización das obras e a formalización da acta de entrega da obra ao Concello, e en todo caso, ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, dito prazo poderá prorrogarse por causas xustificadas e en especial tendo en conta o prazo de execución da obra. Todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

7.- Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de MAÑÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a adquisición dun camión de caixa basculante con grúa.



VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o **Concello de Mañón** para cofinanciar a **a adquisición dun camión de caixa basculante con grúa** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Mañón** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a **adquisición dun camión de caixa basculante con grúa** cunha achega provincial de **62.436,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1621/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00%** respecto dun orzamento de **78.045,00 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MAÑÓN POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN DE CAIXA BASCULANTE

Na Coruña, a ___ de _____ de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Mañón**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas



MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: ...b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.....d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade...

Neste sentido, o Concello de Mañón considera de primeira necesidade de **adquisición dun camión de caixa basculante con grúa**

“.....coa adquisición do camión de caixa basculante con grúa, préstendese.....

- *Mellorar o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos ó poder realizar o servizo en zonas de difícil acceso co camión co que se presta o servizo nestes momentos e ó mesmo tempo poder facer a recollida de residuos voluminosos na totalidade do municipio.*
- *Implantar o servizo de recollida de plásticos agrícolas para evitar o deterioro medioambiental que estes residuos está ocasionando.*
- *Con carácter puntual e en situacións de necesidade poder empregar o vehículo para o traslado de materias ou utillaxe diverso, mobiliario urbano, enseres para actividades e outras operacións que faciliten o traballo ó resto dos servizos públicos municipais.*

*A mellora na prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, a implantación da recollida de plásticos agrícolas, a posibilidade do seu uso noutros servizos municipais (traslado de elementos para a realización de actividades culturais e deportivas, de sillas para minusválidos, camas e outros enseres a petición do departamento de Servizos Sociais, de material diverso para os servizos de subministro domiciliario de auga potable e de tratamento de augas residuais), **son razóns de interés público de carácter cultural, deportivo, social e económico que xustifican que a Deputación no fomento dos intereses peculiares da provincia poida contribuir economicamente á adquisición do vehículo...***”

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello adquirir o subministro, motivado principalmente por razón de interese público, social e económico.



Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Mañón** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I. - OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Mañón**, con **CIF P1506100E**, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o cofinanciamento da **adquisición dun camión de caixa basculante con grúa**, tal e como aparece definida no prego de prescricións técnicas redactado polo Técnico Emilio Piñeiro Hermida

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora achega ao expediente un exemplar do Prego de Prescricións, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta coas autorizacións administrativas preceptivas. O dito Prego de Prescricións Técnicas foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

Segundo o orzamento que achega o Concello o orzamento máximo para a subministración ascende a **78.045,00 euros**.

Orzamento de execución material	61.655,55 euros
IVE (21%)	16. 389,45 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	78.045,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento do subministro, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **62.436,00 €** o que representa unha porcentaxe de **80,00%**

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do subministroe, polo tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción do Prego, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados da subministración.



3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1621/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao Concello o outorgamento dos correspondentes contratos de subministro.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do Prego inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do Prego modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo., para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.No contrato e nos anuncios de licitación para adquisición, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, o Concello,deberá **rotular o ben en lugar visible** de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. 3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, **dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2023, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por



medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adjudicación definitiva do contrato de subministro**, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: Persoa adjudicataria, Importe do contrato E prazo de execución
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Concello estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V. de publicidade./**Acreditación da colocación da publicidade da deputación mediante a remisión de fotografías debidamente dilixenciadas pola dirección.**

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Acta de recepción e **fotografía do subministro realizado**
- **Factura e certificación acreditativa do pago do ben.**
- **Certificación do acordo de aprobación da factura e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DA ACTU E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A instalación obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**



2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na



Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización da instalación ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.



2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematada a instalación e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitud un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por **duplicado exemplar** o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."



8.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de CORCUBIÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "Rehabilitación de edificios e instalacións municipais en Corcubión".

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras de **"Rehabilitación de edificios e instalacións municipais en Corcubión"** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras de **"Rehabilitación de edificios e instalacións municipais en Corcubión"**, cunha achega provincial de **96.800,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/93391/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80.66667 %** respecto dun orzamento de **120.000,00 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS EN CORCUBIÓN

Na Coruña, a ___ de _____ de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS



Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Corcubión**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Corcubión** considera de primeira necesidade as obras de "**Rehabilitación de edificios e instalacións municipais en Corcubión**"

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

"...Corcubión, malia ser o municipio de menor extensión da provincia, con apenas 1650 htes, pola súa condición histórica como capital do partido xudicial ofrece unha gran cantidade de servizos públicos a todo o seu ámbito de influencia, nomeadamente a comarca de Fisterra e a ría do seu nome.

Estes servizos superan por moito os ofrecidos por concellos de igual e mesmo de maior tamaño.

Descríbese máis polo miúdo,, o tipo e cantidade de servizos públicos dos que dispón o noso municipio. Estes servizos aínda que ofertados por distintas administracións: local, provincial, autonómica e estatal radicadas na nosa vila, teñen en común que os inmóbeis que os acollen son propiedade, na maioría dos casos, do Concello de Corcubión e cedidos para o uso desas administracións por razóns de interese público.

*Como consecuencia do anterior o noso municipio debe destinar periodicamente cantidades significativamente importantes de gasto corrente ao mantemento deses edificios **para que as administracións neles instaladas poidan ofrecer un servizo público digno e nas mellores condición para os traballadores e usuarios.***

Acompaña a este escrito tamén unha memoria valorada do arquitecto municipal responsábel da oficina da Área de Rehabilitación Integral na que se detallan as necesidades e custos desagregadas por actuacións, coas seguintes partidas



orxamentarias necesarias para acometelas, así como ao fin ao que se destinarían os fondos provinciais que por este medio solicitamos.

Todos estes servizos, ..., se localizan en infraestruturas públicas que periodicamente requiren de obras de mantemento por parte do seu titular: o Concello de Corcubión. Aínda que cedidas a outras administracións, corresponde ao Concello o seu mantemento e reparación, e mesmo financiar persoal nalgún caso, co conseguinte custo para este municipio. Algúns destes edificios e locais públicos xa teñen moitos anos sen mantemento adecuado polo que é de interese público afrontar diferentes obras de mantemento e reparación co fin de mantelos en óptimas condicións para acollerer dignamente aos traballadores e usuarios dos servizos.”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Corcubión** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Corcubión con CIF P1502800D, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de ” **Rehabilitación de edificios e instalacións municipais en Corcubión**”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto D. Antonio Martínez Domínguez

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	83.339,12 €
Gastos Xerais (13,00%)	10.834,09 €
Beneficio Industrial (6,00%)	5.000,35 €
Redondeo (-0,01 €)	-0,01 €
(21,00%)	20.826,45 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	120.000,00 €



III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **96.800,00** euros o que representa unha porcentaxe de **80.66667** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80.66667** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/93391/76201** , na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o**



procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2023, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir



un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.

- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste



convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de



xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa súa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o



prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

9.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma e ampliación do hangar do Club de Piragüismo", do Concello de Boiro incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 co código 2022.2100.0010.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Boiro do proxecto



modificado do investimento denominado “Reforma e ampliación do hangar do Club de Piragüismo”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2100.0010.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación nº 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, que aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario.

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do citado acordo plenario do 23 de xuño do 2022, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura, entre outros, o investimento do Concello de Boiro que máis adiante se indica, que foi aprobado inicialmente de forma condicionada á obtención da autorización do Servizo de Urbanismo-Costas-Xunta, aínda que posteriormente mediante Resolución da presidencia número 45180 do 31/10/2022, logo de presentar o Concello de Boiro a documentación xustificativa necesaria, considerouse cumprida a condición á que quedou sometida esta obra e, en consecuencia, aprobouse definitivamente o investimento dentro do Plan, cos datos que se indican na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Boiro	2022.2100.0010.0	Reforma e ampliación do hangar do Club de Piragüismo	65.140,86	0,00	65.140,86

Logo de ver que o Concello de Boiro mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 2 de novembro de 2022, declarou deserta a licitación para a adxudicación do contrato deste investimento, por non terse presentado ningunha oferta.

Logo de aprobar o concello de Boiro un proxecto modificado deste investimento, con incremento do seu orzamento de contrata, asinado dixitalmente o 17 de novembro de 2022 pola arquitecta Ana Isabel Piñeiro Esperante, que xa redactara o proxecto inicial, e de ver o informe técnico da mesma arquitecta do día 13 de marzo de 2023, onde indica que a única modificación do proxecto refírese ao incremento dos prezos das diferentes partidas para adaptalo aos prezos reais de mercado manténdose o resto de documentos que integran o proxecto invariables.

Logo de ver o documento contable (RC) asinado pola interventora do concello, María López Docampo, acreditativo da existencia de crédito no orzamento municipal para asumir o incremento do proxecto modificado por importe de 20.824,49 €.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022)



De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Reforma e ampliación do hangar do Club de Piragüismo", do Concello de Boiro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2100.0010.0, asinado dixitalmente o 17 de novembro de 2022, que foi aprobado polo concello coa finalidade de axustar o proxecto técnico inicial aos prezos actuais de mercado cun orzamento de contrata de 85.965,35 €, o que supón un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Boiro, tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Boiro "Reforma e ampliación do hangar do Club de Piragüismo" 2022.2100.0010.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	65.140,86	65.140,86	0,00
Concello	0,00	20.824,49	20.824,49
Total	65.140,86	85.965,35	20.824,49

2.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Boiro para os efectos oportunos."

10.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da Casa da Cultura de Brens", do Concello de Cee, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0455.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Cee do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da Casa da Cultura de Brens", do Concello de Cee, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0455.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES



Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan Complementario

Logo de ver as Resolucións de Presidencia desta corporación provincial nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), polas que se aprobou definitivamente a 1ª fase do POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, no que se inclúe este investimento do Concello de Cee cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Cee	2019.2001.0455.0	Ampliación da Casa da Cultura de Brens	158.389,00	0,00	158.389,00

Logo de ver que o Concello de Cee, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de xuño de 2020, adxudicoulle a obra á empresa Obras y Viales de Galicia,S.L., co NIF B15608193 por un importe de 126.420,00 €, que minoran a achega provincial inicial, tal e como se indica na seguinte táboa, na que tamén se reflicten os datos de execución que constan no día de hoxe:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Cee Código: 2019.2001.0455.0 “Ampliación da Casa da Cultura de Brens”	Deputación	158.389,00	126.420,00	31.969,00	0,00	126.420,00
	Concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Total	158.389,00	126.420,00	31.969,00	0,00	126.420,00

Tendo en conta que, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de decembro de 2022, declárase resolto este contrato por mutuo acordo de ambas partes, ao comprobarse que o proxecto incluído no Plan, tal e como foi aprobado, era inexecutable xa que as actuacións previstas para levar a cabo a ampliación da edificación comprometerían a estabilidade estrutural do conxunto

Logo de presentar o Concello de Cee un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 14 de febreiro de 2023 polo arquitecto José Isidro López Yáñez do Estudio Técnico Galego, cun orzamento total de contrata inferior ao orzamento de contrata do proxecto incluído no Plan, pero superior ao orzamento da primeira adxudicación realizada, actualmente resolta, coa finalidade de cambiar as actuacións de ampliación da edificación en altura contidas no proxecto incluído no Plan, ao non ser viable a solución recollida no mesmo, por outras actuacións referidas ao acondicionamento da edificación xa existente, mais axeitadas as necesidades actuais do inmovible

Logo de ver presentar o Concello de Cee os informes técnicos e xurídicos favorables relativos á aprobación deste proxecto modificado, o documento contable (RC) acreditativo de que o concello asume o financiamento do incremento en relación coa primeira adxudicación, así como a certificación do acordo plenario polo que se aproba este proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO



Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018 e que lle son aplicables ao POS+ Adicional 1/2019

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da Casa da Cultura de Brens", do Concello de Cee, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0455.0, asinado dixitalmente o 14 de febreiro de 2023 polo arquitecto José Isidro López Yáñez, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e logo da resolución do contrato inicial coa empresa adxudicataria, coa finalidade de cambiar as actuacións de ampliación en altura da edificación previstas no proxecto incluído no Plan, ao non ser viable a solución recollida no mesmo, por outras actuacións referidas ao acondicionamento da edificación xa existente, mais axeitadas as necesidades actuais do inmovible, tendo este proxecto modificado unha diminución do seu orzamento respecto do orzamento de contrata inicial, pero un incremento en relación coa primeira adxudicación, sendo asumido polo Concello de Cee o financiamento da modificación do orzamento, tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Cee "Ampliación da Casa da Cultura de Brens" Código 2019.2001.0455.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación (contrato resolto)		
Deputación	158.389,00	126.420,00	126.420,00	0,00
Concello	0,00	0,00	5.190,95	5.190,95
Total	158.389,00	126.420,00	131.610,95	5.190,95

2.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos (EMC) 1/202, aprobado polo Pleno desta deputación en sesión realizada o 24 de febreiro de 2023 e no que na partida 0430/93396/76201 do vixente orzamento provincial consignouse crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cee aos efectos oportunos."

11.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de firme en vial de Costa de San Simón e outros" do Concello de Irixoa, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0366.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de firme en vial de Costa de San Simón e outros" do Concello de Irixoa, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0366.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2022/40603 do 29 de setembro de 2022 pola que se aproba a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Irixoa cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Irixoa	2022.2102.0366.0	Mellora de firme en vial de Costa de San Simón e outros	60.617,29	0,00	60.617,29

Logo de aprobar o Concello de Irixoa, previos os correspondentes informes favorables, un proxecto modificado deste investimento, asinado o 16 de xaneiro de 2023 polo o arquitecto técnico municipal, Victorino Corral Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 71.958,99 €, que representa un incremento de 11.341,70 € con respecto ao proxecto inicial, cuxo orzamento de contrata era de 60.017,29 €, que é asumido integramente polo concello, segundo consta na certificación emitida polo secretario- interventor do concello de data 8 de marzo de 2023, e que ten como único obxecto actualizar os prezos contidos no proxecto inicial para adecualos, dado o incremento da inflación, á situación actual do mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto

Tendo en conta que este proxecto, que aínda non está adxudicado, modifícase unicamente para actualizar os seus prezos á situación actual do mercado, non se considera necesaria a súa supervisión polo Servizo de Asistencia Técnica desta deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente



mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 e que lle son aplicables a esta primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de firme en vial de Costa de San Simón e outros" do Concello de Irixoa, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0366.0, que aínda non está adxudicado e que foi aprobado polo Concello de Irixoa, previos os correspondentes informes favorables, coa única finalidade de actualizar os prezos contidos no proxecto inicial para adecualos, dado o incremento da inflación, á situación actual do mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Irixoa, tal e como se indica na seguinte táboa

Concello de Irixoa "Mellora de firme en vial de Costa de San Simón e outros" Código 2022.2102.0366.0	PROXECTO INICIAL Contrata	PROXECTO MODIFICADO Contrata	DIFERENZA Contrata
Deputación	60.617,29	60.617,29	0,00
Concello	0,00	11.341,70	11.341,70
Total	60.617,29	71.958,99	11.341,70

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Irixoa para os efectos oportunos."

12.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do firme en Bóveda e outros" do Concello de Irixoa, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0528.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do firme en Bóveda e outros" do Concello de Irixoa, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0528.0, no que se acreditan os seguintes



ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver o acordo plenario do 25 de novembro do 2022, que en relación coa Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 53608, do 26 de decembro de 2022 aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Irixoa cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Irixoa	2022.2102.0528.0	Mellora do firme en Bóveda e outros	86.393,98	0,00	86.393,98

Logo de aprobar o Concello de Irixoa, previos os correspondentes informes favorables, un proxecto modificado deste investimento, asinado o 16 de xaneiro de 2023 polo o arquitecto técnico municipal, Victorino Corral Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 95.336,59 €, que representa un incremento de 8.942,61 € con respecto ao proxecto inicial, cuxo orzamento de contrata era de 86.393,98 €, que é asumido integramente polo concello, segundo consta na certificación emitida polo secretario- interventor do concello de data 8 de marzo de 2023, e que ten como único obxecto actualizar os prezos contidos no proxecto inicial para adecualos, dado o incremento da inflación, á situación actual do mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto

Tendo en conta que este proxecto, que aínda non está adxudicado, modifícase unicamente para actualizar os seus prezos á situación actual do mercado, non se considera necesaria a súa supervisión polo Servizo de Asistencia Técnica desta deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 e que lle son aplicables a esta segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora do firme en Bóveda e outros” do Concello de Irixoa, incluído na segunda e derradeira fase do Plan



provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0528.0, que aínda non está adxudicado, e que foi aprobado polo Concello de Irixoa, previos os correspondentes informes favorables, coa única finalidade de actualizar os prezos contidos no proxecto inicial para adecualos, dado o incremento da inflación, á situación actual do mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Irixoa, tal e como se indica na seguinte táboa

Concello de Irixoa "Mellora do firme en Bóveda e outros" Código 2022.2102.0528.0	PROXECTO INICIAL Contrata	PROXECTO MODIFICADO Contrata	DIFERENZA Contrata
Deputación	86.393,98	86.393,98	0,00
Concello	0,00	8.942,61	8.942,61
Total	86.393,98	95.336,59	8.942,61

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Irixoa para os efectos oportunos."

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do firme en vial Carracedo" do Concello de Irixoa, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0529.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do firme en vial Carracedo" do Concello de Irixoa, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0529.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver o acordo plenario do 25 de novembro do 2022, que en relación coa



Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 53608, do 26 de decembro de 2022 aprobou a segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Irixoa cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Irixoa	2022.2102.0529.0	Mellora do firme en vial Carracedo	63.885,75	0,00	63.885,75

Logo de aprobar o Concello de Irixoa, previos os correspondentes informes favorables, un proxecto modificado deste investimento, asinado o 16 de xaneiro de 2023 polo o arquitecto técnico municipal, Victorino Corral Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 75.141,74 €, que representa un incremento de 11.255,99€ con respecto ao proxecto inicial, cuxo orzamento de contrata era de 63.885,75 €, que é asumido integramente polo concello, segundo consta na certificación emitida polo secretario- interventor do concello de data 8 de marzo de 2023, e que ten como único obxecto actualizar os prezos contidos no proxecto inicial para adecualos, dado o incremento da inflación, á situación actual do mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto

Tendo en conta que este proxecto, que aínda non está adxudicado, modifícase unicamente para actualizar os seus prezos á situación actual do mercado, non se considera necesaria a súa supervisión polo Servizo de Asistencia Técnica desta deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 e que lle son aplicables a esta segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora do firme en vial Carracedo” do Concello de Irixoa, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0529.0, que aínda non está adxudicado, e que foi aprobado polo Concello de Irixoa, previos os correspondentes informes favorables, coa única finalidade de actualizar os prezos contidos no proxecto inicial para adecualos, dado o incremento da inflación, á situación actual do mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Irixoa, tal e como se indica na seguinte táboa

Concello de Irixoa “Mellora do firme en vial	PROXECTO INICIAL Contrata	PROXECTO MODIFICADO Contrata	DIFERENZA Contrata
---	------------------------------	---------------------------------	-----------------------



Carracedo Código 2022.2102.0529.0			
Deputación	63.885,75	63.885,75	0,00
Concello	0,00	11.255,99	11.255,99
Total	63.885,75	75.141,74	11.255,99

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Irixoa para os efectos oportunos."

14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Instalación de oficina de turismo en Padrón", do Concello de Padrón, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 co código 2020.2200.0249.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Padrón do proxecto modificado do investimento denominado "Instalación de oficina de turismo en Padrón", do Concello de Padrón, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, co código 2020.2200.0249.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución de Presidencia nº 23130 do 29 de xullo de 2020, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Padrón cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Padrón	2020.2200.0249.0	Instalación de oficina de turismo en Padrón	122.957,45	0,00	122.957,45

Logo de ver que o Concello de Padrón, mediante Decreto de Alcaldía do 16 de xullo de 2021, adxudicoulle a obra á empresa Eulogio Vínal Obras y Construcciones S.A., co NIF A15352735 por un importe de 119.268,73 €, que minoran a achega provincial inicial, contrato que foi resolto por Decreto do Alcalde do 14 de setembro de 2022, estando a obra totalmente pendente de executar, acreditando o concello que posteriormente



realizou unha nova licitación que quedou deserta ao non presentarse ningún licitador, sendo os datos desta obra os que se reflicten na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Padrón Código: 2022.2200.0249.0 "Instalación de oficina de turismo en Padrón"	Deputación	122.957,45	119.268,73	3.688,72	0,00	119.268,73
	Concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Total	122.957,45	119.268,73	3.688,72	0,00	119.268,73

Logo de presentar o Concello de Padrón un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 20 de xaneiro de 2023 polo arquitecto José Isidro López Yáñez, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento total de contrata superior ao orzamento de contrata do proxecto incluído no Plan, así como superior ao orzamento da primeira adxudicación realizada, actualmente resolta, coa finalidade de revisar os prezos tras quedar deserto o segundo expediente de contratación desta obra, sendo supervisado favorablemente este proxecto modificado polo Servizo de Asistencia Técnica desta deputación

Logo de presentar o Concello de Padrón os informes técnicos e xurídicos favorables relativos á aprobación deste proxecto modificado, a certificación de Intervención acreditativa de que o concello asume o financiamento do incremento en relación coa primeira adxudicación, así como a certificación do acordo plenario polo que se aproba este proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 25 de outubro de 2019 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 208, do 31 de outubro de 2019.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Instalación de oficina de turismo en Padrón", do Concello de Padrón, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, co código 2020.2200.0249.0, asinado dixitalmente o 20 de xaneiro de 2023 polo arquitecto José Isidro López Yáñez, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e logo da resolución do contrato inicial coa empresa adxudicataria, coa finalidade de revisar os prezos tras quedar deserto o segundo expediente de contratación da obra ao non presentarse ningunha oferta durante o prazo de licitación, tendo este proxecto modificado un incremento do seu orzamento respecto do orzamento de contrata inicial, así como un incremento en relación coa primeira adxudicación, sendo asumido polo Concello de Padrón o financiamento da modificación do orzamento tal e como se indica na seguinte táboa:



Concello de Padrón "Instalación de oficina de turismo en Padrón" Código 2020.2200.0249.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación (contrato resolto)		
Deputación	122.957,45	119.268,73	119.268,73	0,00
Concello	0,00	0,00	67.626,60	67.626,60
Total	122.957,45	119.268,73	186.895,33	67.626,60

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/9437/82120 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Padrón aos efectos oportunos."

15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "1ª Fase Instalacións deportivas no lugar de Quintán, Mondego, módulo cuberto", do Concello de Sada, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0263.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "1ª Fase Instalacións deportivas no lugar de Quintán, Mondego, módulo cuberto", do Concello de Sada, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021, co código 2021.2000.0263.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo plenario desta deputación adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan Complementario no que se inclúe este investimento cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Sada	2021.2000.0263.0	1ª Fase Instalacións deportivas no lugar de Quintán, Mondego, módulo cuberto	374.592,70	349.199,50	723.792,20

Logo de aprobar o Concello de Sada un proxecto técnico modificado deste investimento, que está pendente de adxudicar, asinado o 16 de decembro de 2022 polo arquitecto redactor Manuel Tella López, cun orzamento de contrata de 833.787,47 €, o que supón



un incremento de 109.995,27€ con respecto do proxecto inicial que ascendía a 723.792,20 €, incremento que é asumido integramente polo concello, que se redacta coa finalidade de axustar o proxecto inicial aos prezos actuais de mercado e corrixir as deficiencias técnicas sinaladas nos informes de ATM desta Deputación, que conta co informe de supervisión favorable emitido o 3 de xaneiro de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (ATM) desta deputación, así como cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables relativos a esta modificación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "1ª Fase Instalacións deportivas no lugar de Quintán, Mondego, módulo cuberto", do Concello de Sada, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0263.0, asinado dixitalmente o 16 de decembro de 2022, que foi aprobado polo concello coa finalidade de axustar o proxecto técnico inicial aos prezos actuais de mercado e corrixir unhas deficiencias técnicas sinaladas polo servizo de ATM desta deputación, cun orzamento de contrata de 833.787,47 € o que supón un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Sada, tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Sada "1ª Fase Instalacións deportivas no lugar de Quintán, Mondego, módulo cuberto" 2021.2000.0263.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	374.592,70	374.592,70	0,00
Concello	349.199,50	459.194,77	109.995,27
Total	723.792,20	833.787,47	109.995,27

2.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2023, que está en fase de exposición pública, no que se vai consignar, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Sada para os efectos oportunos."

16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros", do Concello de Vedra, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021, co código 2021.2102.0578.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento



VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros", do Concello de Vedra, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2102.0578.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2021/30870 do 23/07/2021, que aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial, en cuxo Anexo II se relacionan os investimentos incluídos nesta fase do Plan, entre os que figura a obra do Concello de Vedra que a continuación se indica, que foi aprobada de forma condicionada á obtención das autorizacións sectoriais que se detallan:

Concello Código	Denominación	Financiamento			Condições pendentes
		Deputación	Concello	Orzamento Total	
Vedra 2021.2102.0578.0	Mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros	115.139,49	47.419,47	162.558,96	- Autorización de Augas de Galicia - Autorización de Patrimonio Cultural - Autorización de ADIF - Autorización da Demarcación de Estradas do Estado - Autorización de Medio Rural

Logo de presentar o Concello de Vedra un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 21 de setembro de 2022 pola arquitecta técnica municipal, Clara



Lema Rodriguez, que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe total do orzamento de contrata, que foi aprobado por Resolución da Alcaldía do 3 de outubro de 2022, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adxudicar, coa única finalidade de introducir un cambio de trazado na actuación sobre o camiño de Socastro, San Mamede ante o retraso na obtención da autorización de ADIF, de xeito que a actuación deixa de verse afectada pola vía ferroviaria e deixa de ser necesaria tal autorización sectorial.

Logo de acreditar o concello que conta coas autorizacións de Augas de Galicia, Patrimonio Cultural, Demarcación de Estradas do Estado e Medio Rural a cuxa obtención quedou condicionada a súa aprobación; así como a obtención ademais da autorización de Montes, e xustificar a non necesidade de autorización de ADIF polo cambio de trazado previsto neste proxecto modificado

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 27 de setembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2021, aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros", do Concello de Vedra, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021, co código 2021.2102.0578.0, que fora aprobado polo Pleno desta deputación de forma condicionada á obtención das autorizacións de Augas de Galicia, Patrimonio Cultural, ADIF, Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e Consellería de Medio Rural e polo tanto aínda non está adxudicado, que se aprobou polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de introducir un cambio de trazado na actuación sobre o camiño de Socastro, San Mamede de xeito que deixa de ser necesaria a autorización de ADIF, manténdose o mesmo orzamento de contrata do proxecto inicial, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello Código	Denominación	Financiamento			Condicións cumpridas
		Deputación	Concello	Orzament o Total	
Vedra 2021.2102.0578.0	Mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros	115.139,49	47.419,47	162.558,96	- Autorización de Augas de Galicia - Autorización de Patrimonio Cultural - Autorización de ADIF - Autorización da Demarcación de Estradas do Estado - Autorización de Medio Rural



2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento por constar no expediente as autorizacións de Augas de Galicia, Patrimonio Cultural, Demarcación de Estradas do Estado e Medio Rural a cuxa obtención quedou condicionada a súa aprobación; así como por constar a obtención ademais da autorización de Montes e a xustificación da non necesidade de autorización de ADIF polo cambio de trazado previsto neste proxecto modificado e, en consecuencia, levantar as condicións suspensivas ás que quedou supeditado e aprobar definitivamente este investimento dentro da 1ª fase do POS+ Adicional 2/2021.

3.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2023, que está en fase de exposición pública, no que se vai consignar, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Vedra para os efectos oportunos."

17.- Aprobación da toma de coñecemento do informe de seguimento das recomendacións derivadas do informe do Consello de Contas de Galicia sobre a fiscalización dos criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos Plans provinciais e a eficiencia do gasto da Deputación da Coruña lexislaturas 2003-2019, e manifestación de compromisos desta deputación

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Á vista do dito informe de seguimento das recomendacións derivadas do informe do Consello de Contas de Galicia sobre a fiscalización dos criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos Plans provinciais e a eficiencia do gasto da Deputación da Coruña lexislaturas 2003-2019, e coa finalidade de dar resposta as recomendacións contidas neste informe, o pleno desta deputación aproba os seguintes acordos:

1.- **Tomar coñecemento do informe de seguimento das recomendacións** derivadas do informe do Consello de Contas de Galicia sobre a fiscalización dos criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos Plans provinciais e a eficiencia do gasto da Deputación da Coruña lexislaturas 2003-2019.

2.- En resposta á **recomendación número 1**, relativa a que esta deputación aprobe unha regulación específica para os Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS), **asumir o compromiso de elaborar unha ordenanza reguladora dos Plans Provinciais** con aspectos estruturais e de carácter permanente, que sirva de marco para a aprobación anual das Bases de convocatoria dos Plans de cada ano, e de que o pleno desta deputación a aprobe antes do remate do mes de novembro de 2023.



3.- En resposta á **recomendación número 4**, que aconsella que esta deputación adopte medidas que garantan que as axudas previstas no POS se dirixan aos concellos con menor capacidade económica, **asumir o compromiso de que nas Bases reguladoras do Plan do ano 2024 se inclúan criterios de reparto de fondos que beneficien aos concellos con menor capacidade económica.**

4.- Tomar coñecemento de que o Consello de Contas **considera non aplicada a recomendación número 2, relativa á necesidade de identificar os obxectivos** que se queren acadar e os indicadores para a súa avaliación. Non obstante, esta deputación considera que ten que manterse no marco da definición legal dos servizos básicos mínimos e obrigatorios segundo se establecen no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

5.- Tomar coñecemento de que o Consello de Contas **considera decaída de seguimento a recomendación número 3**, sobre a conveniencia de incorporar a análise do custo dos servizos municipais, toda vez que pasará a integrarse nunha análise específica en curso.

6.- Tomar coñecemento de que o Consello de Contas **considera aplicada a recomendación número 5**, á vista das medidas adoptadas por esta deputación para acreditar a sustentabilidade financeira dos proxectos financiados con cargo ao POS.

7.- Tomar coñecemento de que o Consello de Contas **considera non aplicada a recomendación número 6**, relativa á que esta deputación debe fomentar que os concellos teñan en conta as súas necesidades de dotacións nas solicitudes de obras no POS. Non obstante esta deputación considera que queda acreditado que si fomenta que os concellos teñan en conta as súas necesidades e documenten as súas prioridades, posto que na "Memoria do Plan" que as Bases reguladoras esixen que os concellos presenten coa súa solicitude, segundo o modelo que figura como Anexo II, deben describirse os obxectivos que o concello pretende alcanzar co Plan, tendo en conta moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local xestionada por esta deputación, e que ademais, para facilitar esta tarefa, esta deputación deseñou un documento denominado "ficha municipal" no que se sintetizan os datos principais das súas infraestruturas."

18.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a xaneiro 2023.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores,



calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento de A Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de xaneiro de 2023.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, no mes de xaneiro de 2023.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

19.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a febreiro 2023.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento de A Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de febreiro de 2023.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, no mes de febreiro de 2023.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

20.- Dación de conta da liquidación do orzamento do Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2022.

Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento do Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2022.

21.- Dación de conta do expediente de modificación de créditos 2/2023 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.



Dáse conta do expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes número 2, de aprobación pola Presidencia.

(Entra no salón o Sr. Pérez Añón).

22.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2023 de aprobación polo Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 2/2023 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 59.772.654,28 € e que ofrece o seguinte resumo:

A. NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 738.840,00

SC. Suplementos de crédito: 59.033.814,28

Total aumentos: 59.772.654,28

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería: 59.772.654,28

Baixas por anulación: 0,00

Total financiamento: 59.772.654,28

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1 Gastos de persoal	303.215,41	0,00
2 Gastos correntes	1.425.600,00	0,00
3 Gastos financeiros	0,00	0,00
4 Trans. Correntes	14.811.759,33	0,00
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6 Investimentos reais	9.856.128,25	0,00
7 Trans. de capital	33.375.951,29	0,00
8 Activos financeiros	0,00	0,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1 Impostos directos	0,00
2 Impostos indirectos	0,00
3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Transferencias correntes	0,00
5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Transferencias de capital	0,00
8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	59.772.654,28



9 Pasivos financeiros	0,00	0,00	9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	59.772.654,28	0,00	TOTAL:	59.772.654,28

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2022 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta o acordo adoptado polo Congreso dos Deputados do 29 de setembro de 2022 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2023 como consecuencia do estalido da guerra en Europa e de unha crise enerxética sen precedentes.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do



procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "*Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas*", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

23.- Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación da Coruña exercicio 2022.

Dáse conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación da Coruña exercicio 2022, en cumprimento do artigo 12.3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

24.- Dación de conta do Estado da situación do cumprimento do Plan de Control Financeiro correspondente ao exercicio 2022.

Dáse conta do Estado de situación do cumprimento do Plan de Control Financeiro correspondente ao exercicio 2022.

25.- Dación de conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento do réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.

Dáse conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento de réxime xurídico de control interno das entidades do sector público local (R.D. 424/2017, do 27 de abril), con respecto á actividade de control interno realizada no exercicio económico 2022.

26.- Dación de conta do Plan de control financeiro correspondente ao exercicio 2023.

Dáse conta do Plan de control financeiro correspondente ao exercicio 2023, elaborado pola Intervención provincial.

27.- Dación de conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2022.

Dáse conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación



Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2022.

28.- Dación de conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, respecto dos Convenios de Cooperación e Colaboración formalizados no exercicio 2022.

Dáse conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, respecto dos Convenios de Cooperación e Colaboración formalizados no exercicio 2022.

29.- Dación de conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia respecto dos contratos adxudicados no 2022.

Dáse conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia respecto dos contratos adxudicados no 2022.

30.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2024-2026.

Dáse conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2024-2026, de aprobación pola Presidencia.

31.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Cabanas respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos 30 deputados/as presentes e maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Cabanas, adoptado na sesión plenaria do 13 de febreiro de 2023, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."



32.- Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2022.

Dáse conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2022, en cumprimento do artigo 12.3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Hai unha primeira moción do BNG para solicitar a retirada dos plans de ordenación dos espazos marítimos.

1.Moción do BNG para solicitar a retirada dos Plans de ordenación dos espazos marítimos (POEM)

O BOE vén de publicar, o día 4 de marzo deste ano, os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo, documento aprobado o 28 de febreiro, co que se pretende instalar no noso país o 43% da eólica mariña prevista para todo o Estado, uns 2.200 quilómetros cadrados de costa. De consumarse, suporía a perda de miles de postos no sector pesqueiro, sector chave da nosa economía e convertiríase nun dos maiores ataques históricos á pesca e aos ecosistemas mariños. A pesca representa a día de hoxe máis de 31.000 empregos directos e de 120.000 inducidos, representa o 2% do PIB galego (o 4,8% se atendemos a todo o sector do mar). Os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) suporían a destrución do sector pesqueiro para que se sigan enriquecendo as grandes eléctricas, convertendo ao noso país nunha colonia enerxética.

O BNG vén defendendo desde hai tempo que non é aceptábel prever parques eólicos na nosa costa polas características da plataforma galega, unha plataforma moi estreita que provoca que os proxectos se sitúen a tan só 20-25 quilómetros da costa, en espazos de alta sensibilidade ambiental e de alta produtividade pesqueira.

Galiza posúe no seu litoral unhas condicións naturais absolutamente extraordinarias, únicas, en cantidade e calidade, para o desenvolvemento da actividade pesqueira e marisqueira. Por volume de negocio a pesca é a segunda actividade económica galega despois da automoción, co 10% do total das exportacións no sector mar-industria. Galiza representa mais do 10% da capacidade pesqueira do conxunto da EU e o 9% dos empregos na pesca.

Mais esta potencialidade sofre xa desde hai tempo unha situación crítica: Galiza é o país de toda a Unión Europea que perdeu máis peso relativo no ámbito pesqueiro, expresado en despeses de buques (en practicamente todos os segmentos de frota), perda de postos de traballo no mar e inducidos en terra e capacidade de esforzo desde o seu ingreso na EU, en 1986. Galiza era daquela a primeira potencia pesqueira da EU. Hoxe é Dinamarca.

E é neste contexto onde se produce un novo intento de instalar parques eólicos mariños no noso litoral. E nesa disxuntiva, entre o aproveitamento da plataforma continental



galega para a eólica mariña ou a súa protección para as máis de 150.000 persoas que viven de xeito directo ou impulsado da pesca nun país de apenas 2,7 millóns de habitantes, o BNG teno claro.

O Goberno do Estado, na súa defensa dos intereses das grandes empresas eléctricas e enerxéticas, desatendeu todas as alegacións achegadas polo BNG, asociacións ecoloxistas ou as propias confrarías que defendían os intereses da frota pesqueira do noso país.

Cómpre lembrar que o 3 de maio de 2022 o Parlamento europeo aprobou unha resolución que determinaba que os caladoiros históricos e tradicionais específicos dos mariñeiros deberán estar libres de enerxía eólica mariña, resolución que contradí o POEM recentemente aprobado polo Goberno español, xa que afecta a moitos dos nosos caladoiros tradicionais.

Tamén o Parlamento galego, coa unanimidade de todos os grupos políticos da cámara, aprobou en 2009, logo dun diálogo previo co sector pesqueiro e marisqueiro, que Galiza ficase libre da eólica mariña, polo seu impacto negativo na pesca.

A nosa obriga é defender a pesca, un sector do que viven, directa ou indirectamente, moita da nosa veciñanza, e non podemos permitir que o lobby eléctrico faga caixa cos nosos recursos naturais deixando sen medio de vida á xente do mar. A eólica mariña e a defensa do sector pesqueiro non son compatíbeis, como se acreditou en Viana do Castelo, no veciño Portugal, onde os mariñeiros denuncian que a zona quedou, literalmente, sen peixe, ou co replantexamento que Noruega está a facer da eólica mariña pola grande afectación que está a ter sobre a súa pesca.

No BNG insistimos na necesidade de implantar enerxías renovábeis e transitar a unha economía libre de carbono, pero este tránsito non se pode facer a costa de arrasar con todo: co monte, coas serras e agora co mar do que viven milleiros de persoas e de familias neste país. O lobby eléctrico, co apoio dos gobernos español e galego, pretende espoliar o noso territorio e os nosos mares, e non podemos consentilo. Temos o país cheo de encoros, 4.000 muíños de vento nos nosos montes e están proxectados moitos máis. E agora dísenos que Galiza ten que soportar case a metade de todos os aeroxeneradores da eólica mariña do Estado. Abonda xa de que o noso país, o noso monte a agora o noso mar, teña que pagar todos os custes ambientais, económicos e sociais de producir enerxía.

Certamente, Galiza ten unha das zonas de toda a península ibérica con maior capacidade eólica, mais tamén posúe a maior porcentaxe de Europa de poboación dependente do mar e a economía coa maior dependencia económica deste sector. É esta grande riqueza do noso mar o que permitiu o crecemento da poboación costeira galega. Temos unha costa altamente biodiversa e produtiva que permite crear traballo, riqueza e fixar poboación. É dicir, en toda Galiza, desde a costa ao interior e en todos os sectores, o noso mar crea riqueza e dá traballo, tendo ademais unha importante compoñente feminina.

Polo anteriormente exposto, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación da Coruña somete a debate e aprobación polo Pleno desta Corporación a presente moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Instar ao Goberno español á retirada inmediata dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo.
- 2.- Instar ao Goberno español a preservar a costa galega para o sector pesqueiro e para



os milleiros de persoas que viven do mar.

3.- Instar ao Parlamento galego a que retorne ao consenso unánime de 2009, para deixar Galiza libre da eólica mariña, porque esa petición segue sendo igual de válida que antes.

4.- Instar á Xunta de Galiza a que defenda por todos os medios ao seu alcance ao sector pesqueiro galego, loitando para que Galiza estea libre de eólica mariña

5.- Trasladar este acordo aos grupos do Parlamento galego e do Congreso, así como á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Transición Ecolóxica.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todos e todas. Tal e como así aparece descrito no corpo da moción, pois a presentación desta deriva da publicación o 4 de marzo dos plans de ordenación do espazo marítimo. Un documento que reflicte a pretensión de instalar no noso país o 43% da eólica mariña prevista para todo o Estado. Falamos duns 2.200 quilómetros cadrados de costa, o que implica un impacto directo e negativo na actividade pesqueira. Un sector pesqueiro que representa unha importante actividade económica, tanto en empregos directos como en actividade derivada dela, que á súa vez é motor de actividade industrial e que, ademais, efectivamente, contribúe directamente a fixar poboación nas nosas vilas de costa. Unha economía que, ademais de estar ligada ao territorio, pois deixa a súa riqueza no noso país.

É coñecido o posicionamento do BNG en relación ao modelo de explotación eólica, pero tamén o é o feito de ter xa debatido en diferentes ocasións o impacto, polas características especiais da nosa costa, que tería a planificación de instalación de parques eólicos atendendo exactamente aos mesmos criterios cos que se instala noutras zonas que teñen características ben distintas ás da nosa costa. Esas características particulares fan á súa vez que conte con esa riqueza que fai de Galicia, efectivamente, unha potencia pesqueira. Temos claro que xa foi máis, pero, ben, non deberíamos contribuir con estas decisións a alimentar a desaparición dun sector de tal relevancia.

Sen estenderme moito máis nesta primeira exposición, si dicir que, se hai que escoller entre este modelo de planificación que, insisto, atende á situación de parques de eólica mariña atendendo a criterios que se aplican en costas ben distintas á nosa, e a vida e futuro do sector pesqueiro, pois o BNG teno claro; daquela, insta aos seguintes acordos: a retirada inmediata dos Plans de ordenación do espazo marítimo; instar o Goberno español a preservar a costa galega para o sector pesqueiro e para os milleiros de persoas que viven do mar; instar o Parlamento galego a que retome aquel consenso unánime de 2019 para deixar Galicia libre de eólica mariña; e instar Galiza a que defenda por todos os medios ao seu alcance o sector pesqueiro galego, loitando para que Galiza estea libre de eólica mariña, e trasladar este acordo aos grupos do Parlamento galego e do Congreso, así como á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Transición Ecolóxica.

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente, compañeros y compañeras de corporación.

Yo en esta primera intervención voy a ser muy breve, porque tengo gran interés en ver el debate que se produce entre la alternativa de gobierno en Galicia, BNG y PSdeG, al hilo de las declaraciones que nos hemos encontrado últimamente. El señor Formoso, su Secretario general, sobre el no del BNG a la eólica, decían que “a autoestrada era una navallada”, esto es una postura; o la de su portavoz en el Parlamento de Galicia, el señor Luís Álvarez, cuando textualmente dice “É coherente defender a lareira cando se fai comida nunha vitrocerámica?”, a lo que la señora Pontón reprocha a los socialistas tener la extraña habilidad de confundirse de enemigo. Esto lo digo porque yo creo que es importante y trascendente a la vista de que la alternativa de gobierno en Galicia sería un



hipotético bipartito, con la experiencia que ya hemos tenido, y en un tema fundamental y nuclear, decisivo, a la hora de ver las fuentes de producción energética en la comunidad, pues no sé cómo sería. Supongo que una réplica de aquel bipartito en el que unos miembros de un gobierno tendrían una postura frente a otros miembros de otro gobierno. En consecuencia, prefiero reservar ya la posición de voto y la intervención para la segunda tanda y última, y voy a escuchar con gran interés este debate, que realmente nos genera una gran expectativa en el Partido Popular.

Gracias.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas.

É un debate repetido, moitas veces falamos aquí deste tema, creo que é sintomático de que as cousas talvez non se están facendo da mellor maneira posible, cando menos buscando un mínimo consenso.

“La riqueza hidráulica proporcionará un rápido crecimiento industrial a la región”, estas palabras pronunciábaas Laureano López Rodó na inauguración da presa de Belesar o 4 de xaneiro de 1963, hai exactamente 60 anos. Era a presa de Belesar, pero en realidade era un ciclo longo de encoros que se construían neste momento, non pasa nada, momento por chamarlle así historicamente, do franquismo, da ditadura, no que a cunca hidrográfica Miño-Sil, sobre ela se construíron unha serie de encoros, como media ducia de encoros, nese momento, empeza a finais dos 40 e estendese ata os 60. Entón, hai moito tempo que podemos facer balance de se esta profecía, se o feito de que os ríos galegos foran convertidos, se explotase o seu potencial hidroeléctrico, se se fixo certa esta profecía de Laureano López Rodó. Que, por certo, hai moitas cuestións que teñen que ver coa súa concepción da política económica que nos parecen ben interesantes, con independencia do que pensemos do réxime para o que el traballaba.

O certo é que non, o certo é que a especialización que se lle impuxo a Galicia de xeradora de enerxía non tivo os efectos que o señor Laureano López Rodó dicía. Isto é no 63, hai un par de anos en 2021 esa empresa, que daquela era Fenosa, hoxe xa, Naturgy, pechaba na Coruña o centro de operacións; xa viña de pechar antes tamén un Museo de Arte Contemporánea. Que queda en Galicia, por tanto, de todo isto? Que queda en Galicia de todo este tremendo potencial que temos para a xeración de enerxía? Pois, segundo indica no seu informe o Consello Económico e Social de Galicia, queda moi pouco, pouquísimo, incluso xa indo cara ao tema que nos ocupa, que é o dos eólicos, como a fiscalidade non está relacionada coa produción de megavatios, senón co número de aeroxeradores, coa súa repotenciación, vaise reducindo o número de aeroxeradores e por tanto o que está sucedendo é que se está xerando máis enerxía en Galicia e recadándose menos pola vía fiscal. Iso é o que está sucedendo agora mesmo, isto dío o Consello Económico e Social nun informe moi recente. Tamén alerta nese mesmo informe sobre a moi baixa taxa de emprego relacionada non tanto, ao mellor sae neste debate a cuestión da produción dos *jackets* e das plataformas para a eólica mariña, senón no seu mantemento e a moi escasa capacidade de creación de emprego que teñen.

Como estamos –insisto– 60 anos despois destas palabras de Laureano López Rodó, podemos dicir tamén que en todo este tempo Chantada, que é o concello no que está situada a presa de Belesar, perdeu o 50% da súa poboación, e que a taxa de industrialización de Galicia segue sendo hoxe, igual que daquela, das máis baixas do Estado.

Ben, pasamos ao momento presente e dísenos que hai un proceso, que é innegable a súa importancia, que é o do cambio climático e que Galicia debe contribuír a minoralo aproveitando o seu potencial eólico e nós pensamos que, todos estamos de acordo con



isto, en abstracto todos estamos de acordo, pero imos agora ao concreto sobre como se está facendo isto agora mesmo. Estase asegurando que non se repita o que xa aconteceu hai 60 anos co aproveitamento da nosa potencia hidráulica, hidroeléctrica nas cuncas do Miño-Sil? Non, estamos indo, en certo sentido, a unha política aínda máis regresiva, porque é absolutamente privada, hai que recordar finalmente que naquel momento Fenosa en parte era unha empresa con capital público a través dunha caixa. Estamos indo a un proceso 100% privativo. O potencial do vento galego estase colocando en mans unicamente privadas.

Había moitísimas posibilidades de facelo doutro xeito. A propia Unión Europea nas súas directivas comunitarias aconsella que se faga con participación pública, participación pública non unicamente buscando o consenso sobre onde hai que implantar os parques, senón con participación pública tamén no rendemento dos beneficios; é dicir, unha maneira de tratar de socializar os tremendos beneficios que xera esta actividade: 756 millóns de euros o ano pasado, unicamente a explotación da potencia hidroeléctrica dos ríos en Galicia. Hai que poñer este dato en relación cos 11.000 millóns de euros que ten a Xunta de Galicia; poñamos por caso que aquí se fixese unha política económica máis ou menos de esquerdas, aínda que eu creo que no seu día a propia democracia cristiá tamén podía participar deste paradigma de certa participación pública. Se deses 756 millóns de euros Galicia quedase cunha empresa pública de enerxía, cun 20%, pois eu creo que estaríamos falando noutros termos neste debate, pero é que non existe esa posibilidade, é –insisto– un procedemento que podemos simplemente cualificalo como neoliberal, estase expropiando un recurso público e poñéndoo en mans privadas a cambio de moi pouco ou de case nada.

E chegamos agora ao que nos faltaba, que era a eólica mariña. Hai que empezar dicindo que hai formas de actuar que por si mesmas son delatores de mala vontade ou de escasa boa vontade por parte de quen as promove, de quen legisla. Escóllese a fórmula do real decreto; non decreto lei, non proxecto de lei; para un asunto desta relevancia escóllese a fórmula do real decreto. Polo tanto, esta norma pasa automaticamente do Consello de Ministros ao BOE. Cal é a calidade democrática deste procedemento? Onde está a súa tramitación nas Cortes? Onde está o trámite de alegacións, o trámite de emendas, o debate, a aprobación? Fúrtase, fúrtase todo ese procedemento porque evidentemente non se querían escoitar diversas voces completamente contrarias ao que aquí se fixo. Voces que noutras ocasións se manifestaron: Manifesto de Burela, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2020; unha proposición non de lei en xuño pasado, aprobada no Parlamento español tamén por unanimidade. Basicamente, que é o que dicían neste manifesto de Burela o noso sector pesqueiro?, que estaban completamente en contra? Non, o que pedían era o seu dereito a continuar coa súa actividade, a que se entendese que son tamén unha actividade esencial e que, polo tanto, hai que ir a procurar unha compatibilidade. Desde logo non parece que ese fose o ánimo da ministra Teresa Rivera; tanto é así que non admitiu alegacións, nin tan sequera se reuniu co sector antes de aprobar o seu real decreto, senón que –insisto– directamente saíu publicado do Consello de Ministros no BOE e agora estamos ante un sector que ve como se acaban de expropiar nada menos que 200 caladoiros fronte á costa galega. Un deses parques, un deses polígonos ten a extensión de Lugo aproximadamente, ou sexa, é tremendo o impacto que vai ter isto.

E que representa o sector pesqueiro en Galicia? Que representa? Pois estamos falando arredor de 48.000 empregos relacionados; non falo só do que ten ver con toda a identidade, a cultura, todo o que ten que ver coa idea que temos de Galicia que está intimamente relacionada co mar e cos mariñeiros, ten que ver co seu medio de vida. Que vai pasar con estas zonas? Despois vaise falar aquí tamén dunha autovía, de ampliar a autovía cara á Costa da Morte; que vai pasar coa xente da Costa da Morte, á que se lle



vai privar dun dos seus medios esenciais de vida? I mos turistificala tamén? I mos condenalos a reiniciar outro ciclo de amarres e de emigración? Todas estas preguntas – insisto– son as que están tamén intrínsecas neste debate.

Nós non temos unha posición como grupo que pretenda ser absolutamente binaria. Nós pensamos que temos que procurar unha compatibilidade. Pero o que pensamos é que nós non podemos pagar a carga da transición enerxética e que outros simplemente sigan no seu rol de consumidores sen pagar ningún custo social tan tremendo como isto, pola transición enerxética que se está facendo exactamente como non debería facerse e repetindo os erros do pasado.

Nada máis e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro:

Moi ben, bo día a todos e a todas.

En base ás dúbidas que ten o voceiro do Partido Popular, primeiro hai que lembrarlle que as alternativas políticas decídenas os cidadáns cando van votar, non as decide o voceiro do Partido Popular nin o Partido Popular, polo tanto, serán os galegos e as galegas, ás que todos e todas respectamos, quen decida quen goberna Galicia e con que maiorías. Eu non sería moi partidario de apriorismos, dígollo incluso por experiencia propia, no meu concello sempre dicían que a alternativa ao Partido Popular era un bipartito entre o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. Hoxe teño nove concelleiros de trece e o seu partido dous, goberno con maioría absoluta. Polo tanto, sería importante que non nos equivoquemos porque ás veces os cidadáns nos mandan mensaxes que van en contra deses apriorismos que podemos manifestar. E poño o meu exemplo, pero podería poñer algúns outros.

En todo caso, aquí hai un Goberno que ten capacidade de diálogo entre si, que chega a acordos; de feito, a maioría dos plenos, practicamente, xa non é que cheguemos a acordos entre nós, senón co resto dos grupos, porque acabamos de ver que todos os puntos que votamos neste Pleno de hoxe foron por unanimidade. Polo tanto, temos certa capacidade de diálogo, todos e todas, loxicamente, para que haxa un acordo, as dúas partes teñen que estar de acordo e máis cando somos cinco. Pero o que non somos, somos borregos, é dicir, o Bloque Nacionalista Galego ten unha interpretación e unha opinión sobre unha cuestión concreta, e nos temos outra, e non pasa nada e podemos diferir. Do mesmo modo que hai alcaldes do Partido Popular que se manifestan en contra dos parques eólicos aprobados pola Xunta de Galicia e o Partido Popular. Polo tanto, tamén teñen vostedes dentro da casa, xa non só cun hipotético socio, dentro da súa casa tamén teñen discrepancias e non pasa nada, eu penso incluso que iso é enriquecedor para un proxecto político. É bo ademais que haxa certa discrepancia e debate interno, que sei que no seu partido tamén a teñen, o que pasa que ás veces tápana, e a tapan, ben, mal, regular, pero a tapan, pero sei que hai discrepancia porque somos seres humanos e é imposible que opinemos todos igual.

Pero en todo caso sobre esta cuestión que nos ocupa agora mesmo, o primeiro que quero dicir é algo que se obvia e é que ese POEM do que se está a falar neste caso, primeiro, é un mandato comunitario, é dicir, a Unión Europea, da que forma parte España e na que, polo menos, tres dos partidos que estamos nesta Corporación representados formamos parte, establece a obrigatoriedade de que os estados aproben eses POEM. Polo tanto, o que está facendo o Goberno a España é cumprir cun mandato da Unión Europea.

Segundo, a verdade é que mesturamos tantos argumentos e o 90% deles, dos que escoitei ata o de agora, non ten nada que ver co que se pide na moción, senón que van máis alá e parten ademais dunha premisa, que é que a eólica mariña afecta á pesca.



Ben, vale, perfecto, despois falaremos sobre iso. Pero en todo o caso estes POEM non autorizan parques de eólica mariña, o que fan é delimitar as zonas onde pode haber potencialidade para poder desenvolvelos. Do mesmo modo que se eu aprobo agora – algo que lle gusta moito o señor Seoane, que sempre fala diso– o plan xeral do meu concello, establezo en que zonas se pode construír, que zonas se reservan para uso agrícola, agrario, que zonas para uso dotacional, pero iso non quere dicir que ao día seguinte de aprobalo xa estea desenvolvido todo ese plan; o que fai é delimitar os espazos, que é o que fai este POEM. Pero precisamente hai un trámite anterior á implantación dun parque e, sobre todo, á súa autorización, que é clave, que é un estudo de impacto medioambiental. Se ese estudo de impacto medioambiental non é positivo, non se autoriza o parque; polo tanto, cal é o problema? Claro, a moción o que pide é que Galicia quede totalmente libre de parques de eólica mariña.

Tampouco queremos parques de eólica terrestre. Non queremos a xeración de enerxía a través dos embalses, hidráulica. Non queremos tampouco placas solares porque son bastante máis invasivas no territorio. Non queremos térmicas porque contaminan, loxicamente. Non queremos nucleares porque son perigosas. E, polo tanto, non sei como imos xerar enerxía, porque todos e todas temos nas mans ou no peto un teléfono móbil que necesita enerxía. Aquí vemos e podemos ler grazas a que hai enerxía. Entón, ese tipo de discursos que “dicen lo mismo y lo contrario” porque, primeiro, dicimos “nosotros estamos a favor de que se genere energía, estamos a favor de las nuevas tecnologías en la aplicación para la generación de energía, pero resulta que todas as que tratamos non vale ningunha. Entón, gustárame saber, polos grupos que non están de acordo con este tipo de formulacións, cal é a súa alternativa para xerar enerxía. Porque é verdade que o señor Lema dicía unha cousa que eu comparto e que comparte o meu partido, porque o dixo publicamente en moitas ocasións: que, se Galicia é xeradora de enerxía e é excedentaria, as administracións galegas, todas elas, non só a Xunta, senón tamén os concellos, terán que participar no accionariado deses parques, e os cidadáns de Galicia terán que ter, ou ben unha redución no seu imposto ou ben que repercuta economicamente os beneficios deses parques para que poidan prestar mellores servizos, ter mellores infraestruturas, etc. Esa parte compartímola ao 100%. Non somos defensores da xeración da enerxía eólica de calquera maneira, de feito, hai unha liña vermella en canto a terrestre, que son sector primario e vivendas, todo o que afecta a iso non se autoriza, e nas de eólica mariña, a pesca, a pesca primeiro, que quede claro. Pero para poder dicir que afecta á pesca teremos que ter os estudos necesarios para poder afirmalo, porque, home, non é por nada, pero Reino Unido, potencia pesqueira, ten eólica mariña. Escocia, potencia pesqueira, ten eólica mariña. Bretaña, Francia, potencia pesqueira, ten eólica mariña. Italia, Alemaña, teñen eólica mariña tamén e tamén hai pesca. Polo tanto, que pode haber algún tipo de afección?, pois seguramente poida habelo, pero haberá que ver ata que punto incide e en que zonas.

En todo caso, o Goberno do Estado e o Ministerio xa o dixo desde un primeiro momento que se van respectar as zonas de pesca por enriba de todo. Pero o posicionamento que trae esta moción –non digo, Sr. Lema, miro para ti, pero non me refiro a ti só, senón...–, o posicionamento que trae esta moción é: fóra a eólica mariña das costas de Galicia, sen ter ningún tipo de estudo, que non sería un, habería que ter varios, de carácter rigoroso, que ampare esa decisión, simplemente porque pensamos que poida afectar, incluso sen ter en conta zonas onde hai eólica mariña, onde se pesca e non hai ningún tipo de problema. E posiblemente poida haber zonas onde si o hai, pero, entón, haberá que facer un estudo rigoroso de cada unha das zonas que se establecen neste POEM para saber en cales delas pode afectar á pesca e en cales non e, a partir de aí, autorizar ou non autorizar eses parques. E iso é o que se vai definir nun estudo de impacto medioambiental.

Por iso nós non somos partidarios dunha moción que vai a uns máximos que,



home, despois claro, falamos de que queremos pagar a electricidade máis barata, falamos de que a industria ten que ser máis competitiva, falamos de que queremos industria en Galicia. Claro, pero se a industria non ten enerxía barata, non se implanta; se a enerxía non baixa de prezo, lóxicamente, afecta tamén á economía das familias. Entón, ao final, defendemos Galicia, queremos que Galicia teña industria, queremos pagar a enerxía máis barata en Galicia, queremos combater o cambio climático, queremos que non haxa emisións de CO₂ que prexudiquen a saúde dos nosos cidadáns, pero calquera das alternativas non nos vale.

Ben, pois teremos que esperar outros 20, 30, 40 ou 50 anos máis a que apareza algún tipo de enerxía na que non interveña na súa xeración nin a eólica, nin a hidráulica, nin a solar, nin ningunha das que existen a día de hoxe para poder ser minimamente competitivos. Porque o hidróxeno, que é o futuro da xeración enerxética, necesita de auga e necesita de vento. E aí Galicia ten un increíble potencial, porque temos o mellor vento de España e temos moita auga. Hai outras zonas do Estado que poden ter moita auga, como pode ser o País Vasco, pero non teñen o vento que temos aquí, e outras que poden ter vento pero non ter auga, como pode ser a zona da meseta. Polo tanto, Galicia pode, neste caso, ser pioneira e estar á cabeza da vangarda neste caso da xeración de enerxías renovables, como é o hidróxeno, onde está o futuro, pero queremos deixar pasar unha vez máis ese tren. Por que? Porque temos unhas ideas preconcebidas que xa damos por feitas, xa facemos fe dicindo que isto vai acabar coa pesca sen ter ningún dato, sen ter ningún estudo que o respalde, repito, simplemente por que?

Ben, penso que temos que ter todos e todas e, sobre todo aqueles que estamos á fronte das institucións, unha actitude bastante máis responsable con estes temas, pero sobre todo máis rigorosa. Deixemos que se fagan os estudos que haxa que facer e despois tomemos as decisións que haxa que tomar, pero non *a priori* e, sobre todo, cando estas son contraditorias co que dicimos noutros ámbitos porque, claro, non ten moito sentido ir a reunirse cos empresarios de industrias que teñen un gran consumo enerxético, dicir que os apoiamos, que teñen que pagar menos pola enerxía ao mesmo tempo que despois imos dicir que non estamos a favor da eólica mariña ou que non queremos un embalse ou que queremos que peche unha térmica. Non podemos dicir que estamos a favor de combater o cambio climático e reducir as emisións e despois dicir que estamos a favor das térmicas. Porque, a ver, ou unha cousa ou outra. E iso penso que resta bastante credibilidade a quen mantén este tipo de posicionamentos, que é verdade que noutros tempos e con respecto a outro tipo de infraestruturas, etcétera, pois tamén os mantivo e ao final, afortunadamente, o tempo quitoulle a razón.

Polo tanto, sexamos un pouco máis serios e teñamos en conta que estamos a falar, non dunha cuestión só empresarial, que eu, repito, comparto os matices dende ese punto de vista que fixo o voceiro da Marea, ao 100%, eu e o meu partido. Pero o que estamos a falar é do futuro desta terra, da xeración de emprego desta terra e do futuro de moitas xeracións de galegos e galegas que irá vinculado a determinados sectores nos que a enerxía é fundamental. E iso penso que require dunha reflexión máis profunda, máis seria e un pouquiño máis rigorosa dende o punto de vista dos datos que se poidan subministrar, non difundir o medo e o temor entre determinados sectores dicindo que isto vai acabar con todo porque non é verdade, e en política non se debe de xogar co tremendismo, porque iso ao final ten graves consecuencias para a sociedade.

Nada máis e moitas grazas.

(Abandonan o salón a Sra. Lamas Villar e o Sr. Castrillón Permuy).



Sr. Lema Suárez

Un pouco intentando contestar algunhas cousas que se dixeron. É unha directiva comunitaria, efectivamente, non a teño aquí agora á man. A directiva comunitaria ao que obriga é á participación pública e ao diálogo social. Desde logo, é completamente contraditoria esa directiva comunitaria coa fórmula do real decreto; xa me dirán vostedes cal é a posibilidade de diálogo social, de alegacións a un procedemento de real decreto. Imos polas partes formais e despois imos polas partes máis políticas.

Apélase aquí a un principio de precaución de non dar a entender que a instalación de parques eólicos mariños van ser negativos para a pesca. Eu teño o coñecemento respecto deste tema transmitido por Torcuato Teixeira, que é unha persoa que agora mesmo está asesorando e dirixindo parte do sector pesqueiro na nosa cidade e na nosa provincia. Eles teñen un precedente, que é o do parque eólico situado fronte a Viana do Castelo, onde, por certo, é un parque eólico que xa se presupón que vai supoñer un amarre da flota porque, de feito, houbo compensacións para o amarre da flota. Ese xa é o punto de partida que se ten en Portugal. Xa se anticipa que vai haber un amarre; por certo, os amarres compensa a xeración que pecha, non as seguintes xeracións. Hai unha xeración que amarra, moi ben, e esa está compensada, ou convértese nunha persoa subsidiada polo Estado, pero que pasa coa continuidade da actividade?, que pasa cos seus fillos e cos seus netos? Xa non teñen dereito a ter esa licenza para seguir nesa actividade.

A precaución aplícase para o lexislador, non para o que se opón á política do lexislador, é un principio do lexislador. Debe ser o lexislador o que demostre que non ten risco, debe ser o lexislador, e o que indican os precedentes aquí cerca de nós en Viana do Castelo é que non hai pesca nas zonas onde hai instalados parques eólicos mariños. Eu non sei se aquí o que se di de rúidos, de campos magnéticos, eu non sei a razón, non son científico, non teño por que selo. Eu o que digo é que non existe riqueza pesqueira onde están instalados estes parques eólicos cerca de nós aí ao sur, en Portugal, en Viana do Castelo.

O informe do Consello Económico e Social de Galicia non é elaborado por uns señores retardistas, ou marxistas ecoloxistas radicais, en absoluto. Está aí dispoñible, son 230 páxinas; pero, ben, hai resumos que se poden ler. Aí está de sobra demostrado que Galicia non está aproveitando a oportunidade que supón o noso potencial para a xeración enerxética. Hai cousas que, evidentemente, están fóra da man da propia análise do Consello Económico e Social de Galicia: a unidade de mercado. A unidade de mercado di que non existe unha diferenciación no prezo da tarifa eléctrica entre comunidades xeradoras e comunidades consumidoras. Entón, se aquí estamos todos de acordo en abstracto en que as comunidades que soportan o peso desta actividade deben ter algunha compensación, pero despois resulta que non é practicable, ou sexa, estamos de acordo en abstracto, pero despois resulta que non existe unha tarifa eléctrica galega, non existe tampouco, polo tanto, unha posibilidade de aproveitar esa condición que temos de produtores.

Eu creo que é relevante os casos históricos, non o que citei antes da cunca do Miño-Sil, que creo que está á vista que non repercutiu nunha maior industrialización diferencial competitivo positivo para o noso país, se non, o presidente da Deputación é o alcalde das Pontes, alí houbo durante moito tempo, que por certo coincide co proceso este, a autarquía, o Estado español non ten capacidade para comprar petróleo, está buscando desesperadamente provisión de enerxía, van explotar o lignito das Pontes. Hai que dicir que o sector enerxético non é un sector industrial, é un sector necesario para a industria, pero en si mesmo non é industrial. Foi unha peza clave para a industrialización do noso país o lignito das Pontes? Non, é que isto recoñece a propia literatura que escribe, os historiadores económicos españois, é que non foi. Foi unha peza clave para



crear a infraestrutura da rede eléctrica española, necesaria, imprescindible. O lignito serviu para iso, efectivamente, foi imprescindible para mellorar e crear a infraestrutura que aínda existe hoxe na rede eléctrica española. Para Galicia tivo un diferencial positivo competitivo para a implantación de industrias? é que non o tivo. Agora, no seu sitio, hai un lago moi fermoso pero, desde logo, non tivo o aproveitamento que podería ter tido.

Entón, nós o que pensamos é que –nós non estamos en contra, en todo caso–, nós o que pensamos é que non podemos ir a un modelo privativo e *desarrollista* onde a un sector e a unha comunidade se lle impoña unha carga da transición ecolóxica e que outras comunidades non soporten esa carga, van seguir sendo comodamente consumidores dunha enerxía que se produce lonxe deles ao mesmo prezo; e que, mentres tanto, nós imos a un proceso novo de amarres, que xa houbo uns cantos, banco canario-sahariano, e unha recua deles, que non vén ao caso, pero que creo que non é este o modelo. Non se están facendo as cousas ben.

E, insisto, xa só pola vía simplemente formal ao que obriga a directiva comunitaria é a que haxa participación pública, e o principio de precaución é un principio que se lle aplica a quen legisla, que é quen ten a obriga de manter ese principio de precaución, e non a quen, desde o outro lado, padece a sospeita ou o temor de que a súa actividade económica se vexa afectada. Nós non estamos completamente en contra, si ou non. Nós o que pensamos é que este non é o xeito e que hai que buscar unha forma que dea garantías ao sector e unha forma que compatibilice as actividades e que, de momento, non é o que se está facendo.

Sra. Muíño Filgueira

Imos ir repasando e xa quero empezar por un dos argumentos reiterados que hai que clarificar e facer pedagogía máis unha vez. Ser crítico cun mal plan non quere dicir estar en contra do desenvolvemento do potencial eólico; non quere dicir, e ademais o BNG non ten un posicionamento contrario ao desenvolvemento e aproveitamento das enerxías limpas. Si que é verdade que hai un mandato comunitario, o cal non quere dicir que este plan se corresponda nin coa mellor situación para a planificación da instalación de eólica mariña nas nosas costas de xeito especial, pois cando xustamente as áreas nas que se planifica teñen unha afectación directa cunha actividade que é estratéxica en Galiza. Iso quere dicir que, perfectamente, co se é crítico é co contido dese plan e do impacto negativo que ten nun sector que é estratéxico.

E, efectivamente, dicíao o portavoz do Partido Socialista: claro que resulta complexo querer quedar ben con todo o mundo. Non podemos apostar por este plan e ao mesmo tempo dicir que non pasa nada por ter este plan porque automaticamente non se aproban os parques eólicos mariños, aí é onde se van ter que situar. E, evidentemente, os estudos de impacto sobre a pesca, se alguén os tería que ter feito previamente, sería o Ministerio, se alguén os tería que ter feito con sensibilidade cara a un sector que resulta estratéxico neste país.

Efectivamente, facías mención, Reino Unido, Escocia, Francia, que evidentemente teñen actividade pesqueira e o compatibilizan coa instalación de parques de eólica mariña na súa plataforma continental no mar, cunha diferenza enorme coa realidade morfoxeolóxica da nosa costa que, efectivamente ten unha lonxitude de plataforma continental moito máis reducida, que lle dá as características peculiares que ten a nosa costa para a pesca e que fai que efectivamente a presenza nesa distancia dos parques eólicos mariños interfira de xeito especial na pesca.

Pero isto nin o invento, nin quero ser alarmista, nin nada, senón que así está recollido en resolucións do propio Parlamento Europeo, no que as directrices que se recollen é dar prioridade sempre aos caladoiros tradicionais e preservar de xeito especial



a actividade da pesca cando se deseña un plan que xustamente non cumpre con ningún destes criterios. Son resolucións e indicacións do propio Parlamento Europeo en relación ao desenvolvemento do potencial da eólica mariña e á convivencia coa pesca, e así está recollido.

De feito, nesta mesma resolución contéplase a posibilidade de desenvolver estes mesmos parques eólicos flotantes en zonas de augas profundas. Pero esta posibilidade non aparece recollida no plan, nin se contempla, fronte á nosa costa, para facela compatible cunha actividade que se desenvolve aquí, deixa diñeiro aquí e que, ademais, tamén dá a posibilidade de desenvolvemento industrial importante arredor desta actividade.

O plan é un mal plan, non ten sensibilidade, nin é garantista cun sector que resulta estratéxico para o noso país e, evidentemente, a posición do BNG non é renunciar á enerxía. Non estamos en contra do desenvolvemento do potencial eólico, é sabido; facía mención antes o portavoz do Partido Popular á cuestión de gobernos bipartitos. Evidentemente, houbo un Goberno bipartito no que se deseñou un modelo de desenvolvemento eólico para este país contemplando, efectivamente, que ese desenvolvemento eólico deixara os seus beneficios aquí para contribuír á calidade de vida e ao desenvolvemento industrial. Así que creo que esa cuestión está clara. O que si que é certo é que cuestionar este plan atendendo a esta sensibilidade, pois hai outras alternativas. Están recollidas, pois, como xa dixen, na resolución do Parlamento Europeo do 7 de xullo de 2021. Tiñamos outras alternativas e podíamos facer un plan mellor.

E, do mesmo xeito que podemos cuestionar, e non indica que se foran aprobar todos os parques eólicos recollidos no Plan Sectorial Eólico de Galicia, pero si que fixemos unha valoración do deseño e da planificación, pois neste caso, a observación que se fai, o que se cuestiona é o deseño e a planificación da explotación da enerxía eólica, condicións óptimas que ten o noso país para a produción de enerxía de xeito constante, pero sen ningunha sensibilidade cara á actividade pesqueira deste país. E esa é a cuestión que se defende nesta moción, que non deberíamos ter que escoller entre un sector e outro, e esta planificación xustamente é ao que obriga.

Facía mención, quero dicir tamén que, efectivamente, facía mención, non hai constancia, xustamente é certo que a costa portuguesa se parece na súa plataforma á nosa e efectivamente o sector da pesca de Portugal xa está advertindo das consecuencias desastrosas que está a ter para a súa actividade. Do mesmo xeito que volvo dicir que está recollido en documentación do propio Parlamento Europeo cando valora o impacto desta actividade xustamente na pesca.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente.

Nós en primeiro lugar, o que queremos dicir é que dende o Partido Popular estamos plenamente comprometidos coa preservación da costa galega e coa defensa do sector pesqueiro. Neste caso, entendo, e dígoo con claridade, que non aceptamos leccións de ningún.

Non imos apoiar a súa moción porque é unha moción cunha postura radical e excluínste de que a instalación de parques eólicos supoñen directamente, nin máis nin menos, que cargarse a pesca. Isto, desde logo, non o podemos compartir. Tamén nos chama a atención, e non é compartido tampouco polos seus compañeiros de Goberno na Deputación, en moitos concellos non comparten esta postura, pero tampouco a comparte o propio sector pesqueiro, que está a reclamar a coexistencia coa eólica mariña de xeito que se garanta a preservación dos recursos naturais e pesqueiros. Desde logo, esta é a postura do Partido Popular de Galicia coincidindo co sector pesqueiro.



É máis, nin sequera é compartida por vostedes ata hai ben pouco. Así nesta lexislatura o BNG apoiou dúas PNL no Parlamento de Galicia: a primeira PNL 30052, promovida polo Partido Popular, que dicía o seguinte: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que considere a opinión do sector marítimo-pesqueiro entre os organismos consultados no caso das iniciativas no eido da eólica mariña, tal e como se recolle nos acordos acadados dentro do Observatorio de Eólica Mariña de Galicia”; e na PNL 32218, promovida polo propio BNG, di o seguinte: “O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado, primeiro, atender ao contido do manifesto de Burela na defensa do sector pesqueiro do Cantábrico noroeste, e protexer o sector pesqueiro da ameaza que suporía a localización de instalacións eólicas mariñas en caladoiros a espazos dedicados a actividades pesqueiras e, en consecuencia, garantir a súa coexistencia coas actividades pesqueiras”. En ningún caso falaban vostedes aquí de que fora excluín-te unha actividade da outra.

Para nós, o futuro debe seguir pasando por unha planificación ordenada, equilibrada e consensuada que permita chegar á seguridade xurídica ao tempo que se dá prioridade a un desenvolvemento compatible co medio natural e coa nosa biodiversidade. Nós defendemos un desenvolvemento do sector eólico, pero con sentidiño, e tamén, desde logo, no caso da eólica mariña. Somos conscientes da gran oportunidade para Galicia que supón esta enerxía verde. En Galicia, a eólica mariña xa está vencellada a máis de 1.200 millóns de euros de investimentos na fabricación de aeroxeradores e prevese a creación de máis de 8.000 postos de traballo. Para nós, o único desenvolvemento da eólica mariña posible é aquel que garanta a compatibilidade coa actividade de pesca e a preservación do ecosistema. Por iso, cremos que a proposta dos POEM realizada polo Goberno central é claramente mellorable, tamén lamentamos que o Goberno central non atendese a maioría das alegacións presentadas pola Xunta, é unha mágoa, porque coa súa postura están xerando algunhas inseguridades e incertezas, e xeran estas inseguridades a miles de traballadores que viven do mar, pero tamén ás empresas e promotores que queren apostar por esta enerxía en Galicia.

A Xunta de Galicia non está nisto coas mans cruzadas, así, tense creado o Observatorio de Eólica Mariña, a creación, xunto con Asturias e Cantabria, do superclúster Atlantic Wind ou co futuro polo de innovación de enerxías mariñas e de almacenamento na comarca Ferrolterra. Así mesmo, tamén estamos traballando desde o Parlamento de Galicia na futura lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, que agora inicia a súa tramitación, tras a aprobación no Consello da Xunta o pasado 23 de marzo. Vai ser un eixo fundamental da nosa maneira de aproveitar o enorme potencial que ten Galicia para estar no centro da transición enerxética que vai vivir Europa para acadar a neutralidade climática en 2050 aproveitando dun xeito sostible os nosos recursos e ao mesmo tempo revertendo todos os beneficios na veciñanza, especialmente das zonas implicadas, cuestión á que antes facía mención tanto vostede como o señor Lema e *a posteriori* o señor Fernández.

Eu simplemente lle quero dicir ao BNG que soprar e sorber ao mesmo tempo é complicado, tampouco se pode estar na misa e repicando, facendo mención ao refraneiro popular, e é moi complicado poñerse pola mañá un grupo de xente a camiseta de "Alcoa non se pecha", e ese mesmo grupo de xente, en moitos casos os mesmos, pola tarde ir a manifestarse a un lado próximo dicindo “eólicos non”. É complicado, é complicado darlle a razón sempre a todo o mundo segundo os intereses e os réditos electorais que se procuran en cada momento. E ese, realmente, é un dos seus principais problemas, a falta de credibilidade porque cando un di unha cousa agora e a contraria dentro de dúas horas noutro sitio, a xente empeza a desconfiar dun. Nós imos votar en contra desta moción por isto.



Máis nada, moita grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, Sr. Lema, dixeches algo que imaxino que non serías consciente; é dicir, que incidencia tivo na industria galega a térmica das Pontes? Non é por nada, nas Pontes hai mil empresas e máis de 4.000 postos de traballo industriais, nun concello de 9.000 habitantes. Non sei se alguén pensa aquí que se a térmica das Pontes non estivera alí un concello que, ademais, non estaba ben comunicado na súa época, podería xerar ese volume de empresas, teño bastantes dúbidas, polo tanto, si houbo unha relación directa coa industria. Ademais de que había industrias que tiñan un gran consumo enerxético na comarca de Ferrolterra que se abastecían tamén con esa térmica, véxase, xa non falo dos estaleiros, senón da propia Megasa e algunha outra que poida haber por alí. Por tanto, aí temos que ser un pouco máis rigorosos.

É verdade que falamos de diferenza xeográfica, da rede xeográfica da costa galega con algunhas que nomeamos. É verdade, a costa portuguesa tampouco se parece á galega. A plataforma nalgunhas zonas si, pero a costa non, entre outras cousas porque Portugal non ten rías nas que tamén hai uns caladoiros de pesca bastante importantes, sobre todo criadeiros, pola protección que supoñen as rías para moitos deles.

Pero, en todo caso, chamaba a atención, Sra. Muíño, que dicías “non deberíamos de ter que escoller entre un modelo e outro”; é verdade, eu opino o mesmo. O problema é que o Bloque Nacionalista con esta moción xa escolleu entre un modelo e outro, porque a moción non só di –como dicías inicialmente– que se retire este plan, que ata aí o podemos entender, que se retire este plan porque este plan é malo, por todos os argumentos que deches, que despois algúns deles os rebaterei, pero é que o segundo punto di “Instar o Goberno de España a preservar a costa galega para o sector pesqueiro e para os milleiros de persoas que viven do mar”. Preservar a costa galega para o sector pesqueiro... suponse que en principio non vai haber enerxía eólica na costa galega porque, se todos os argumentos que fuches dando de influencia negativa sobre a pesca, dá igual onde estea, non vai poder estar. Polo tanto, de forma indirecta xa se está a optar por unha das dúas.

E falamos do caso de Portugal, é verdade. Isto é como cando estamos no fútbol, todos atopamos argumentos para defender o noso equipo, e isto é igual; poñemos sempre como exemplo o caso de Portugal e dun caladoiro concreto, a pesar de que hai informes que din de todo. Pero, non obstante, cando hai outras zonas onde non hai afección, esas non valen, esas non nos serven como argumento, escollemos a que nos favorece máis, que é lóxico, loxicamente, cando un está debatendo e defendendo unha postura, pois intenta ter argumentos para iso, pero, home, iso está ben se os de en fronte non coñecen cal é a realidade noutras zonas, e noutras zonas non hai esa afección. Por iso, nós o que estamos a dicir non é eólica por enriba da pesca, nin moitísimo menos, o que estamos a dicir é: esperemos a que os informes de impacto medioambiental digan o que teñan que dicir. E non me vale o argumento, como dicías, María, de que o Estado xa tiña que ter feito eses informes, porque iso é o mesmo que dicirlle ao Concello de San Sadurniño que xa ten que ter todos os informes sectoriais de todas as parcelas do concello que son edificables, e iso é bastante absurdo. Non, o normal é que, cando hai unha petición para construír unha vivenda, se soliciten eses informes e, en base a se son favorables ou desfavorables, se autorice ou desautorice esa licenza. Ben, pois nos parques eólicos teremos que aplicar o mesmo principio xurídico, que é: mire, cando vostede faga a solicitude de autorización, pediranse eses informes sectoriais, entre eles o de impacto medioambiental e, se é desfavorable, vostede non se vai poder implantar. Claro que se... non sei se é o caso, entendo que non, pero, se tampouco nos imos fiar *a priori* do que poida ter como resultado ese informe de impacto medioambiental, loxicamente, claro, o argumento ten que ser ese. Pero, desde o punto de vista rigoroso e,



como digo, de certa coherencia xurídica, non ten moito sentido.

Polo tanto, nós, sigo mantendo o mesmo: a pesca por enriba de todo, se afecta á pesca non, pero vexamos con datos que sexan constatables, con informes serios e científicos, se afecta ou non afecta, pero non fagamos apriorismos.

E despois, efectivamente, este plan é un mal plan porque non se atenden as alegacións? Ben, pois non é verdade. Na última reunión que houbo entre o Goberno do Estado e a Autonomía só houbo unhas das alegacións presentadas que non se tivo en conta, que é a da Plataforma Experimental en Punta Langosteira, as demais, presentadas pola Xunta de Galicia, si foron aceptadas. Polo tanto, tampouco me vale a postura do Partido Popular de en misa e repicando. Uns sopran e outros sorben, pero hai outros que si, pero non. Si, pero a culpa é do Estado. Non, pero a culpa é do Estado. Si, porque... A ver, en que quedamos? unha cousa ou a outra, non? Falando de pesca, hai quen está intentando pescar en todos os caladoiros. Isto tamén é bastante complicado porque, entre outras cousas, fan falta moitos barcos e iso, ás veces, non é tan sinxelo.

Polo tanto, dito o cal, fago novamente un chamamento independentemente xa do debate que tivemos, á responsabilidade de todos e todas con temas que son capitais para o futuro desta terra, e non podemos tomar decisións baseadas en apriorismos. Non me vale o que pase en Portugal, como tampouco me vale o que pase en Escocia, nin para ben nin para mal. O que me vale é o que digan os informes que se fagan na costa galega sobre a costa galega e os caladoiros de pesca galegos. No momento en que os teña, estaremos a favor ou en contra dependendo do que diga ese informe, tendo como premisa principal que a pesca vai por riba de todo. Agora, dicir que non porque non sei onde, que non é aquí, afecta; ou dicir que si, porque non sei onde, que non é aquí, tamén, non afecta, pois paréceme pouco serio, sobre todo cando estamos a falar dunha cuestión tan importante, como digo, para o futuro deste país.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Simplemente un par de pequenos apuntes.

Lendo a moción do BNG nun tema tan relevante como este, onde o BNG fai afirmacións tan contundentes, como a de que, “de consumarse a construción dalgún parque eólico mariño, suporía a perda de miles de postos no sector pesqueiro, un sector chave na nosa economía e converteríase nun dos maiores ataques históricos á pesca e aos ecosistemas mariños”, eu teño que dicir que quen representa os pescadores galegos, que son as súas confrarías principalmente, as asociacións de armadores, non afirman isto. O que fan é, con prudencia –como dicía Evaristo Ben– pedir unha coexistencia razoable e que se lles garante con certezas científicas que o desenvolvemento eólico non vai atentar contra o seu medio de vida.

Eu, sinceramente, se o BNG puxera tanta énfase en construír en vez de en destruír, pois moito tempo se tería aforrado este país en loitas que non vou remitirme no pasado. Pero quedo cunha frase que di a moción que di: “Galicia era daquela a primeira potencia pesqueira da Unión Europea, hoxe é Dinamarca”. Eu, María, sinto que teñas que facer este papel, pero entras na páxina web da Asociación de Pescadores de Dinamarca e a primeira cousa que vas ver cando fala de eólica mariña é que están a favor da eólica mariña, que teñen un acordo co Goberno e que o único que lle piden é poder pescar por riba do cableado e que agora mesmo a normativa non llo permite, non llo permite. Polo tanto, se segue sendo potencia pesqueira ou non, o que pon aquí a moción é que é a primeira potencia pesqueira de Europa, ben, pois ten 3.000 megavatios instalados no mar hoxe. Estas contradicións, eu o que diría é que non se trasladaran despois ao día a día, é dicir, é que esta mesma semana no Parlamento de Galicia o BNG



leva unha moción para que non se peche Ganomagoga, no Porriño. Pero Ganomagoga, sabes que fabrica? Pódolo intuír pola miña pregunta, verdade? Pezas eólicas. É que hai pouco, viamos a CIG en Viveiro e o BNG pedindo que non se pechara Vestas. Sabes que fabrica Vestas? non fabrica conservas, fabrica pezas eólicas. E que viamos o BNG e a CIG pedindo que non se pechara Gamesa, hai pouquiño tempo. Sabes que fabrica Gamesa? non fabrica cableado, fabrica pezas eólicas. Pero é que viamos o conselleiro de Industria do BNG, que sacou a concurso 2.300 megavatios eólicos, imos deixalo moi claro enriba da mesa, 2.300 megavatios eólicos, adxudicou a empresas galegas e de fóra de Galicia que se ían instalar nos montes que tiñan informes de Patrimonio, informes de Medio Ambiente, informes de Medio Rural, informes de impactos de todo tipo, e autorizáronse os parques, o mesmo BNG. Pero é que ese conselleiro promoveu en Fene a construción dunha fábrica no estaleiro de Fene de fustes eólicos mariños de formigón.

Entón, creo que o primeiro que hai que facer –e aí estamos de acordo todos– é preservar a pesca por riba de calquera outra función, por suposto. Pero con ciencia, con ciencia e con conciencia, non con aventuras que ao final se converten nunha estrada que se chama A-P9 que non foi ningunha navallada na terra, senón que hoxe se está pedindo a transferencia da titularidade ao país, pasamos de negala a pedir a súa xestión. Eu creo que hai que ser consecuentes, hai que ser razoables, non negar nada *per se*, se hai parques eólicos mariños en Dinamarca a primeira potencia de pesca, segundo o BNG, de toda a Europa, ao mellor en Galicia como mínimo, temos que comprobar se se poden instalar ou non, e non só coller os datos que interesan para defender unha postura, para o meu punto de vista, absolutamente cargada de populismo que ao final non leva a ningún camiño. O que hai que facer é ser garantista, creo que vai no bo camiño todo aquel que pretenda preservar a pesca, van no bo camiño as asociacións que son as que representan os pescadores, as confrarías, non ningún avogado, nin ningún *prima donna* mediática; as confrarías de pescadores e as asociacións son os que a nós nos deben de valer como criterio dun sector, non unha *prima donna* nun momento determinado.

Polo tanto, eu agradezo enormemente a estas confrarías e asociacións que sexan o suficientemente prudentes e responsables para dicir “non queremos que se prexudique a pesca, non estamos en contra da eólica mariña, o que queremos son garantías e certezas”. E o que hai que facer é construír en positivo. Hai máis de cinco ou seis anos para facer isto e empezar a falar doutras cousas máis importantes, que é a participación pública nesa enerxía. En Dinamarca, os 3.000 megavatios eólicos son públicos, integramente públicos, Sr. Lema, integramente públicos. Pois iso é do que hai que falar.

Hoxe ou esta semana saía o presidente da Xunta de Galicia nesa liña; ben, pois diso é do que hai que falar, sentar a falar, e de cales son os beneficios que poden reportar ás confrarías, os beneficios que poden reportar aos pescadores e os beneficios que poden reportar ao país. Iso é do que hai que falar primeiramente e en paralelo esclarecer, como dicía ben Bernardo Piñeiro, proxecto a proxecto, os impactos que ten un proxecto; e aquel que supoña algunha dúbida científica, a primeira dúbida científica que poida atacar un caladoiro, non autorizalo. E punto.

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 3 deputados/as (BNG)

Votan en contra: 24 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 3 deputados/as (1 de Marea Atlántica e 2 (1 do PP e 1 do PSOE) en virtude do art. 74.1 do Regulamento Orgánico).



Sr. Presidente

Unha segunda moción, presentada por Marea Atlántica, relativa á defensa dos traballadores e traballadoras da Corporación da Radio Televisión de Galicia.

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa dos traballadores e traballadoras da CRTVG

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2020 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia condenou a CRTVG por ter sancionado un traballador, Carlos Jiménez, que se mobilizara nos chamados Venres Negros, iniciados no 2018 en protesta pola manipulación sistemática na radio e televisión pública galega. Un fallo que a voceira da sección sindical da CUT na CRTVG, Raquel Lema, consideraba “absolutamente reparador”, ao estimar a xustiza aquilo que esta central sindical levaba anos denunciando: “Que non existe liberdade de expresión e que existen represalias por esixir imparcialidade informativa e pluralidade.” E engadía: “Se un xulgado vén de condenar á CRTVG por un feito tan grave no ámbito xornalístico, onde a liberdade de expresión é unha ferramenta de traballo esencial, o natural é que nos próximos días se produzan ceses e se depuren responsabilidades”.

Eses ceses e esa depuración de responsabilidades nunca chegaron a producirse. Xa anteriormente, os xornalistas Ana Pérez e Alfonso Hermida dimitiran como presentadores do telexornal para non someterse ás prácticas de manipulación informativa. Á redactora e presentadora Tati Moyano tamén lle abriaran un expediente disciplinario falso, que tiveron que pechar, por reivindicar liberdade de información na CRTVG nun acto público no que estaba presente Alberto Núñez Feijóo. Son estes nomes só a cara máis visible da realidade da situación de acoso e censura que vén padecendo o persoal deste medio público e os usuarios da televisión e a radio galegas desde hai lustros, tal e como denuncia a súa representación sindical así como o Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades, quen levaba contabilizados no 2022 máis dun cento de fallos xudiciais contrarios ao ente público por cuestións de índole laboral que lle custaron á CRTVG, só durante o mandato de Sánchez Izquierdo, máis de medio millón de euros.

Nas últimas semanas, este conflito agravouse polos traslados forzosos de traballadores entre os diversos medios de comunicación que ten a corporación pública, motivados pola tentativa da dirección de impedir informar sobre a maior suba do IPC en Galicia na comparativa co estatal ou polas críticas dunha redactora vítima do terrorismo a Núñez Feijóo nas súas redes sociais ás declaracións do ex-presidente da Xunta sobre este asunto. Por este motivo, os traballadores e traballadoras da CRTVG víronse obrigadas en datas recentes a avanzar na defensa da dignidade do seu traballo e dos seus dereitos laborais e fundamentais convocando unha folga o día 6 de marzo que tivo un gran seguimento por parte da plantilla, así como novas xornadas de paros totais os días 24 e 25 de marzo.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Manifestar o apoio aos traballadores e traballadoras da CRTVG que se mobilizaron en defensa dos seus dereitos laborais e fundamentais e en denuncia da persecución ideolóxica e da falta de imparcialidade informativa e de pluralidade



no ente público galego.

2. Instar á Xunta de Galicia a tomar cantas medidas sexan precisas para garantir o respecto aos dereitos laborais da plantilla da CRTVG, así como ao dereito á pluralidade e imparcialidade informativa.
3. Dar traslado deste acordo ao Comité Intercentros de Empresa da CRTVG, ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia.

Sr. Lema Suárez

Un pouco por facer así unha pequena introdución, efectivamente, trouxemos unha moción moi semellante a esta xa no pasado. Xustifícase que a traíamos de novo porque hai acontecementos recentes que penso que expoñen a gravidade da situación. Pero, a nivel de síntomas daquilo que se expresa nesta moción, dicir que onte na Coruña se celebrou unha gala moi relevante, a gala do teatro galego, a entrega dos premios María Casares onde, por certo, sempre adoita haber representantes do Partido no Goberno, do Partido Popular, sentados alí a ver o que é –penso– como unha exhibición de talento da xente do teatro de Galicia. Esta gala, que é única, non se transmite pola TVG, nin en directo nin en diferido. Entón –dígoo como síntoma do que despois imos expoñer nesta moción–, que é o que acontece que fai que a gala de María Casares non sexa conveniente transmitila pola canle pública? o teatro, non falamos dunha arte menor, falamos nada menos que do teatro. Ben, pois que a xente do teatro é posible que emita comentarios, opinións, puntos de vista que non concordan con sabe deus que liña política do Goberno. Non vou facer aquí referencia a ningún comentario que se teña feito nesta gala, pero estamos ante un Goberno que leva a censura ata este punto, ata o punto de non transmitir a única gala, a Gala Nacional de Galicia, do teatro galego, que é María Casares, que se celebra na Coruña desde hai 20 anos. Este é o nivel de síntoma do que imos expoñer, e aconteceu onte, por certo, e foi, como sempre, unha exhibición de talento.

(Abandona o salón o Sr. Alfonsín Somozas).

Creo que é conveniente que nesta sala de plenos se escoiten os nomes daquelas persoas que están denunciando o que acontece agora mesmo na televisión e na radio pública de Galicia: Raquel Lema, Ana Pérez, Alfonso Hermida, Tati Moyano ou Carlos Jiménez. Esta é a xente que vén de convocar unha folga a semana pasada, que, entre outras consecuencias, tivo que, penso que por primeira vez en moito tempo, tivera que suspenderse a retransmisión do *Luar*, non estou eu en absoluto en contra da emisión deste programa, pero si a favor do que denuncian estes traballadores. Que é o que denuncian? Denuncian unhas cuestións de índole salarial, de índole de categoría profesional, de estabilidade..., cuestións que quedan dentro dun conflito laboral máis, non, non, denuncian algo moito máis grave que iso. Denuncian a manipulación, a censura sistemática que se lles impón por parte dos seus mandos, nomeadamente Sánchez Izquierdo, que creo que tamén é alguén que se debe escoitar o seu nome nesta sala, sistematicamente.

Sistematicamente prohíbense a emisión de contidos desfavorables ás liñas, ás políticas, aos balances políticos da actuación da Xunta de Galicia. Cales son as consecuencias que ten despois isto? A apertura de expedientes ou o traslado entre as diferentes seccións da CRTVG. Profesionais que veñen desempeñando o seu labor nunha determinada sección, por emitir algún contido inconveniente nas súas redes



sociais, son cambiados da súa área. Isto é o que acontece, estamos falando da vulneración de dereitos fundamentais, estamos falando de manipulación e censura.

Este é un tema vello, eu creo que deixou de ser noticia aquilo que debiera ser un motivo constante de alarma e de escándalo para nós, que é o feito de que un ente público, unha empresa pública de comunicación, sirva unicamente aos intereses do Partido Popular de Galicia, isto é algo escandaloso. E teñen que ser uns traballadores os que de xeito heroico afronten as consecuencias posibles de revelarse ante esta situación. Son os que antes citei, persoalmente coñezo algúns deles, e sei que é unha batalla longa e dura que veñen dando desde hai moito tempo, os Venres Negros, creo que este país ten unha débeda con eles.

A parte resolutiva da moción, por darlle lectura, expresa os seguintes acordos:

Manifestar o apoio aos traballadores e traballadoras da CRTVG que se mobilizaron en defensa dos seus dereitos laborais e fundamentais e en denuncia da persecución ideolóxica, da falta de imparcialidade informativa e de pluralidade no ente público galego.

Instar a Xunta de Galicia a tomar cantas medidas sexan precisas para garantir o respecto aos dereitos laborais do cadro de persoal da CRTVG, así como o dereito á pluralidade e á imparcialidade informativa.

Por último, dar traslado deste acordo ao Comité Intercentros da empresa da CRTVG, ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia.

Sra. Muíño Filgueira

Nós pola nosa parte, ademais de expresar o noso apoio e solidariedade coas xustas demandas das persoas traballadoras da CRTVG, expresamos que coincidimos co contido e coas demandas da moción e que imos expresar o noso voto favorable.

Sr. Ben Otero

Bo día de novo.

Nós imos votar en contra desta moción, e votar en contra porque, respecto aos puntos que se abordan na nela, primeiro: “Manifestar o apoio aos traballadores e traballadoras da CRTVG que se mobilizaron en defensa dos seus dereitos laborais e fundamentais en denuncia da persecución ideolóxica e de falta de imparcialidade informativa”, isto non é que o digamos nós, e que a Valedora do Pobo nun informe que ten emitido, ten desmentido de forma radical esta cuestión. Penso que a Valedora do Pobo non será tamén unha persoa manipulada polo Partido Popular de Galicia, que di o que o PPdG lle pide, entendo que non estará dicindo vostedes iso, non? Entón, entre o que presenta un sindicato, o que presenta vostede, e o que di a Valedora do Pobo, eu voume quedar co que di a Valedora do Pobo respecto a este primeiro punto. Non dicía a Valedora do Pobo o mesmo noutras épocas pasadas.

Despois da intervención do señor Fernández, ao mellor temos que facer mención a isto. De momento, ímolo deixar para a segunda quenda.

Desde logo, á parte disto, o aval que ten a TVG é a audiencia diaria que ten en Galicia, é a canle máis vista, pola que apostan a maioría dos galegos, en consecuencia, algo estarán facendo ben, entendo eu.

E o que respecta aos dereitos laborais e á persecución ideolóxica, hai que dicir o seguinte: “Segundo establece a Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación da Radio Televisión de Galicia ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, goza de



autonomía na súa xestión e actúa con independencia funcional respecto ao Goberno da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, o director xeral exerce as súas funcións con absoluta independencia, sen que poida recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación imperativa do Goberno da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus partidos políticos, nin doutras institucións ou entidades”.

(Regresa ao Salón o Sr. Castrillón Permuy)

É ao director xeral a quen lle corresponde organizar o funcionamento dos medios e, polo tanto, o que decide sobre a organización dos recursos humanos para o mellor cumprimento dos fins de servizo público da Compañía de Radio Televisión de Galicia. Dende a chegada do actual director xeral a CRTVG, vén desenvolvendo unha política de recursos humanos baseada en garantir, baixo criterio de seguridade xurídica, un marco de relacións laborais estable, de calidade e axeitamento retribuído. Boa parte diso é que se ten reducido de xeito drástico a temporalidade: no ano 2008, case o 50% era persoal temporal, destacando 200 contratos por obra e servizo e 100 interinidades de curta duración. No ano 2012, desenvolveuse un proceso selectivo extraordinario de consolidación de emprego para 193 prazas; púñase fin a 18 anos de ausencia de procesos de consolidación. No ano 2019, o 31% do persoal tiña xa consideración de indefinido ou fixo, reducíndose especialmente os contratos de obra, que quedarán en tan só 17, e a finais do ano de 2022 publicáronse xa as bases para un proceso de consolidación do emprego para 270 prazas co obxecto de dar fixeza á práctica totalidade do cadro de persoal. A Dirección Xeral tiña a intención de acometer de inmediato esta estabilización, pero dous sindicatos da CRTVG presentaron recursos para a paralización do proceso. Esta é a preocupación maioritaria, entendemos nós, do persoal da Compañía de Radiotelevisión de Galicia, que 270 traballadores están afectados por esta paralización do proceso de consolidación que foi presentada, non pola Dirección, senón por dous sindicatos.

Nós entendemos que isto é unha moción de parte, que os acordos a que se fai mención son interesados. Estes si son partidistas, son contra alguén, e non é precisamente o que está a facer a TVG . Nós irmos votar en contra.

Máis nada e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, sinceramente, pensei que a intervención do responsable do Partido Popular se reduciría a “nós imos votar que non”, porque o papel é moi complicado de defender, eh? Home, eu non sei que *Telexornal* ve a Valedora do Pobo, eu sei o que vexo eu, e negar a estas alturas que non hai manipulación informativa na TVG, home, é como negar que auga molla case, fíxese que absurdo o que estou a dicir, eh? E, home, que falemos de épocas pasadas, pero se o Partido Popular leva na súa xenética política a manipulación informativa; todos nos acordamos do señor Urdazi, outra *xoia* da comunicación do Partido Popular. Na TVG, onde levan anos manifestándose, onde dimiten e renuncian ao seu cargo os presentadores dos telexornais denunciando que hai manipulación informativa, vir agora negalo, sinceramente, pero se ata os propios votantes do Partido Popular o recoñecen. Coñezo moitos que o recoñecen, aínda así votan ao Partido Popular, non pasa nada. Negalo a estas alturas é tan absurdo que non sei, se non fora pola gravidade do asunto e polas consecuencias que iso ten para moitos e moitas traballadoras e polo que ten de antidemocrático a utilización dunha televisión pública que pagamos todos e todas en beneficio dun partido, sería case para botarse a rir.

E non me vale o argumento de que a TVG ten moita audiencia; home, non sei en



Luar se manipulan, pero creo que información non dan ningunha. A TVG ten audiencia porque hai moitos programas que teñen audiencia de entretemento para as familias, para calquera televidente, pero estamos a falar da manipulación informativa. Que é verdade que ten moita audiencia? Si, pero iso non lle quita que estea manipulada. De feito, precisamente, como ten moita audiencia, por iso vostedes a manipulan, porque é un instrumento máis ao servizo do seu partido, iso é así, e iso sábeo calquera, e negalo a estas alturas, ou facerse agora aquí, pois non sei, o ofendido está ben como parte teatral do asunto pero, a ver, todos aquí non chupamos o dedo e xa nos imos coñecendo.

Entón, home, é curioso que se fale iso... Eu recordo, sen ir máis lonxe, hai 20 días, hai 20 días, non, hai 10 días aproximadamente, cando se presentan aquí, se anuncian as axudas ao sector do cerco do xurelo, as primeiras na Comunidade Autónoma de Galicia, había unha cámara da TVG, que casualidade que non sae nada en ningún dos telexornais da televisión de Galicia, nin ao mediodía, nin á noite, nin ao día seguinte. Agora si, sae que matou unha vaca un boi en Boimorto, que seguramente para aqueles pescadores do xurelo que están afectados por un paro biolóxico teña unha importancia e unha relevancia informativa espectacular, e seguramente para o conxunto dos galegos tamén que se verían moi afectados pola morte dese boi. Pois ese é un exemplo de como funciona a TVG, pero é que o pode dicir este voceiro, pero na propia moción dan exemplos e temos exemplos sobrados de todos os medios de comunicación de España. Sen ir máis lonxe, este mesmo mes 18 sentenzas en contra. Home, non sei o que di a Valedora do Pobo, sei o que din os xuíces, que ata agora me fío máis que da Valedora do Pobo, que, claro, vostede aproveita unha parte do informe que di unha cousa moi concreta, pero hai 18 sentenzas neste mes, nada máis, contrarias á Dirección da TVG, polas represalias que toma contra os traballadores, pola manipulación informativa, etc, etc.

Non sei, se é que a xente ten moito vicio de manifestarse na CRTVG e, polo tanto, dálles por aí. Ou non sei para alguén que é un profesional dos medios de comunicación, que o lóxico e ao que aspiraría é a estar en calquera tipo de programa de máxima audiencia como pode ser un *Telexornal*, que ten moito vicio e decide non volver a presentalo e renunciar denunciando manipulación informativa. Que é?, porque lle ten manía a alguén? É que a verdade, a situación é tan rocambolesca e tan surrealista que case non atopo nin argumentos máis alá dos que acabo de expoñer, porque o vemos todos os días, todos os días do ano. Vímolos cos incendios, vímolos cando sobe o IPC, ese IPC do que tanto fala o Sr. Feijóo do incremento da cesta da compra; cando sobe máis en Galicia que no resto do Estado, non se fala diso na TVG, que casualidade, non é importante. O resto de ano abrimos o *Telexornal* con esa noticia. Pero o día co diferencial máis alto en Galicia non, non vaia ser que alguén pense que a culpa é do Goberno galego, que o Goberno galego sabemos que nunca ten culpa de nada, nin do que é da súa competencia nin do que non o é. É un goberno etéreo que está por aí, que nunca se equivoca, nunca comete erros, todo é culpa do Estado, se no Estado está gobernando outro partido que non é o PP, se está o PP tampouco é culpa do Estado, é culpa, pois, non sei, de Zapatero que estivo hai ano no Estado, de Felipe González, ou do famoso bipartito do que falan sempre, de miles e miles de cuestións que todos sabemos que están pensadas para non asumir ningún tipo de responsabilidade.

Cando o diferencial en destrución da industria é máis alto en Galicia que no resto do Estado, e falamos de destrución industrial, non se fala diso no *Telexornal*. Cando sobe o paro e sobe máis en Galicia que no resto do Estado, non se fala dese dato no *Telexornal*. Cando se xera máis emprego no conxunto do Estado que en Galicia, tampouco se fala dese dato no *Telexornal*. Cando os partidos políticos da oposición en Galicia denuncian determinadas cuestións, tampouco sae no *Telexornal* ou sae con tres segundos, que a pouco que pestanexe un e rasque unha orella xa non se decata. Entón, a ver, hai que ser un pouco máis serios. Por iso pensei, a vostede como o coñezo e sabe



que o respecto e o valoro, que tendo en conta o papelón tan difícil diría “nós imos votar que non” e a outra cosa mariposa. Pero, non, vexo que segue incidindo, o cal teranllo moi en conta no partido e agradecidos ademais estarán da súa defensa radical de algo que ninguén en Galicia, nin os propios votantes do Partido Popular, negan a estas alturas.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Espero ao final, como falo tan pouquiño, para non estender moito o tinglado.

Eu estou totalmente de acordo con esta moción porque levo vivindo no Concello de Oleiros vendo a Televisión de Galicia moitos anos.

Hai unha censura total, dáse unha noticia en Oleiros importante desde o Goberno, en parques ou non sei que, en calquera tema que lles parece importante, chaman ao Concello e di “No, no, no, tiene que hablar un operario de servicios”. Nunca pode falar o alcalde para falar dun problema xerado polo Goberno, positivo para a comunidade, non pode falar o alcalde. Por isto nunca me verían na televisión de Galicia en todos estes anos que levo máis que ninguén nun concello, nunca me verían para falar ben de min. Se hai algo negativo, sácano 50 veces, a miña cara, non sei que, voz en *off*, etcétera; é unha mafia, digo es una mafia, a dirección da televisión....ía falar doutro que ao mellor non ía mal tampouco, a Dirección da Televisión de Galicia, é tremendo. Por tanto, como non vou estar de acordo en apoiar eses traballadores que están denunciando que lles prohiben dar noticias que están aí e que lle interesa saber ao pobo, non? Eu non teño nada contra a programación.

Eu teño oído falar moitas veces “non, é que Gayoso é”, pois Gayoso é o programa que máis audiencia ten. Ben, pois, se ten audiencia, viva Gayoso. Eu non estou falando de Gayoso nin de calquera outra programación que poida ter. Agora, cando toca política é un escándalo, é unha censura total, é unha censura total. Isto nin os da Cruzada española alá en Belén, nin iso, os templarios quedan curtos co que fai a Dirección da Televisión de Galicia cos concellos que non son da súa corda, é un verdadeiro escándalo.

Por tanto, como non vou estar de acordo cos traballadores que levan dando a cara aí, que sofren represalias, que os están esmagando continuamente. Tiñamos que saír, ao mellor non teñamos que falar aquí, ao mellor os que estamos en desacordo con esa política tiñamos que saír á rúa con eles. Os políticos ao mellor tiñamos que saír á rúa con eses traballadores polos que están defendendo a dignidade da información, e ese é o tema. Polo tanto, eu vou votar a favor desta moción.

Sr. Lema Suárez

Si, comparto completamente o que dixo o compañeiro Bernardo Fernández do Partido Socialista. Só debo dicir que unha vaca mate un boi en Boimorto si me parece unha noticia digna da Televisión de Galicia, digna de saír no *Telexornal*.

Dicía o señor do Partido Popular, o señor Evaristo Ben, o informe da Valedora do Pobo. Á Valedora do Pobo hai que facerlle caso ás súas indicacións, ás súas amoestacións, pero é que hai sentenzas firmes, unha da semana pasada do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que di que teñen que readmitir un profesional, Carlos Jiménez, que foi ao que se lle abriu un expediente por razóns ideolóxicas, punto. Eu creo que xa estamos en palabras maiores, en palabras onde xa falan os tribunais denunciando os xuíces aquilo que veñen denunciando os traballadores.

Eu vexo o *Telexornal* da TVG, porque confeso que é un país no que me gustaría vivir, ese país idílico onde, como moito hai un xabaril que cruza Oleiros ao mellor, ou A Coruña, ou un lobo, ou unhas candorcas, quero dicir, paréceme un país marabilloso. O



certo é que non é o país que existe, non é o país, non expresa para nada imparcialmente o que acontece neste país, nin a pluralidade ideolóxica deste, nin política, é unha ferramenta ao servizo unicamente do Partido Popular.

Nada máis e grazas.

Sr. Ben Otero

Brevemente. Sr. Bernardo, una gran intervención que, como es de costumbre y hace bien en acogerse a su derecho, triplicará la de cualquier otro, yo voy a dar simplemente un par de argumentos. En la Televisión de Galicia el director de la Corporación lleva tiempo siendo el mismo, no se han ido dos después de dos nombramientos de forma irregular en el Consejo de Radio Televisión de España, y así han sido reconocidos.

Para pluralidad y para objetividad tenemos el CIS de Tezanos, que ya es una cosa que suena a cachondeo y a chufia. Eso es la objetividad de una institución del Estado, que en teoría está al servicio de los ciudadanos y no para servicios de mayor éxito de su presidente de Gobierno. Y, hombre, ya lo que es el colmo es la imparcialidad de Radio Oleiros, de Radio Libertad, en la que solo figura el líder único, el gran líder, y los demás ni aparecen ni pueden aparecer. Y luego hacemos mención al Somos Oleiros en los pasquines, ya confundimos el Gobierno con el partido, utilizamos la misma marca en la propia página web que en los pasquines de publicidad del partido. Eso pasa cuando ya lleva mucho tiempo y al final confunde lo que es el Gobierno, el partido y las instituciones.

Pero bueno, repito, esto es... Llama un poco la atención que hablen ustedes de esto, señores del Partido Socialista. Yo podría hacer mención aquí a las condenas de la Junta Electoral en la época del bipartito, a la reprobación de la Valedora do Pobo, etc. Pero no voy a hacer nada más porque yo creo firmemente en la inteligencia de los ciudadanos de Galicia, en la elección de sus medios y, por cierto, salen ustedes muchísimo más de lo que sale cualquier iniciativa de este grupo en la página web de la Diputación que nunca ha sido reflejada en ninguna.

Nada más y muchas gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: 1 deputado (PP - en virtude do art. 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa dos traballadores e traballadoras da CRTVG

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2020 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia condenou a CRTVG por ter sancionado un traballador, Carlos Jiménez, que se mobilizara nos chamados Venres Negros, iniciados no 2018 en protesta pola manipulación sistemática na radio e televisión pública galega. Un fallo que a voceira da sección sindical da CUT na CRTVG,



Raquel Lema, consideraba “absolutamente reparador”, ao estimar a xustiza aquilo que esta central sindical levaba anos denunciando: “Que non existe liberdade de expresión e que existen represalias por esixir imparcialidade informativa e pluralidade.” E engadía: “Se un xulgado vén de condenar á CRTVG por un feito tan grave no ámbito xornalístico, onde a liberdade de expresión é unha ferramenta de traballo esencial, o natural é que nos próximos días se produzan ceses e se depuren responsabilidades”.

Eses ceses e esa depuración de responsabilidades nunca chegaron a producirse. Xa anteriormente, os xornalistas Ana Pérez e Alfonso Hermida dimitiran como presentadores do telexornal para non someterse ás prácticas de manipulación informativa. Á redactora e presentadora Tati Moyano tamén lle abriaran un expediente disciplinario falso, que tiveron que pechar, por reivindicar liberdade de información na CRTVG nun acto público no que estaba presente Alberto Núñez Feijóo. Son estes nomes só a cara máis visible da realidade da situación de acoso e censura que vén padecendo o persoal deste medio público e os usuarios da televisión e a radio galegas desde hai lustros, tal e como denuncia a súa representación sindical así como o Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades, quen levaba contabilizados no 2022 máis dun cento de fallos xudiciais contrarios ao ente público por cuestións de índole laboral que lle custaron á CRTVG, só durante o mandato de Sánchez Izquierdo, máis de medio millón de euros.

Nas últimas semanas, este conflito agravouse polos traslados forzosos de traballadores entre os diversos medios de comunicación que ten a corporación pública, motivados pola tentativa da dirección de impedir informar sobre a maior suba do IPC en Galicia na comparativa co estatal ou polas críticas dunha redactora vítima do terrorismo a Núñez Feijóo nas súas redes sociais ás declaracións do ex-presidente da Xunta sobre este asunto. Por este motivo, os traballadores e traballadoras da CRTVG víronse obrigadas en datas recentes a avanzar na defensa da dignidade do seu traballo e dos seus dereitos laborais e fundamentais convocando unha folga o día 6 de marzo que tivo un gran seguimento por parte da plantilla, así como novas xornadas de paros totais os días 24 e 25 de marzo.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Manifestar o apoio aos traballadores e traballadoras da CRTVG que se mobilizaron en defensa dos seus dereitos laborais e fundamentais e en denuncia da persecución ideolóxica e da falta de imparcialidade informativa e de pluralidade no ente público galego.
2. Instar á Xunta de Galicia a tomar cantas medidas sexan precisas para garantir o respecto aos dereitos laborais da plantilla da CRTVG, así como ao dereito á pluralidade e imparcialidade informativa.
3. Dar traslado deste acordo ao Comité Intercentros de Empresa da CRTVG, ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia."

Sr. Presidente

Seguente moción, do BNG e do Partido Socialista de Galicia, relativa á reclamación da finalización das obras de construción da autovía da Costa da Morte.



3.Moción dos grupos provinciais do PSdeG e do BNG en reclamación da finalización das obras de construción da autovía da Costa da Morte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autovía da Costa da Morte foi unha das promesas que o daquela presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, fixo a unha das comarcas máis illadas de Galicia, tras o afundimento do petroliero Prestige a finais de 2002, é dicir, hai agora vinte anos, sendo o reequilibrio territorial o motivo principal da súa construción.

A dita infraestrutura foi licitada por primeira vez en xullo de 2007 polo Goberno bipartito encabezado polo presidente Emilio Pérez Touriño, e adxudicouse a unha UTE formada por Ferrovial e Taboada y Ramos, que se comprometeu a facela por 584 millóns de euros, pero que, pouco despois de iniciar os traballos a finais de 2008, xa lle dicía ao Goberno galego que non sería capaz de finalizala se non se lle pagaba un 30 % máis.

Coa chegada do PP á Xunta de Galicia, o novo goberno rexeitou as pretensións da empresa, rescindíndolle o contrato e licitándoo novamente, lixeiramente modificado en decembro de 2009 e sendo a oferta mellor valorada a UTE formada, entre outras por FCC e Covsa, que resultou ser a máis cara, con 979 millóns de euros, é dicir, cun sobrecusto de 395 millóns de euros con respecto á licitación do bipartito.

A segunda candidata nesa segunda licitación, unha UTE de Dragados e Puentes, que ofertaba a obra por 200 millóns menos, levou o proceso ao xulgado e en setembro do mesmo ano, tres meses despois da denuncia presentada polos socialistas, a daquela directora xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Isabel Vila, deixaba o cargo e era asumido pola que máis adiante se convertería na actual conselleira, Ethel Vázquez, que volveu licitar a obra por terceira vez en maio de 2011 por 745 millóns, á que só se presentaron dúas ofertas, de ACS e a da UTE que resultou finalmente adxudicataria, formada por Copasa, Taboada y Ramos (presentes na concesionaria do bipartito), Covsa (participante na oferta do suposto sobrecusto) e CRC.

En abril de 2012 o conselleiro Agustín Hernández fixo unha visita á Costa da Morte para, segundo as súas palabras, "trasladarlle aos veciños da Costa da Morte que o Goberno da Xunta é o primeiro que apoia a execución da autovía: estivemos, estamos e estaremos á cabeza desta infraestrutura que é imprescindible e inaprazable; trasladarlle á empresa construtora e á empresa concesionaria e aos traballadores o apoio da Xunta de Galicia na execución da obra e na busca do financiamento necesario para a súa execución e manter unha rigorosa tutela e vixilancia do contrato adxudicado, como non podía ser doutro xeito".

Ao mesmo tempo que dicía o conselleiro que "quería denunciar a grave irresponsabilidade daqueles que lanzan dúbidas e incertezas sobre a actuación e que o que necesita a comarca é rigor, traballo e certezas, toca apoiar ao Goberno para que a obra remate en prazo".

En febreiro de 2013, case dous anos despois da terceira adxudicación, a Xunta informaba ao Parlamento de que o grao de execución da obra non tiña superado aínda o 20 %, ante o que o Goberno galego argumentou que a concesionaria non era capaz de atopar o financiamento ao que se tiña comprometido para poder acometer os traballos; e no canto de rescindirle o contrato, como se fixo ante unha situación similar coa primeira



adxudicataria dos socialistas, o Goberno de Feijóo optou por incluír un artigo na Lei de medidas fiscais e administrativas, a denominada Lei de acompañamento dos orzamentos autonómicos para 2015, perdoándolle á empresa a execución dos últimos 15 quilómetros da vía, entre Baio e Berdoias, quedando así a autovía recortada dos 42 quilómetros inicialmente previstos a só 27km, un 35 % menos da lonxitude do proxectado inicialmente e polo que a Xunta aforra só un 17 % do importe total previsto.

O 4 de decembro de 2013 o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, volveu a prometer que a obra estaría lista en 2016 obviando que debería estar no 2013 e reiterou que "o Goberno galego non caerá na postergación, na relegación ou no esquecemento da autovía Carballo-Berdoias" e manifestou que esperaba que "en cuestión de semanas, e co novo ano, se recupere o ritmo das obras".

Tras máis de ano e medio de paralización total das obras, en outubro de 2016 entrou en servizo o tramo Carballo-Berdoias, de 25 quilómetros de autovía e 8 quilómetros de corredor, permitindo á comarca da Costa da Morte reducir en máis de 25 minutos as súas comunicacións coa Coruña.

Na inauguración do tramo en 2016 o daquela presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo dicía: "Estamos contentos pero non significa que esteamos conformes, contentos pero aínda non conformes, polo que ao mesmo tempo que se pon en funcionamento este tramo Carballo-Zas, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Consellería de Infraestruturas, ten enriba da mesa o proxecto construtivo para conectar o final desta autovía co concello de Vimianzo e dende aí entroncar coas vías que conectan Vimianzo coa Costa da morte ata o concello de Camariñas".

A partires dese ano, vemos como ano tras ano, a Xunta de Galicia incluía nos sucesivos orzamentos da Xunta de Galicia dotacións plurianuais claramente insuficientes e de distintos importes para levar a cabo a promesa incumplida de rematar a autovía da Costa da Morte, sen que dende entón se tiver avanzado absolutamente nada.

Estamos ante dúas comarcas da nosa provincia, a de Bergantiños e a da Costa Atlántica, que ano tras ano perden poboación a un ritmo demasiado acelerado e sen que por parte da Xunta de Galicia se adopten medidas que teñan un impacto real para frear esta sangría demográfica, sen infraestruturas que vertebrén o territorio e sen unha aposta firme polos servizos públicos de calidade nestes concellos.

Polo exposto, os grupos provinciais do PSdeG e do BNG propoñen a adopción dos seguintes ACORDOS:

Instar á Xunta de Galicia:

1. A que realice todas as actuacións precisas para levar a cabo a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que vai de Baio a Berdoias.
2. A que proceda á supresión da peaxe, que é tamén unha reclamación histórica de toda a comarca.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas.

Traemos esta moción a Pleno froito dunha situación que se vén dando, concretamente na Costa da Morte, dende hai máis de 20 anos, case 21, que viría dende



o ano 2002. Despois do *Prestige*, o presidente Fraga promete unha autovía da Costa da Morte, unha zona que, como todos e todas sabemos, estivo illada desde o punto de vista de infraestruturas durante décadas, por non dicir séculos, e que en 2007 se adxudica por parte do Goberno dese bipartito tan malo que pasou por Galicia catro anos e que serve para xustificar todos os males de Galicia, incluso aqueles que teñen que ver co Goberno do Partido Popular, que é curioso, que quen gobernou Galicia durante vinte anos non sexa responsable do que pasa en Galicia e éo quen gobernou durante catro, pois non sei, é bastante pouco crible o argumento, pero en todo caso cada un deféndese como pode.

En 2007 adxudícanse por parte dese bipartito as obras cun orzamento de 584 millóns de euros. Posteriormente a empresa di que non pode cubrir o seu custo e solicita un incremento dun 30%, é dicir, aproximadamente uns 175 millóns de euros. Tras isto cambia o Goberno da Xunta, entra ese Partido Popular que tan ben xestionou este país durante 20 anos, e que non ten ningunha responsabilidade en todo o malo que pase, todo iso é o anterior goberno, e non acepta esa solicitude da empresa e licítase de novo cun incremento considerable do prezo de adxudicación, nada máis e nada menos que 979 millóns de euros; se tivese aceptado aquel incremento do 30% estaríamos a falar de que uns 150 millóns de euros estarían a aforrarse naquel momento as arcas públicas da Xunta de Galicia, é dicir, as de todos os galegos e as galegas.

Esa adxudicación é denunciada pola empresa que queda de segunda no proceso de licitación, anúlase e volve licitarse dous anos despois, no ano 2011, sendo xa directora xeral a que hoxe é conselleira de Infraestruturas, a señora Ethel Vázquez, por 745 millóns de euros. Polo tanto, aí xa perdemos catro anos para acabar no mesmo sitio.

Desgraciadamente, despois o que ocorre é que esa empresa adxudicataria final no ano 2011 di que non pode continuar con esas obras e que, polo tanto, solicita á Xunta de Galicia unha redución, que creo recordar que era arredor dun 30 ou un 15%, non lembro exactamente, da lonxitude desa autovía. Polo tanto quedaban concellos, que en principio estaban incluídos nese proxecto, fóra. Como naquel momento iso non tiña moita cabida legal, que fai? modifícase a Lei de orzamentos da Xunta do ano 2015 e autorízase á minoración dese proxecto e, polo tanto, autorízase que haxa concellos da Costa da Morte que queden fóra.

Ano 2015, ano 2023, vai o tema ao Parlamento de Galicia e di a señora conselleira que comparten a necesidade de que se constrúa esa autovía e de que a Xunta, fronte dese compromiso férreo e inquebrantable que ten, e que leva repetindo desde o ano 2009 pero con escaso éxito, vai achegar unha primeira partida de 3 millóns de euros, 3 millóns de euros, 3,5 que non chegan nin para o primeiro quilómetro, se me apuran.

Isto é como, se eu agora, o señor Evaristo me di “Bernardo, quero comprar un coche”; digo “está feito, Evaristo, cómpracho o coche, toma, aquí tes os 10 primeiros euros”, cando acabe de pagarche o coche, sairemos voando, xa non existirán os coches. Pois un pouco parecido o que promete a señora Ethel Vázquez. É dicir, 3,5 millóns de euros para esta nova infraestruturas que custa centos de millóns de euros. Parece unha tomadura de pelo.

Non vou reproducir, ou si, as declaracións do señor Agustín Hernández, que foi compañeiro noso desta Corporación, cando era conselleiro, algunhas delas con diferenzas de varios anos, na que cada vez que ía por alí dicía “O compromiso da Xunta é inquebrantable, esa autovía vai ser unha realidade xa”. Pasaban dous anos, non se sabía nada do tema e volvía o señor Hernández por alí “o compromiso da Xunta é inquebrantable e vai ser unha realidade xa”, e con ese compromiso inquebrantable levamos 21 anos esperando. E cando os alcaldes e as alcaldesas, ademais a través deles, ou a través, mellor dito do grupo parlamentario, se leva ao Pleno do Parlamento,



unha pregunta sobre esta cuestión, temos esa resposta de pata de banco da señora conselleira que, de todos os modos, xa nos ten moi acostumbrados a respostas bastante orixinais a ese respecto; e isto non o digo só eu, que o din tamén incluso alcaldes e alcaldesas que coñezo do Partido Popular.

Polo tanto, cremos que é unha necesidade, cremos que é unha débeda histórica do conxunto de Galicia cunha zona que tanto deu á nosa terra, nunha zona que, como digo, está illada e estivo illada durante séculos e durante décadas, e que teñen o mesmo dereito a poder desprazarse cuns tempos de chegada aos seus destinos razoables, como temos o resto dos cidadáns desta provincia que podemos vivir nas zonas periurbanas. Polo tanto, aí creo que todos e todas, independentemente incluso da orientación do voto, estaríamos de acordo en que os veciños da Costa Morte non teñen por que ser galegos ou coruñeses de segunda, senón que teñen os mesmos dereitos que calquera outro cidadán desta provincia e de Galicia, como digo, a poder gozar e desfrutar e utilizar infraestruturas máis acordes cos tempos nos que estamos, o século XXI e non como hai 100 anos.

Polo tanto, esperamos poder contar co apoio de todos os grupos da Corporación, posto que a todos e todas se nos enche a boca sempre de falar que estamos aquí para defender os intereses da cidadanía e dos galegos e das galegas. Pois unha boa mostra hoxe disto é que a apoiemos. Son pouco optimista en canto ao voto dun grupo en concreto, non fai falta que o diga, porque xa sabemos todos a quen me estou a referir, tendo en conta que nunca votan nada onde se recrimine ou solicite algo á Xunta de Galicia. Pero eu, como son un home con moita fe, vou seguir pensando que hoxe será ese día. Imos ver se é verdade.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

¿Por dónde empezar? Lo primero que hay que decir, vamos a empezar por el principio, como bien diríamos. El señor Pequeño está aquí y lleva muchos años en política, sabe la diferencia que hay de venir a un Pleno a la Diputación a día de hoy y lo que era venir a un pleno a la Diputación antes del año 2016. Él mejor que nadie es consciente de lo que ha supuesto para la Costa da Morte y para los ciudadanos de estos ayuntamientos la conexión en este primer tramo de 26 kilómetros que se ha hecho; eso es así, hasta Baio. Por cierto, tramo hecho íntegramente, construido con gobiernos del Partido Popular, del kilómetro 1 al último, estos 26 kilómetros con un gobierno del Partido Popular, primera cuestión.

Segunda cuestión, sí es verdad que antes de que llegara el señor Feijóo en el año 2009 a la presidencia de la Xunta habíamos tenido noticias de esta autovía. Principalmente las noticias estaban originadas por las primeras piedras que desaparecían de forma reiterada. No faltó una primera piedra, sino faltaron dos o tres primeras piedras, tenían la costumbre de ir allí a anunciar que se iba a hacer esta autovía, y ya los vecinos un poco cansados con el hartazgo de este anuncio, de este, entre comillas, y perdóneseme la expresión, “choteo”, pues hicieron desaparecer estas primeras piedras en más de una ocasión.

Es cierto que esta autovía tiene que tener continuidad, no cabe duda de que sí. La cuestión es: ¿esta autovía tiene que tener continuidad en un único tramo a futuro hasta final? No, el compromiso es claro, desde A Coruña hasta Fisterra. Ahora, ese compromiso conlleva una inversión económica muy grande, muy importante, y hay que hacer las cosas con cabeza, porque si no, nos podría pasar lo que le pasó al señor Touriño y al señor Quintana, que pondríamos primeras piedras y desaparecerían esas primeras



piedras porque la gente no consiente, no tolera y no permite que se les tome el pelo. Aparecen 3,5 millones, es verdad, en los presupuestos para la conexión, la prolongación de A Costa Morte, que se va a hacer hasta la AC-432, que va a Camariñas, es la siguiente conexión que hay que hacer. Hay un compromiso claro de la conselleira al que usted hizo mención, 3,5 millones, sí, pero que sean 3,5 millones es una inversión total de 35 millones de euros, lo que supone este pequeño tramo son 35 millones de euros; efectivamente, hay 3,5, figura en el presupuesto y esta actuación se va a ejecutar. No cabe duda, el compromiso nuestro es firme con esta cuestión.

Y luego me llama la atención que hablan ustedes aquí en el punto 2 de que se proceda a la supresión del peaje y que también una reclamación histórica, es una reclamación histórica de toda la comarca. Lo dice un Gobierno –yo siento tener que volver a aludir al bipartito– pero es que los peajes en la sombra que dejaron comprometidos en el bipartito que hemos pagado todos los gallegos a lo largo del tempo, esta es la situación. Pero, claro, si estos peajes se suprimen, ¿qué vamos a hacer con estos peajes? Automáticamente vamos a hacer, cogemos a la concesionaria y decimos “no te pagamos más y se acabó la historia”. No, no; si suprimimos los peajes, este dinero hay que pagarlo con dinero de todos los gallegos. Pero, claro, esto se contrapone con prestar otros servicios. El 80% del presupuesto de la Xunta de Galicia se dedica a política social, a sanidad, a educación y a servicios sociales. ¿De dónde quitamos estas partidas para abonar estos peajes?

Cabe recordar también que estos peajes, desde luego, son los más bajos de todas las autovías del Estado, las autoestradas del Estado, y que son las que mayores bonificaciones tienen, frente a la AP-9, con muchas menores bonificaciones, y el incremento del IPC, que ha sido bestial, y la AP-53, que tiene cero bonificaciones, cero.

Hombre, se acercan las elecciones, es un sitio que ustedes tienen bastante consolidado, en el partido judicial de Corcubión, ahora, el mayor puntal que tenían ustedes allí no se presenta, esto entiendo que para ustedes es un shock, pero tienen que superarlo y los demás vamos a intentar jugar lo que podamos, pero no vuelvan ustedes a usar el comodín de la autovía da Costa da Morte porque la gente sabe que, frente a palabras que hacen algunos de forma frecuente y recurrente, otros hablamos menos pero tenemos hechos que aportar.

Nada más, vamos a votar en contra y gracias.

Sr. Lema Suárez

Algúns que somos da zona tamén coñecemos ben a historia desta autoestrada. Preguntaba o señor Evaristo Ben a limitación dos fondos públicos e que a Xunta de Galicia destina todo a política social, cousa que nos parece ben, aínda que non sexa exactamente así, pero, ao mellor, se vostedes non lle rebaixasen impostos ás rendas máis altas, terían un pouco máis de liquidez. Ao mellor, se vostedes no pasado, non digo agora cando xa pasou o tren, senón vostedes no pasado puxeran en marcha esa empresa pública de enerxía que están agora acelerando, curioso, neste momento, cando primeiro adxudican vostedes 122 parques e despois poñen, anuncian vostedes que van crear esa empresa de enerxía, pois ao mellor terían vostedes, faga as contas, 750 millóns de euros de proveito de xeración de megavatios en Galicia o ano pasado, un 20% xa lle daría a vostede para facer varias autoestradas como esta. Son ideas, ideas así doadas, ademais sen necesidade de gastar moito, porque o sector enerxético é un sector rentista, non é un sector moi intensivo en man de obra.

Pero, para falar do que estamos falando, claro, a autoestrada empeza sendo unha autoestrada gratuíta para o usuario, creo que os usuarios da Costa da Morte o agradecerían e creo que ademais é de xustiza que así sexa, no tramo, o primeiro tramo, ata



A Laracha, A Coruña-A Laracha. Despois amplíase dez quilómetros máis e pasa a ser todo de pago, de pago directo. E despois, máis adiante, un ramal que o señor Calvelo coñece ben, que amplía a saída da autoestrada cara a Punta Langosteira, inclúese outra peaxe máis. As peaxes non están incluídas nesta moción, a nós, desde logo, tampouco concordamos con ela. Se pensamos que, fálase aquí en termos de débeda histórica, se pensamos que unha das claves –eu son de alí– do feito de que padezamos historicamente unha taxa de emigración altísima aínda hoxe é a nosa incomunicación. Nós non tivemos ata hai pouco medios de comunicación que fixesen posible que para unha empresa calquera asentarse na Costa da Morte fose algo viable, moi escasas, moi escasas veces acontecía iso.

Por todo o exposto, por suposto que estamos a favor da ampliación do autovía.

Sr. Requeira Varela

Ben, tócame por fin, imos alá.

Eu voume remontar un pouquiño a antes do 2002, que dicía o portavoz do PSOE. Eu tamén levo moito tempo en política, ás veces gústame dicir que desgraciadamente. E voume remontar a un alcalde do Partido Popular, veciño meu, don Manuel Varela Rey, que foi o primeiro que no Parlamento de Galicia reclamou esa infraestrutura necesaria para un territorio moi abandonado historicamente, que se despraza a diario a traballar a centros loxísticos como A Coruña e Compostela, pero sobre todo á Coruña, e que lles levaba moitísimas horas aos traballadores e ás traballadoras chegar ao seu posto de traballo. Polo tanto, practicamente pasaban a noite na estrada.

Pero vou ir un pouco á xénese do problema, porque aquí falouse de peaxes na sombra, de financiamento con diñeiro público desas peaxes. A autoestrada, como moi ben dicía agora o portavoz de Marea Atlántica, o primeiro tramo da Coruña á Laracha púxose en funcionamento no ano 1993 gratuitamente, facéndolle caso a un acordo da comisión correspondente no Parlamento de Galicia, onde se votou por unanimidade facer esa autoestrada con diñeiro público e que fora unha autoestrada de carácter grauíto, acordo unánime do Parlamento de Galicia.

Houbo un conselleiro, cando empezou a haber rumoroloxías sobre a posible peaxe na autoestrada AG-55, houbo un conselleiro, desgraciadamente falecido, o señor Cuiña Crespo, que nunha rolda de prensa en Carballo –aí están as hemerotecas– dixo aquela frase magnífica de “léanme nos beizos, esta autoestrada nunca será de peaxe”. Catro anos despois, para moita xente, o 30 de decembro significa nada máis que a véspera do último día do ano, da fin do ano, para moita xente, e van alá 30 anos, eu era máis novo, e tiña pelo, para pois levar algún fungueirazo na colocación das casetas de peaxe no ano 1997, xustamente na peaxe de San Román, na Laracha, agora mesmo. Catro anos grauíta, posteriormente de peaxe, incumprindo flagrantemente ese acordo da Comisión do Parlamento de Galicia e incumprindo flagrantemente a palabra dada polo conselleiro naquel momento, creo que a consellería se chamaba da COTOP. Ben, vinte tantos anos despois, 27 creo, os datos da empresa son que leva recadado, os datos oficiais, que leva recadado nada menos que máis de 2.500 millóns de euros. Home, non está mal, non está mal, xa se podería rescatar a peaxe –creo– porque eu creo que o contrato é ata o 2045.

Estamos falando dun territorio grandísimo, tres comarcas. Estamos falando dun territorio que desgraciadamente tamén non ten nin sequera un metro de vía férrea, que a única maneira de ser competitivo é agora mesmo esa estrada. Eu creo que, evidentemente, é de xustiza chegar ao final e eu agardo que esa intervención que acaba de ter o Partido Popular, eu non teño por que dubidar, aínda que o Partido Popular é lento cumprindo as súas palabras –a circunvalación de Carballo prométese cada 4 anos e van



alá 12 e aínda nada– pero eu agardo que se chegue ao remate o antes posible, pero agardo tamén que se suprima a peaxe, porque se está facendo que un territorio non sexa realmente competitivo porque queda illado e porque ten que pagar peaxe tres veces no seu camiño até Madrid e as tres no tramo que vai entre Carballo e A Coruña, é curioso. Unha empresa que teña que desprazar mercadorías por estrada até Madrid, até León, vai ter que pagar tres peaxes. As tres dende Carballo até A Coruña, é curioso, moi curioso. Pero é que ademais redúceselle tamén a posibilidade de conectar directamente cunha infraestrutura loxística de primeira necesidade ou que vai ser fundamental para o futuro como é o Porto Exterior.

Eu creo que non é falar gratuitamente e creo que é unha demanda histórica non só do Bloque Nacionalista Galego nin do Partido Socialista, porque, se ben nunha intervención anterior aquí falábase das diferenzas que podemos ter ocasionalmente o bipartito, no Partido Popular tamén hai diferenzas e discrepancias. Está aí o señor Calvelo, que nos acompañou moitísimas veces nas reclamacións; pero hai moitos alcaldes do Partido Popular que tamén nos acompañaron, porque entenden que esta é unha reclamación xusta. E o rédito para a empresa –insisto, máis de 2.500 millóns de euros– non é un rédito menor.

E só unha cuestión que me parece tamén, falouse aquí dos incrementos, porque aquí, cando temos que falar de algo que pasa en Galicia, ímonos con facilidade a Dinamarca ou, se é a Televisión de Galicia, ímonos á Televisión española, aquí somos así, pois vamos falar tamén do que subiu a peaxe nese tramo. Dende o ano 1997 até agora a peaxe na autoestrada A Coruña-Carballo subiu un 80%. A economía do territorio Costa da Morte, das comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra, é unha economía comparable á das comarcas do interior de Galicia, de Ourense, non ten nada que ver coa Galicia atlántica a economía desas tres comarcas.

Nesta Administración pública, no seu momento, un presidente do Partido Popular, don Diego Calvo Pouso, presentáranos un estudo para xustificar a fusión de dous municipios da provincia, naquel caso de Oza-Cesuras, que o estudo, se non recordo mal e a secretaria seguramente e Intervención seguramente o recordan mellor ca min, empezaba dicindo que cada vez nesta provincia eramos menos e máis vellos.

Na parte das tres comarcas da Costa da Morte ese dato maniféstase moi contundentemente, entre outras cousas é porque desgraciadamente temos infraestruturas moitas veces non moi axeitadas aos tempos que corren, como cremos que, á parte de ser inxusta, é pouco axeitada para o desenvolvemento dese territorio esa peaxe. Polo tanto, eu agardo que o Partido Popular teña a ben rematala e agardo que tamén teña a ben a Xunta de Galicia, sexa esta ou sexa a do futuro bipartito, que o haberá, quen elimine esa peaxe porque é unha peaxe sobre todo inxusta, feita contra os intereses dos cidadáns, non só xa da Costa Morte, senón de toda a Galicia, que toda Galicia circula por ela e, sobre todo, feita contra un acordo unánime do Parlamento de Galicia. E ademais porque hai unha unanimidade no territorio, sexa cal sexa a cor política, PP, PSOE, BNG, Independentes, en que esa peaxe se debería suprimir.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Ben, a palabra douna eu. Si, Sr. Ben.

Sr. Ben Otero

Gracias.

Sr. Regueira, tres cuestións: primeira, ¿usted no cree que nosotros querríamos



levantar el peaje? ¿Usted cree que queremos pagar el peaje o que se pague el peaje porque sí? Primera pregunta. Evidentemente, hay un coste levantar ese peaje. No es decir, de repente, que se levante el peaje. No, no, eso tiene un coste. Por eso le digo que a veces ustedes en las afirmaciones que hacen no son rigurosos ni son del todo serios. Examinemos cuál es el coste de levantar ese peaje y que contra qué partida reducimos para pagar este coste.

Segundo, oiga, el transporte de mercancía hacia Madrid, efectivamente yo le recomendaría a la gente de Carballo que igual opte por la A-52, porque desde luego no veo que a pronto plazo estén acabados los viaductos de la A-6. No, no, es que es cierto, estas son realidades; o que non hay un metro de tren en la zona, es verdad. ¿Y qué tren tenemos en la conexión Coruña, Ferrol? Pero claro, todas estas cosas, si empezamos a hacer generalidades, podemos hablar de muchas cuestiones, señor Regueira. Pero la cuestión es, la autovía más bonificada son las autovías gallegas, sí, sí, lo son, señor Regueira. Sí, lo son, hombre, sí, lo son, y quien tiene cero bonificaciones es la AP-53 y la AP-9.

Y usted también hay una cuestión que desliza, y es verdad pero es una verdad a medias. Esta autovía es de peaje hasta Carballo, desde Carballo a Baio es libre peaje, totalmente libre, ¿verdad? Y el compromiso es que lo que se haga a continuación sea también libre, ¿verdad? esas cosas hay que decirlas. Porque, claro, cuando estamos hablando de esto la gente puede entender que la autovía es de peaje en su totalidad. No, no, es de peaje hasta Carballo.

Y usted como yo, es verdad que Costa da Morte, ahora evidentemente está teniendo un impulso grande en la zona del partido judicial de Corcubiión, y yo espero que siga así, es importante para todos, en gran medida por el turismo, y tengo que decirlo, lo que usted también aporta, desde luego, desde su actuación turística, y non tengo ninguna duda, y rema en ese sentido a favor, y yo tengo que reconocérselo, no me duelen prendas en hacerlo, que es así, pero usted también sabe cómo se ha desarrollado y ha crecido el eje industrial que es A Coruña, A Laracha, Carballo, Cerceda. Cómo ha crecido y cómo se ha desarrollado y la potencialidad que ha tenido, y en gran medida, ha sido por esta infraestructura, en gran medida, obviamente, también, por la cercanía y la proximidad a la ciudad de A Coruña y Arteixo, con el potencial industrial que tiene, esto es así. A Coruña, Arteixo, A Laracha, Carballo y cerrando con Cerceda, a día de hoy son el eje industrial más importante y más potente de Galicia, y lo podemos decir con total orgullo de provincia, es así. Y, evidentemente, esta autovía algo habrá tenido que ver.

Yo espero, confío y deseo que la autovía tenga continuidad, espero que lo veamos, que ustedes sigan en la oposición a poder ser, y que desde luego sea libre del peaje.

Nada más y gracias.

Sr. Regueira Varela

Unha cuestión menor. Efectivamente, hai unha bonificación nesa autoestrada, acórdome perfectamente dos titulares cando se puxo, unha bonificación con nocturnidade e aleivosía, porque se bonifica o período nocturno, onde practicamente non anda ninguén pola autoestrada, non sendo a xente que veña saír á Coruña e que ten a posibilidade de vir de marcha á Coruña e de volver coa peaxe bonificada. Podemos dicir o que se queira, hai unha responsabilidade na implantación da peaxe, hai un incumprimento dun acordo do Parlamento de Galicia. E oxalá que as boas intencións de cara ao futuro se cumbran, pero agora mesmo non se cumpren.

Eu vou atreverme a poñer un deber máis, porque acaba de dicir vostede moi ben que hai un dinamismo económico moi importante no eixo Arteixo, A Laracha e Carballo.



Algo se lle debe tamén aos tres alcaldes, aquí hai un deles, que están traballando conxuntamente con algún outro máis en que ese dinamismo económico dea oportunidades ao territorio.

Eu xa anticipo unha cousa, acábbase de sacar un documento na Xunta de Galicia, que ademais paréceme interesante, que é a Estratexia de Conectividade dos Polígonos Industriais, creo que se chama PSOEE ou algo así –non ten nada que ver coa sigla do Partido Socialista, pero algo se chama así– onde se deseñan as infraestruturas de transporte de mercadorías, onde o porto exterior, como dicía antes, é fundamental. Eu agardo porque, insisto, non temos un metro de ferrocarril, nin a Xunta de Galicia, nin esta nin o bipartito deseñou para nada nin unha rede de ferrocarrís interiores, eu espero e agardo que, ademais das peaxes desa autoestrada, se empece a valorar a conectividade por tren, porque tal como están avanzando os acontecementos, e co anuncio feito de que en 2035 combustibles fósiles cero, pois ao mellor necesitamos o tren, e nesas zonas imos necesitar o tren. Polo tanto, xa lle poño deberes, pero oxalá se cumpra o antes posible iso. E tamén lle digo unha cousa, rescatar as peaxes foi posible rescatalas noutros sitios. Non vexo por que aquí non é posible. Na Costa da Morte parece que nunca é posible nada.

Sr. Fernández Piñeiro

Non se vai cumprir o seu desexo, señor Ben. Vostede dixo agora, tomei nota aquí: “Espero y deseo que la autovía tenga continuidad”. Non se vai cumprir porque a proposta que ten sobre a mesa a Xunta de Galicia é un corredor, que non é unha autovía; e a continuidade da que vostede falou, feita na última etapa, non é unha autovía, é un corredor. De feito, para os que non vaian por alí é importante que se pasen por ese corredor e verán que ese corredor a ambos os lados dos carrís ten un espazo de 10-12 metros a cada lado. E sabe por que pasa iso? Porque esa é a explicación que se fixou cando estaba o bipartito para facer unha autovía. E vostedes, en vez de facer unha autovía que é así, fixeron un corredor que é así. Pero a vantaxe de ter alcaldes tan lonxevos dende o punto de vista político, como o señor Pequeño, que está aquí ao meu carón, é que viviron todo ese proceso e iso dános unha información da que vostedes seguramente carecen, quero pensar que carece dela e non que intenta enganarnos, que sería moito peor.

Cando gobernaba o señor Fraga e era conselleiro o seu compañeiro de partido, o señor Feijóo, a proposta da Xunta de Galicia desa infraestrutura tan necesaria para a Costa da Morte era un corredor. Chega o bipartito, ese bipartito tan malo, e é o que aproba un proxecto e un orzamento e contrata as obras para unha autovía. De feito, di vostede “a autovía o que hai está feito coa Xunta de Galicia”, porque cambiou o Goberno, pero a explicación onde está parte desa autovía e onde despois vostedes, nun exemplo de aforro e de infraestruturas, implantan un corredor, fíxose co bipartito, porque a obra empezou, eh? Esa obra que despois solicitaba máis fondos, un incremento dun 30% e que a Xunta de Galicia do Partido Popular lle negou a esa empresa, para adxudicala despois por un importe moitísimo superior do que tería custado actualizar aquel incremento do 30%, fíxose co bipartito. Loxicamente, como en calquera concello, se empezou unha obra e hai eleccións polo medio e cambia o goberno, remáttaa o que está despois, pero non foi o Partido Popular quen iniciou esa autovía.

Naquel momento, a proposta que traía o señor Feijóo, conselleiro, aos alcaldes daquela comarca eran catro alternativas, todas elas un corredor, repito, chega o bipartito e proxecta, licita e contrata unha autovía de 64 quilómetros. Hai un cambio no Goberno, iníciense as obras, a empresa solicita un incremento porque non era capaz de asumir o custo total desa actuación tal e como estaba establecido no contrato, cambia o Goberno, a Xunta de Galicia xa presidida polo señor Feijóo, di que non, que non hai acordo, e volve licitala. E volve licitar unha autovía que xa non ten 64 km, ten 42, e adxudícaos por 979



millóns de euros, é dicir, 64 quilómetros por 584, fronte a 42 por 979. Xa non é que haxa un incremento considerable do prezo do mesmo proxecto, é que reducindo o proxecto, ninguén sabe por que, se gastaba case un 40% máis, un 40% non, un 80% máis. Polo tanto, ao final de tantos gobernos tan maravillosos do Partido Popular e cumpridores coa Costa da Morte o que nos atopamos é unha redución dun 55% do tamaño desa autovía, fronte a un incremento dun 235% do seu custo. E esa é a diferenza, e esa seguramente dirá vostede que é a gran xestión do Partido Popular, facer menos a cambio de máis cartos, aínda enriba propoñendo un corredor, que non é unha autovía, e aínda enriba deixando concellos na estacada, como os están deixando vostedes, porque iso chegaba ata Vimianzo. Agora din que si, que van facer o proxecto, pero xa está feito, está feito da época do bipartito; é máis, fíxese vostede ata que punto está feito, que teñen a explicación. Colla vostede o coche, senón agora mesmo pode entrar no Google Earth, pode entrar vostede no Google Earth e verá canto espazo hai ás marxes da estrada, porque vostedes non fixeron a autovía.

Entón, estamos un pouco como co tema da TVG. E despois xa que me fala vostede das peaxes, que me fale vostede das peaxes, despois de que no ano 2000 o señor Fraga, sendo ministro de Fomento Álvarez Cascos e delegado do Goberno o señor Fernández de Mesa, ampliara en 48 anos a concesión a Audasa, hai que ter cara, e cara non é o Volkswagen, que hai un que é Jetta; non, de cara. Hai que tela, eh? Con todos os respectos. Hai que tela!

E no ano 2003 chega o Goberno de Aznar, ese Goberno que tan boas cousas fixo pola economía, con aquel milagre económico chamado señor Rato, e que fai? privatiza a empresa estatal de autoestradas. Iso está tamén no seu haber, no haber do seu partido, pero diso non lle interesa falar.

E despois coa vostede de rondón, seguindo a mesma dinámica, o tema dos viadutos da A-6, claro, claro, claro. Resulta que a culpa de que caían os viadutos é de quen está agora no Goberno non de quen os fixo. Porque quen os fixo? O Partido Popular, quen construíu esa autoestrada foi o Partido Popular; se caen os viadutos non será a culpa do que veu despois. E despois pónense vostedes tan exixentes con que hai que acabar eses viadutos xa –que aí compartimos a exixencia–, pero que casualidade que a señora Ethel Vázquez, que é tan exixente cos prazos da Xunta de Galicia, non o é tanto cos seus. Nomeadamente esta autovía da Costa da Morte, 21 anos, dos cales, se non me saen mal as contas, 17 gobernando o Partido Popular. Aí non hai que ser exixentes no cumprimento dos prazos.

E, falando do tren, que quere que lle diga? O impulso do tren a este país veu de gobernos socialistas e o tren chegou a este país cun goberno socialista. Loxicamente tiña que ter chegado antes, temos que ter máis liñas? Si, estou de acordo. Hai que modernizar máis zonas e incluso a que temos entre Ferrol e A Coruña? Tamén estou de acordo e comparto esa reivindicación. Pero, home, que teñen vostedes no seu haber para iso? Cantos atrasos acumula a Xunta de Galicia en infraestruturas da súa titularidade? Por que non é tan exixente a señora conselleira?; antes de empezar a exixir aos demais que empece a aplicalo no seu propio lombo, pero iso non o fai.

E di vostede, xa no colmo do surrealismo, que claro, “es que esto cuesta 35 millones, que es mucho dinero y que hay que sacarlo de algún sitio”. Ah, pero e por que non lle aplica vostede o mesmo criterio e o mesmo argumento cando lle exixe vostede ao Estado grandes investimentos? Cando se trata da Xunta de Galicia, é que, “claro, es mucho dinero y a ver de dónde lo sacamos”. Cando se trata do Estado, non sei se o señor Pedro Sánchez ten un maquinillo alí no despacho e vai sacando billetes pouco a pouco, igual o ten. Pero, home, son 35 millóns de euros, perdoe vostede, dun orzamento de case 13.000, eh? 13.000! Que efectivamente gasta en moitas cousas, pero, se quere trasládelle o argumento a esta Deputación, cando vostede vén aquí reclamar que



arranxemos un montón de vías, que amañemos un montón de estradas, non nos aplica o mesmo beneficio da dúbida que lle aplica vostede á Xunta de Galicia, dicindo “Oiga, señor presidente, ya sé que el dinero no nace debajo de la mesa y que no sé de dónde lo van a sacar porque es mucho dinero”, porque aquí hai actuacións en infraestruturas nunha administración que ten un orzamento de 200 millóns, que tamén gasta noutras moitas cousas, señor Ben. E en esforzo investidor en estradas, créame que porcentualmente, en canto ao orzamento total desta administración, estamos moi por enriba da Xunta de Galicia. Porén, vostede non é tan xeneroso con nós, como estamos nós. Se algún día gobernan vostedes esta institución, Dios no lo quiera, seguramente non será tan exixente. Porque o seu nivel de exixencia e de defensa dos cidadáns só bascula en base a unha cuestión moi concreta, que é quen goberna a institución. Se goberna o Partido Popular, a exixencia é mínima; hai moito gasto, hai poucos cartos, a culpa é de Manolite, do bipartito, de Pedro Sánchez e de todos os demos que ten vostede habitualmente no seu argumentario. Cando goberna o Partido Socialista, a culpa é do Goberno, non gastan ben os recursos, teñen non sei canto no banco, etc, todo o que xa sabemos e temos escoitado aquí en numerosas ocasións.

Polo tanto, a coherencia do seu discurso, a coherencia do seu discurso, ten, non sei, pois a mesma dureza, se quere dicir vostede así, ou cohesión, ou pódese soste da mesma maneira que se sostén unha columna de area, igualiña: ningunha. Exemplos de xestión en infraestruturas por parte de vostedes, ningún. Ningún, señor Ben, ningún. E neste caso en concreto vostedes levan gobernando 17 anos de 21. Polo tanto, indo á responsabilidade, fronte aquel bipartito dos catro anos, terán vostedes aproximadamente un 80% de responsabilidade fronte a un 20%. Por certo, o bipartito que si apostou por unha autovía, cousa que vostedes non fixeron, que paralizaron, que gastaron máis e que reduciron, e que agora pretenden vender un corredor como se fose a panacea. E aínda por riba xustificando que só se poñan 3,5 millóns de euros porque a Xunta ten moito onde gastar. Home, claro que si. Se quere empézolle a facer eu recortes onde podían aforrar de gastar e seguramente nos iría moito mellor a todos e a todas, entre algunhas cousas, en propaganda e autobombo, que aí vai unha morea de cartos bastante importante, vai unha morea de cartos bastante importante. Xa teríamos feita unha non, dez ou doce autovías á Costa da Morte e poderían dar voltas e voltas nela con todo o que levan gastado vostedes niso.

Nada más, moitas grazas.

Sr. Presidente

Lo entiendo, Sr. Ben, venga.

Sr. Ben Otero

No puedo, no puedo. Vamos a tener que hacer la misma pregunta que hicimos hace unos meses y preguntar por otras cuestiones de autobombo y publicidad, no pasa nada, lo volvemos a hacer, que ya sabemos la respuesta. No pasa nada.

Oiga, señor Fernández, me dice usted que no es una autovía lo hecho desde Carballo a Baio. Hombre, hay un kilómetro final de la salida para entroncar en la rotonda que no lo es, todo lo demás es autovía. Oiga, me dice usted que cuando vaya por allí, además me consta que lo sabe, que por allí frecuento y voy dabondo. Hombre, espero que tenga algún fruto y, si no, pues también asumiré las responsabilidades de lo que voy por allí.

Las columnas, supongo que se refería usted, que tenemos la misma credibilidad, que una columna de arena seca, porque si está mojada en algunas playas aguantan bastante tiempo. Pero yo no voy a entrar en su juego. Nosotros no dijimos que la culpa de que cayeran los viaductos fuera suya, ni del señor Sánchez, no lo dijimos, dijimos que



arreglen los viaductos que han caído, que es una cuestión distinta. Nosotros, habla usted de esta Diputación. Oiga, una Diputación que tiene dinero en el banco por castigo, que no son capaces de ejecutar su presupuesto, con una ejecución presupuestaria lamentable, irrisoria, patética, triste.

Pero no se preocupe que vamos a decir cómo se va a ejecutar este presupuesto y se va a ejecutar, igual no por mí, pero por compañeros de mi partido a partir de dentro de unos meses. El dinero de la Diputación no es para estar en los bancos, ni para anunciar a dos meses de las elecciones proyectos en un ayuntamiento o en el otro, o convenios que se van a hacer o cesiones que se van a hacer faltando 60 días para los ayuntamientos. El dinero que hay en la Diputación, en los bancos, es para ayudar a mejorar esta provincia, cosa que ustedes son incapaces de hacer, sí de anunciar, ahí funcionan bien –repito, cuanto un problema, un anuncio, Milanuncios.com–, eso sí. Ahora, soluciones de problemas, muy poquitos, muy poquitos.

Y yo voy a cambiar el tono porque no me gusta, porque entonces me empezaré a parecer a usted, mucho peor, por supuesto, dónde va a parar la cosa, y creo que con este tono no se consigue nada bueno, se consigue todo malo.

Nada más y gracias. Vamos a votar, por supuesto, en contra.

Sr. Fernández Piñeiro

Intervín unha vez e o señor Ben tres, é son quen propón a moción, pido a palabra.

Sabe para que está esta Deputación e os fondos desta Deputación? Efectivamente, están para traballar pola provincia, non están para o que facían vostedes, que era darllos ás cidades, perverténdoas, e entregalos entre os concellos do Partido Popular. E foi este Goberno que colleu 100 millóns de euros que os reparte con criterio obxectivo, que a vostedes non lles gusta, por iso non lles gusta o Plan Único. E vostedes repartían só 20 millóns e os resto, sabe como os repartían? Con el dedo del señor Diego Calvo. Ese é a diferenza, señor Ben. E o meu ton é vehemente, non estou enfadado nin lle faltei ao respecto a vostede en ningún momento. Esa é a diferenza, esa é a diferenza.

E sabe vostede que quere que lle diga máis? O autobombo, sabe que é o autobombo? O autobombo é anunciar unhas axudas para rehabilitación de vivendas en zonas históricas que teñen un prazo desde que se conceden ata que se teñen que xustificar dun mes, que non chega nin un informe de Patrimonio. E ao final, cando se saca unha axuda de 6, 10 ou 12 millóns de euros, o que vostede queira, e se executan só 300.000 e sobran 9.700.000 de 10, o ano que vén volven a anunciar a mesma axuda que non se executa.

E sabe cal é diferenza entre vostedes e nosoutros? Que as axudas que anuncia esta Deputación, como vostede di autobombo, as axudas aos sectores afectados pola pandemia, as axudas aos combustibles, sabe vostede que nivel de execución teñen?, do 100%, señor Ben, porque nós non enganamos a xente. Nós non sacamos axudas que é imposible o seu gasto para poder volvelas a anunciar o ano seguinte. Esa é a diferenza entre vostedes e nosoutros, sabe? E algunhas desas axudas pagadas, por certo, en trece horas, en 13 horas, recórdollo. Iso é ser útil unha institución. E cando esta institución anuncia unhas axudas para o sector do cerco, porque a Xunta de Galicia, que ten a competencia de facelo, non o fai, é porque se preocupa dun sector económico importante na nosa provincia. E, cando saca axudas para os sectores afectados pola pandemia, tamén; e cando saca para os combustibles tamén; para os transportistas, para os gandeiros e para os pescadores. Onde estaba a Xunta de Galicia?

E nese afán de axudar aos concellos da provincia, como vostede di e mellorar esta provincia, cando veu a pandemia e a Xunta de Galicia dos seus amigos nos obrigaba



aos concellos a desinfectar os centros educativos, triplicando os custos que temos de mantemento, conservación e limpeza de centros que non son da nosa titularidade, que é da deles, onde estaba a Xunta de Galicia? Non estaba axudando aos concellos. Sabe vostede onde estaba? Estaba a Deputación, sacando un plan social que nos axudou a sufragar os custos derivados da pandemia, porque a Xunta o único que facía, froito dese compromiso co autobombo, era entregarnos unha caixa de máscaras e outra de lixivia e vir facer a foto, iso si. Cousa que aquí non se fixo, aquí non foi ninguén a facer unha foto como entregaba unha caixa. Por iso hai diferenza entre vostedes e nosoutros, señor Ben. Entón, é mellor que nos centremos no tema da moción porque no resto dos temas, créame vostede que leva bastante que perder. E no reparto de fondos desta institución todos lembramos o DTC. Iso si que era roubar aos concellos pequenos desta provincia e perverter o uso e o último fin que é desta institución, que é traballar para os concellos pequenos e non dando os cartos ás cidades. Que sabe por que llelos daban? Porque gobernaba o Partido Popular nelas e pensaba que con iso ían gañar as eleccións, pero afortunadamente perdéronas.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Ben, eu como é probablemente a última vez na súa vida que poida falar en público da autovía da Costa da Morte, nunha institución plenaria, polo menos no ámbito provincial, voulle dar a palabra a quen coñece mellor que ninguén este expediente e que Evaristo Ben acaba de instituír como unha institución coñecedora de todo o procedemento e da historia desta infraestrutura vital e estratéxica para a Costa da Morte. Sr. Pequeño.

Sr. Pequeño Castro

Eu creo que xa está todo bastante dito. É verdade que a única persoa que realmente viviu todo isto e que está aquí son eu. E tamén podó comentar que na época, na primeira vez que temos un proxecto ou que temos un estudo enriba da mesa os alcaldes daquela zona, foi con Fraga e máis con Feijóo, onde nos enviaron un tocho onde había un estudo de corredores e a pelexa que faciamos todos os alcaldes, todos, PP, PSOE e a xente que estaba no Bloque, o que pretendiamos era que aqueles corredores, que nos daban a opción de elixir entre 4 opcións elixir unha, que fora unha autovía. A postura era moi forte con respecto de que non se quería facer a autovía, que se quería facer un corredor.

Veñen as novas eleccións autonómicas e, a partir de aí, aparece o bipartito, colle o Goberno e é Touriño quen colle a decisión con Caride, que é a conselleira, de converter eses corredores en autovías. É verdade que esa autovía se sacan a licitación os 62 quilómetros, colócanse as primeiras pedras. Eu como presidente da asociación de Neria, da asociación Neria, facemos unha xuntanza de empresarios en Laxe, onde vén Touriño e a conselleira a expoñer primeiramente o proxecto, e despois, unha vez feita a licitación e colocada a primeira pedra e informados todos os alcaldes, fomos a Carballo, e alí estaba o alcalde de Carballo, estabamos todos alí. É verdade que se licitou e empezouse a obra e, ao final, a pouco de empezar, a empresa empezou a pedir máis diñeiro. Tamén se dá neses intres, neses anos é cando se cambia tamén o Goberno bipartito, entra Feijóo como presidente e faise unha primeira licitación nova, onde de 500 e pico de millóns de euros que valían os 62 quilómetros se pasa a reducir a distancia, en quilómetros, que se quedaron en 42, e se contrata por 900 e pico de millóns de euros. E aí hai unha revolta social, aí hai un problema e todo o mundo sae á rúa dicindo como é posible que reducindo de 62 quilómetros a 42 se poida pasar de 500 a 900 millóns. Entón vólvese outra vez a sacar outra licitación e nesa outra licitación é cando se volve a quedar nos 42 quilómetros e se contrata por setecentos e algo de millóns.



Cando se estaba facendo obra, e se fai a obra, empézase a executar e tal, pero volve outra vez Copasa e as empresas que facían a UTE a dicir que non lle chegaba o diñeiro e é cando se reduce, déixase case o mesmo presuposto e redúcense os quilómetros, que eran 42 quilómetros, redúcese a 27, e iso é o que se executa. Execútanse 27 e tamén o que dicía o portavoz é verdade que o proxecto que nos redacta é a empresa quen abre toda a explanación ata Berdoias, nese momento remátase en Baio a autovía. E o último tramo é un corredor. É verdade que nese último tramo aparece a explanación e feito tamén que pode dicir a cimentación das pontes están feitas para facer autovía, e a partir de Baio ata Berdoias está aberta a explanación, abandonada; estaban feitas *tajeas*, canalizacións e tal.

E en 2016, remato, 2016, é cando Feijóo inaugura a autovía, comprométese alí, coa conselleira comprométese a que van facer ese tramo que di moi ben Evaristo Ben, ese tramo desde Baio ata Vimianzo, e que xa a conselleira xa tiña o proxecto enriba da mesa. Ben, tamén digo o proxecto xa tiña que estar feito, porque o proxecto cando se fan as expropiacións, cando se fai a explanación, cando xa está todo feito o movemento de terras, quere dicir que o proxecto estaba feito. Pero, ben, dixemos “benvido sexa, que se faga ese tramo ata Vimianzo”, pero ano tras ano aparecen tres millóns de euros no presuposto da Xunta, e ese tramo aínda non está.

Loxicamente, todo o mundo pedimos que sexa unha autovía, que siga a autovía, e tamén hai que recoñecelo, o mellor tramo de autovía que ten o Goberno galego é ese tramo desde Carballo a Baio. Hai que recoñecelo e dío todo mundo que pasa por ela, libre de peaxe. E aí é onde, escoitando o que dicía Xosé Regueira, tamén estou de acordo; eu tamén vivín a época de Cuiña, eu estaba alí. E Cuiña dixo iso de “mirádeme...”, e eu vivino tamén. Entón todo o mundo pensamos que ía ser libre de peaxe. E non esquezamos que a Xunta de Galicia, o Goberno galego, a única autovía que ten de pago é esta. Non ten ningunha máis, non sei por que non se pode liberar. Hai que dicir tamén que o Goberno galego, o único porto comercial propiedade do Goberno galego é o porto de Brens. E tamén hai que recoñecer o que dicía Xosé Regueira, que estamos nunha zona onde non hai tren, onde non hai transporte fluvial porque aínda podíamos dicir que podíamos ter un transporte marítimo, porque estamos na Costa da Morte, pero non temos transporte marítimo, non temos transporte aéreo, non temos transporte de ferrocarril, e a única comunicación son estradas, as estradas.

E eu supoño que un Goberno debe facer un esforzo, se hai que dedicarlle 35, 40, 50 ou 100 millóns de euros e darlle esa alternativa. E nótase unha realidade na Costa da Morte; desde que se fixo ese tramo hai máis visitantes á Costa da Morte. E non é soamente as campañas que nós facemos, que podemos facer de turismo, do Camiño Xacobeo, tamén é importante esa accesibilidade. E esa accesibilidade está facendo que moita xente galega estea dándose conta e coñecendo por primeira vez a nosa zona. Así que eu, como dices xa que marchó, e tamén o dixen eu, non? Non quero isto que sexa unha despedida, é un punto seguido e a min encantárame, e marchó da Alcaldía non vendo a cousa máis importante que para min era a autovía á Costa da Morte.

Tamén teño que dicir, naqueles proxectos había dúas alternativas, dous ramais: un ramal ao porto de Brens e outro ramal que era o que se facía a Fisterra. Tamén quen vén colocar a primeira pedra, e vou dicir algo que o digo así en privado, cando se coloca a primeira pedra tamén é o Goberno do bipartito, vén Touriño e Caride a colocar a primeira pedra a ese tramo, a esa variante que foi a única variante, que fixeron alá en Cee, e que era desde Xallas ata Sardiñeiro. Recordo que cando estabamos colocando a primeira pedra eu felicito a Touriño dicíndolle que “moi ben, encántame que viñera a iso e encántame que trouxera as máquinas, porque non me gustaría que se empezara a poñer a primeira pedra e que non se empezaran a facer as obras”. Ben, isto a Touriño parecéralle mal e mandoume –podo dicir a palabrota– a tomar polo cu.



Por iso digo que esas vivencias... E, claro, a miña intención naqueles momentos era dicir “moi ben, pero encántame que estean as máquinas aquí porque colocar a pedra, colocámola todos, e ao día seguinte non empezaba a obra”. E por recoñecer a Touriño, cando viña poñer a primeira pedra, Sr. Ben, viña coas máquinas e empezaban as obras. Outra cousa é que despois as obras se empezaran a parar nun momento determinado porque as empresas e a UTE correspondente pediran máis diñeiro e o estiveran estudando. Agora, dígoche, e iso foi o que me pasou a min, e os meus compañeiros que estaban arredor quedaron sorprendidos, que eu como non era capaz de dicir esa palabrota Pequeño, pero eu aguantei naqueles momentos, aguantei. Ao mellor hoxe non aguantaba, pero naqueles momentos aguantei.

Así que, de verdade, eu o que vos pido é o apoio, xa que non podo vela sendo alcalde, polo menos que destes amigos todos que estamos aquí que poidamos dicir, oe, darlle un apoio para que siga a autovía á Costa da Morte.

Moitas grazas, presidente, por darme esta posibilidade.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (10 do PSOE, 3 do BNG 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción dos grupos provinciais do PSdeG e do BNG en reclamación da finalización das obras de construción da autovía da Costa da Morte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autovía da Costa da Morte foi unha das promesas que o daquela presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, fixo a unha das comarcas máis illadas de Galicia, tras o afundimento do petroleiro Prestige a finais de 2002, é dicir, hai agora vinte anos, sendo o reequilibrio territorial o motivo principal da súa construción.

A dita infraestrutura foi licitada por primeira vez en xullo de 2007 polo Goberno bipartito encabezado polo presidente Emilio Pérez Touriño, e adjudicouse a unha UTE formada por Ferrovial e Taboada y Ramos, que se comprometeu a facela por 584 millóns de euros, pero que, pouco despois de iniciar os traballos a finais de 2008, xa lle dicía ao Goberno galego que non sería capaz de finalizala se non se lle pagaba un 30 % máis.

Coa chegada do PP á Xunta de Galicia, o novo goberno rexeitou as pretensións da empresa, rescindíndolle o contrato e licitándoo novamente, lixeiramente modificado en decembro de 2009 e sendo a oferta mellor valorada a UTE formada, entre outras por FCC e Covsa, que resultou ser a máis cara, con 979 millóns de euros, é dicir, cun sobrecusto de 395 millóns de euros con respecto á licitación do bipartito.

A segunda candidata nesa segunda licitación, unha UTE de Dragados e Puentes, que ofertaba a obra por 200 millóns menos, levou o proceso ao xulgado e en setembro do mesmo ano, tres meses despois da denuncia presentada polos socialistas, a daquela directora xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Isabel Vila, deixaba o cargo e era



asumido pola que máis adiante se convertería na actual conselleira, Ethel Vázquez, que volveu licitar a obra por terceira vez en maio de 2011 por 745 millóns, á que só se presentaron dúas ofertas, de ACS e a da UTE que resultou finalmente adxudicataria, formada por Copasa, Taboada y Ramos (presentes na concesionaria do bipartito), Covsa (participante na oferta do suposto sobrecusto) e CRC.

En abril de 2012 o conselleiro Agustín Hernández fixo unha visita á Costa da Morte para, segundo as súas palabras, "trasladarlle aos veciños da Costa da Morte que o Goberno da Xunta é o primeiro que apoia a execución da autovía: estivemos, estamos e estaremos á cabeza desta infraestrutura que é imprescindible e inaprazable; trasladarlle á empresa construtora e á empresa concesionaria e aos traballadores o apoio da Xunta de Galicia na execución da obra e na busca do financiamento necesario para a súa execución e manter unha rigorosa tutela e vixilancia do contrato adxudicado, como non podía ser doutro xeito".

Ao mesmo tempo que dicía o conselleiro que "quería denunciar a grave irresponsabilidade daqueles que lanzan dúbidas e incertezas sobre a actuación e que o que necesita a comarca é rigor, traballo e certezas, toca apoiar ao Goberno para que a obra remate en prazo".

En febreiro de 2013, case dous anos despois da terceira adxudicación, a Xunta informaba ao Parlamento de que o grao de execución da obra non tiña superado aínda o 20 %, ante o que o Goberno galego argumentou que a concesionaria non era capaz de atopar o financiamento ao que se tiña comprometido para poder acometer os traballos; e no canto de rescindirle o contrato, como se fixo ante unha situación similar coa primeira adxudicataria dos socialistas, o Goberno de Feijóo optou por incluír un artigo na Lei de medidas fiscais e administrativas, a denominada Lei de acompañamento dos orzamentos autonómicos para 2015, perdoándolle á empresa a execución dos últimos 15 quilómetros da vía, entre Baio e Berdoias, quedando así a autovía recortada dos 42 quilómetros inicialmente previstos a só 27km, un 35 % menos da lonxitude do proxectado inicialmente e polo que a Xunta aforra só un 17 % do importe total previsto.

O 4 de decembro de 2013 o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, volveu a prometer que a obra estaría lista en 2016 obviando que debería estar no 2013 e reiterou que "o Goberno galego non caerá na postergación, na relegación ou no esquecemento da autovía Carballo-Berdoias" e manifestou que esperaba que "en cuestión de semanas, e co novo ano, se recupere o ritmo das obras".

Tras máis de ano e medio de paralización total das obras, en outubro de 2016 entrou en servizo o tramo Carballo-Berdoias, de 25 quilómetros de autovía e 8 quilómetros de corredor, permitindo á comarca da Costa da Morte reducir en máis de 25 minutos as súas comunicacións coa Coruña.

Na inauguración do tramo en 2016 o daquela presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo dicía: "Estamos contentos pero non significa que esteamos conformes, contentos pero aínda non conformes, polo que ao mesmo tempo que se pon en funcionamento este tramo Carballo-Zas, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Consellería de Infraestruturas, ten enriba da mesa o proxecto construtivo para conectar o final desta autovía co concello de Vimianzo e dende aí entroncar coas vías que conectan Vimianzo coa Costa da morte ata o concello de Camariñas".

A partires dese ano, vemos como ano tras ano, a Xunta de Galicia incluía nos sucesivos orzamentos da Xunta de Galicia dotacións plurianuais claramente insuficientes e de distintos importes para levar a cabo a promesa incumplida de rematar a autovía da Costa



da Morte, sen que dende entón se tiver avanzado absolutamente nada.

Estamos ante dúas comarcas da nosa provincia, a de Bergantiños e a da Costa Atlántica, que ano tras ano perden poboación a un ritmo demasiado acelerado e sen que por parte da Xunta de Galicia se adopten medidas que teñan un impacto real para frear esta sangría demográfica, sen infraestruturas que vertebran o territorio e sen unha aposta firme polos servizos públicos de calidade nestes concellos.

Polo exposto, os grupos provinciais do PSdeG e do BNG propoñen a adopción dos seguintes ACORDOS:

Instar á Xunta de Galicia:

1. A que realice todas as actuacións precisas para levar a cabo a construción do tramo da autovía da Costa da Morte que vai de Baio a Berdoias.
2. A que proceda á supresión da peaxe, que é tamén unha reclamación histórica de toda a comarca."

Sr. Presidente

Procedemos á seguinte moción de Marea Atlántica sobre o Parque Eólico Troitomil.

4.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o parque eólico Troitomil

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 6 de febreiro visitamos o Concello de A Baña para reunirnos coa veciñanza afectada e coñecer de primeira man as problemáticas do proxecto do Parque eólico Troitomil e da expansión descontrolada de parques eólicos no seu concello.

O parque eólico Troitomil é unha poligonal promovida por Green Capital Power S.L. situada enteiramente na nosa provincia, nos concellos de A Baña e Negreira. Este proxecto prevé a instalación de 5 aerogeradores de 200 metros de altura, con 135 metros de altura de buxa e un diámetro de rotor de 170 metros, e unha potencia nominal unitaria de 6MW. Prevese un grande impacto das liñas de evacuación ademais da construción dunha subestación transformadora 30/132 kV, que ocupará unha superficie de 7.627 m² e que recollerá a enerxía xerada polo parque eólico Troitomil ademais da dos parques eólicos Vilartoxo e Barrosino. Como calquera parque eólico, ademais desta subestación están previstas a construción de viais de acceso, canalizacións, drenaxes de augas e o outras actuacións previstas durante a construción. Preséntase polo tanto só neste proxecto, un polígono industrial eólico de 30MW cunha afección ambiental e visual a centos de hectáreas onde se atopan diversos núcleos de poboación e terreos con usos gandeiros, forestais e agrarios.

Este parque eólico está previsto nun contexto de expansión descontrolada e fraccionamento de parques eólicos no concello e na comarca. Xunto ao proxecto deste parque eólico de Troitomil hai previstos outros 5 proxectos eólicos (Vilartoxo, Barrosino, Monte de Portodechán, As Castiñeiras e Monte Silvariño) que afectan ao Concello de A



Baña e limítrofes. Estes proxectos en total suman máis de 250MW e 45 aerogeradores de 200 metros de altura, unha proposta desmedida, que de executarse deixaría afectado máis do 90% da superficie do municipio polas poligonais industriais, solapadas moitas delas, pese a ter unha tramitación individual. Esta proposta na práctica convertería o Concello de A Baña nunha poligonal industrial, con todos os prexuízos para a veciñanza da Baña e os inconvenientes medioambientais, económicos e patrimoniais.

Alén da necesidade de tramitación conxunta de todos estes parques para unha avaliación correcta, o fraccionamento no caso do parque eólico Troitomil, o parque eólico de Vilartoxo e o parque eólico de Barrosino queda patente na previsión de construción da subestación transformadora mencionada, que recollerá a enerxía xerada polos tres parques. De feito, na sesión do 22 de decembro de 2022 do pleno desta corporación aprobouse unha moción cos votos do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños na que se afirma que todo parece indicar que o parque eólico Vilartoxo é en realidade resultado dun fraccionamento para evitar os efectos dunha avaliación ambiental máis restritiva, tramitándose por separado dos parques mencionados de Barrosino e Troitomil, pese a compartir infraestruturas como a liña de evacuación de Lousame ou un centro de control conxunto.

O pasado 22 de novembro de 2022 emitíuse a esperada Declaración de Impacto Ambiental (DIA) deste parque Eólico. No documento recoñécense 923 alegacións presentadas por particulares, asociacións e outras organizacións, entre as que se atopa o propio Concello de A Baña. Pese á cantidade e calidade destas alegacións que temos consultado non se responden ás problemáticas indicadas e prexuízos indicados, resolvéndose nesta Declaración de impacto ambiental que o proxecto é ambientalmente viable pese a gran cantidade de elementos que parecen indicar o contrario.

Existe en consecuencia un rexeitamento unánime a este proxecto no Concello de A Baña. Así quedou reflectido o pasado 30 de xuño de 2022 nunha declaración institucional que rexeitaba a instalación de parques eólicos no municipio dadas as circunstancias mencionadas e solicitaba a paralización da tramitación da declaración de utilidade pública do de Troitomil. Existen outros acordos unánimes previos entre os que podemos mencionar o do 31 de marzo de 2021 ou do 28 de abril de 2021.

A Deputación Provincial está ademais afectada neste proxecto, non só pola preocupación que xera na veciñanza da nosa provincia, senón pola afectación da DP-0702. Como xa se ten mencionado na anterior sesión deste pleno, o pasado 10 de outubro de 2022 enviáronos a todos os Grupos Provinciais un escrito en nome da Asociación de Veciños O Outeiro e Sanamede de Monte de A Baña preguntando polas posibles alegacións a presentar pola Deputación da Coruña debido á afectación dun tramo da estrada que une o lugar de O Seilán (Sanamede de Monte) con Lañas, DP-0702 Ceilán a Lañas, e é propiedade da Deputación. En resposta á pregunta realizada por este grupo admítase non ter dado resposta ao escrito presentado pola veciñanza e se ben se afirma que non se trataría dunha expropiación dun tramo da estrada provincial senón a unha servidume de paso, admítase posibles modificacións de trazado nalgúns tramos de estradas provinciais ademais de zonas de acopio e campamento de obras que afectaría á estrada mencionada DP-0702.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Dar resposta formal ao escrito presentado polas Asociacións de Veciños O Outeiro e Sanamede de Monte.



2. Convocar á veciñanza afectada polo parque eólico Troitomil a unha xuntanza co Goberno da Deputación para explicar en detalle a afectación da estrada DP-0702.
3. Expresar o apoio do Pleno da Deputación da Coruña á veciñanza afectada
4. Dar traslado desta moción ao Concello de A Baña e ás Asociacións de Veciños O Outeiro e Sanamede de Monte.

(Abandona o salón a Sra. Gallego Neira).

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, un pracer escoitar ao señor Pequeño, apréndese moito de quen sabe e de quen tivo tanto tempo responsabilidades nisto.

O Parque Eólico Troitomil é unha poligonal promovida por Green Capital Power, SL, situada enteiramente na nosa provincia nos concellos da Baña e Negreira. Este proxecto prevé a instalación de cinco aeroxeradores de 200 metros de altura, con 135 de buxa e un diámetro de rotor de 170 metros, e unha potencia nominal unitaria de 6 megavatios. Prevese un grande impacto das liñas de evacuación, ademais da construción dunha subestación transformadora que ocupará unha superficie de 7.600 metros cadrados e que recollerá a enerxía xerada polo Parque Eólico Troitomil, ademais dos parques eólicos Vilartoxo e Barrosino. Como calquera parque eólico, ademais desta subestación, están previstas a construción de viais de acceso, canalizacións, drenaxes de augas e outras actuacións previstas durante a construción. Preséntase, polo tanto, só neste proxecto un polígono industrial eólico de 30 megavatios, cunha afección ambiental e visual a centos de hectáreas onde se atopan diversos núcleos de poboación e terreos con usos gandeiros, forestais e agrarios.

Este parque eólico está previsto nun contexto de expansión descontrolada e fraccionamento de parques eólicos do concello na comarca. Xunto ao proxecto deste parque eólico de Troitomil, hai previstos outros cinco proxectos eólicos: Vilartoxo, Barrosino, Monte de Porto de Chan, As Castiñeras e Monte Silvariño, que afectan ao concello da Baña e limítrofes.

Estes proxectos, en total, suman máis de 250 megavatios e 45 aeroxeradores de 200 metros de altura, unha proposta desmedida que, de executarse, deixaría afectado máis do 90%, -90%, atención-, da superficie do municipio polas poligonais, solapadas moitas delas pese a ter unha tramitación individual.

Esta proposta na práctica convertería o Concello da Baña nunha poligonal industrial, con todos os prexuízos para a veciñanza e os inconvenientes medioambientais, económicos e patrimoniais. Alén da necesidade de tramitación conxunta de todos estes parques para unha avaliación correcta, o fraccionamento no caso do parque eólico de Troitomil, o parque eólico de Vilartoxo e o parque eólico de Barrosino, queda patente na previsión da construción da subestación transformadora mencionada, que recollerá a enerxía xerada polos tres parques. De feito, na sesión do 22 de decembro de 2022, do Pleno de esta Corporación, aprobouse unha moción cos votos favorables do PSOE, BNG, Marea de Atlántica e Alternativa dos Veciños, na que se afirma que todo parece indicar que o parque eólico Vilartoxo é en realidade o resultado dun fraccionamento para evitar os efectos dunha avaliación ambiental máis restritiva, tramitándose por separado os parques mencionados de Barrosino e Troitomil, pese a compartir infraestruturas como a mencionada liña de evacuación de Lousame ou un centro de control conxunto.

O pasado 22 de novembro de 2022 emitíuse a esperada declaración de impacto ambiental (DIAM), deste parque eólico. No documento recoñécense 923 alegacións, 923,



presentadas por particulares, asociacións e outras organizacións, entre as que se atopa o propio Concello da Baña. Pese á cantidade e calidade destas alegacións que temos consultado, non se responde ás problemáticas indicadas e prexuízos nel declarados, resolvéndose nesta declaración de impacto ambiental que o proxecto é ambientalmente viable pese á gran cantidade de elementos que parecen indicar o contrario. Existe, en consecuencia, un rexeitamento unánime a este proxecto no Concello da Baña. Así quedou reflectido o pasado 30 de xuño de 2022, nunha declaración institucional que rexeitaba a instalación de parques eólicos no municipio, dadas as circunstancias mencionadas e solicitaba, así mesmo, a paralización da tramitación da Declaración de Utilidade Pública do de Troitomil. Existen outros acordos unánimes previos que podemos mencionar, do 31 de marzo de 2021 ou do 28 de abril do mesmo ano.

A Deputación Provincial da Coruña está ademais afectada por este proxecto, non só pola preocupación que xera á veciñanza da nosa provincia, senón pola afectación á DP-702, vía de titularidade provincial.

Como se ten mencionado, na anterior sesión deste Pleno, o pasado 10 de outubro de 2022, enviáronos a todos os grupos provinciais un escrito en nome da Asociación de Veciños O Outeiro e Sanamede de Monte, da Baña, preguntando polas posibles alegacións a presentar pola Deputación da Coruña debido á afectación dun tramo da estrada que une o lugar do Seilán, Sanamede do Monte, con Lañas, na devandita DP-702, que é propiedade da Deputación.

En resposta á pregunta realizada por este grupo, admítense non ter dado resposta ao escrito presentado pola veciñanza e, se ben se afirma que non se trataría dunha expropiación dun tramo da estrada provincial, senón dunha servidume de paso, admítense posibles modificacións de trazado nalgúns tramos de estradas provinciais, ademais de zonas de acopio e campamento de obras que afectaría á devandita estrada DP-702.

Por todo o anteriormente exposto, propóñense os seguintes acordos:

Dar resposta formal ao escrito presentado polas asociacións de veciños O Outeiro e Sanamede de Monte. Segundo, convocar a veciñanza afectada polo Parque Eólico Troitomil a unha xuntanza co Goberno da Deputación para explicar en detalle a afectación á estrada DP-02. Expresar o apoio do Pleno de Deputación da Coruña á veciñanza afectada. Dar traslado desta moción ao Concello da Baña e ás asociacións de veciños O Outeiro e Sanamede de Monte.

Sr. Ben Otero

Moi brevemente, presidente.

Nosotros nos vamos a abstener en esta moción, de la misma manera que nos abstuvimos en el caso de Val do Dubra. Es decir, esto está en un proceso reglado en la cuestión de las declaraciones de impacto ambiental, el argumento que se utilizó antes con la eólica marina es cuando hay un procedimiento que es garantista, como en el caso de Galicia, con unas declaraciones de impacto ambiental rigurosas, Yo entiendo que no debemos...

Solo un comentario respecto a la cuestión de fraccionamiento, que se habla de un hipotético fraccionamiento para evitar la declaración de impacto ambiental, en este caso yo creo que no es real porque este parque ha sido sometido a una declaración de impacto ambiental. En consecuencia, no que digamos que estamos en contra o a favor de él, nuestra postura no es esa. Nuestra postura es que ojalá se resuelvan positivamente las alegaciones del Concello de A Baña, obviamente, pero nos vamos a abstener por una cuestión de coherencia política.



Sr. Fernández Piñeiro

Nós, tendo en conta que á parte este parque estaría dentro do parque do Val do Dubra, do que falamos noutras ocasións, e, polo tanto, o argumento do noso grupo é o mesmo, e de aí que o voto sexa a favor desta moción compartindo o fondo. Simplemente hai unha emenda máis semántica que comentamos outro día na Xunta de Voceiros que presentamos que, en principio, parece que é aceptada polo grupo propoñente da moción, na que quedaría o punto 1, propón substituír o parágrafo primeiro polo seguinte: “Dar resposta formal ao escrito presentado polas asociacións de veciños de Outeiro e Sanamede de Monte, cando os correspondentes informes reciban a súa aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña”. Punto 2, propónse a substitución do parágrafo segundo polo seguinte: “Convocar os representantes das devanditas asociacións de veciños a unha xuntanza para explicar a afectación da estrada DP-0702”. E punto 3, propónse a substitución do terceiro parágrafo polo seguinte: “Expresar o apoio do Pleno de Deputación da Coruña ás alegacións presentadas polo Concello da Baña”.

En principio como foi aceptada, nós tamén imos votar a favor desta moción.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Nós tamén sen estendernos máis no contido, por coherencia en relación á situación previa do debate en relación ao Val do Dubra, e tamén atendendo, efectivamente, e coa aceptación da emenda a ter unha actitude de respaldo e tamén de canle aberta de información á veciñanza afectada, imos expresar o noso voto a favor.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (10 do PSOE, 3 do BNG 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 12 deputados/as (PP)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o parque eólico Troitomil

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 6 de febreiro visitamos o Concello de A Baña para reunirmos coa veciñanza afectada e coñecer de primeira man as problemáticas do proxecto do Parque eólico Troitomil e da expansión descontrolada de parques eólicos no seu concello.

O parque eólico Troitomil é unha poligonal promovida por Green Capital Power S.L. situada enteiramente na nosa provincia, nos concellos de A Baña e Negreira. Este proxecto prevé a instalación de 5 aeroxeradores de 200 metros de altura, con 135 metros de altura de buxa e un diámetro de rotor de 170 metros, e unha potencia nominal unitaria de 6MW. Prevese un grande impacto das liñas de evacuación ademais da construción dunha subestación transformadora 30/132 kV, que ocupará unha superficie de 7.627 m² e que recollerá a enerxía xerada polo parque eólico Troitomil ademais da dos parques



eólicos Vilartoxo e Barrosino. Como calquera parque eólico, ademais desta subestación están previstas a construción de viais de acceso, canalizacións, drenaxes de augas e o outras actuacións previstas durante a construción. Preséntase polo tanto só neste proxecto, un polígono industrial eólico de 30MW cunha afección ambiental e visual a centos de hectáreas onde se atopan diversos núcleos de poboación e terreos con usos gandeiros, forestais e agrarios.

Este parque eólico está previsto nun contexto de expansión descontrolada e fraccionamento de parques eólicos no concello e na comarca. Xunto ao proxecto deste parque eólico de Troitomil hai previstos outros 5 proxectos eólicos (Vilartoxo, Barrosino, Monte de Portodechán, As Castiñeiras e Monte Silvariño) que afectan ao Concello de A Baña e limítrofes. Estes proxectos en total suman máis de 250MW e 45 aeroxeradores de 200 metros de altura, unha proposta desmedida, que de executarse deixaría afectado máis do 90% da superficie do municipio polas poligonais industriais, solapadas moitas delas, pese a ter unha tramitación individual. Esta proposta na práctica convertería o Concello de A Baña nunha poligonal industrial, con todos os prexuízos para a veciñanza da Baña e os inconvenientes medioambientais, económicos e patrimoniais.

Alén da necesidade de tramitación conxunta de todos estes parques para unha avaliación correcta, o fraccionamento no caso do parque eólico Troitomil, o parque eólico de Vilartoxo e o parque eólico de Barrosino queda patente na previsión de construción da subestación transformadora mencionada, que recollerá a enerxía xerada polos tres parques. De feito, na sesión do 22 de decembro de 2022 do pleno desta corporación aprobouse unha moción cos votos do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños na que se afirma que todo parece indicar que o parque eólico Vilartoxo é en realidade resultado dun fraccionamento para evitar os efectos dunha avaliación ambiental máis restritiva, tramitándose por separado dos parques mencionados de Barrosino e Troitomil, pese a compartir infraestruturas como a liña de evacuación de Lousame ou un centro de control conxunto.

O pasado 22 de novembro de 2022 emitiuse a esperada Declaración de Impacto Ambiental (DIA) deste parque Eólico. No documento recoñécense 923 alegacións presentadas por particulares, asociacións e outras organizacións, entre as que se atopa o propio Concello de A Baña. Pese á cantidade e calidade destas alegacións que temos consultado non se responden ás problemáticas indicadas e prexuízos indicados, resolvéndose nesta Declaración de impacto ambiental que o proxecto é ambientalmente viable pese a gran cantidade de elementos que parecen indicar o contrario.

Existe en consecuencia un rexeitamento unánime a este proxecto no Concello de A Baña. Así quedou reflectido o pasado 30 de xuño de 2022 nunha declaración institucional que rexeitaba a instalación de parques eólicos no municipio dadas as circunstancias mencionadas e solicitaba a paralización da tramitación da declaración de utilidade pública do de Troitomil. Existen outros acordos unánimes previos entre os que podemos mencionar o do 31 de marzo de 2021 ou do 28 de abril de 2021.

A Deputación Provincial está ademais afectada neste proxecto, non só pola preocupación que xera na veciñanza da nosa provincia, senón pola afectación da DP-0702. Como xa se ten mencionado na anterior sesión deste pleno, o pasado 10 de outubro de 2022 enviáronos a todos os Grupos Provinciais un escrito en nome da Asociación de Veciños O Outeiro e Sanamede de Monte de A Baña preguntando polas posibles alegacións a presentar pola Deputación da Coruña debido á afectación dun tramo da estrada que une o lugar de O Seilán (Sanamede de Monte) con Lañas, DP-0702 Ceilán a Lañas, e é propiedade da Deputación. En resposta á pregunta realizada por este grupo admítese non ter dado resposta ao escrito presentado pola veciñanza e se ben se



afirma que non se trataría dunha expropiación dun tramo da estrada provincial senón a unha servidume de paso, admítense posibles modificacións de trazado nalgúns tramos de estradas provinciais ademais de zonas de acopio e campamento de obras que afectaría á estrada mencionada DP-0702.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Dar resposta formal ao escrito presentado polas Asociacións de Veciños O Outeiro e Sanamede de Monte cando os correspondentes informes reciban a súa aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña.
2. Convocar aos representantes das devanditas asociacións de veciños a unha xuntanza para explicar a afectación da estrada DP-0702.
3. Expresar o apoio do Pleno da Deputación da Coruña ás alegacións presentadas polo Concello da Baña.
4. Dar traslado desta moción ao Concello de A Baña e ás Asociacións de Veciños O Outeiro e Sanamede de Monte."

Sr. Presidente

Unha moción presentada polo PSdeG na que se insta a Xunta a incrementar o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar.

5.Moción do grupo provincial do PSdeG-PSOE pola que se insta á Xunta de Galicia a incrementar o financiamento do servizo da axuda no fogar (SAF)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de febreiro do pasado ano 2021 a Corporación desta Deputación Provincial aprobou, a proposta dos grupos provinciais do PSdeG e do BNG, unha moción pola que se instaba á Xunta de Galicia a incrementar o financiamento do Servizo da Axuda no Fogar (en adiante SAF).

As propostas de acordo contidas na devandita moción eran do seguinte tenor literal:

1. Instar á Xunta de Galicia a que incremente o financiamento do Servizo de Axuda Fogar da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de modo que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se poda prestar este servizo coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para as e os profesionais do dito servizo.
2. Trasladar ao Parlamento de Galicia o acordo adoptado por esta corporación para o seu coñecemento e efectos.
3. Trasladar o presente acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias para o seu coñecemento e efectos.

Pois ben, a realidade é que nos últimos anos o incremento do IPC e a implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector, teñen provocado o aumento máis que considerable do custe da prestación deste servizo, sen que o Goberno Autonómico do PP teña feito aportación algunha tendente a paliar estes elevados custes que están a soportar os concellos.



Deste xeito, na actualidade atopámonos con que moitos dos concellos non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora de prestación do servizo.

Se contraponemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos:

Galicia: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 en 3 millóns de euros:

Ano 2022: 50,3 millóns de euros

Ano 2023: 47,4 millóns de euros

Estado: o Goberno de Pedro Sánchez aumentou no 2023 as achegas do goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, tal e como se reflicte nos propios orzamentos da Xunta de Galicia:

Ano 2022: 51,3 millóns de euros

Ano 2023: 65,2 millóns de euros

Así, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para Galicia, o goberno da Xunta de Galicia presidido polo Sr. Rueda reduce os fondos autonómicos para esta partida.

É claro que é a Xunta de Galicia a quen lle corresponde a competencia nesta materia, e a que percibe os fondos do Estado, de aí a necesidade de reiterar esta reclamación, coa finalidade de que a Xunta incremente a súa aportación, aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falta de acción por parte da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.

Polo exposto, o grupo provincial do PSdeG-PSOE propón a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia:

1. A que aumente o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.
2. A que dote dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.
3. A que exerza as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector."

Sr. Fernández Piñeiro

Comentabamos o outro día na Xunta de Voceiros con respecto a esta moción unha situación que se vén dando ao longo dos últimos anos, que é o incremento dos custos do Servizo de Atención a Dependentes. Un servizo que, se ben a competencia da prestación desta é municipal, a competencia financiadora é autonómica. Un servizo que ao longo dos últimos anos e debido, en primeiro lugar, ás melloras das condicións laborais do persoal, incrementou o seu custo e, polo tanto, benvido sexa, tendo en conta



que afecta e afectou e está a afectar positivamente a moitos traballadores e traballadoras, pero que agora tamén co incremento do IPC se ve incrementado de forma considerable.

(Abandonan o Salón os Sres. Pequeño Castro e Taboada Vigo).

Se a isto engadimos que ademais cada vez somos máis lonxevos e necesitamos máis deste tipo de servizos, e que a xente, en principio, pode ser atendida na súa casa, prefire esa situación a non ter que marchar para unha residencia, o cal eu tamén comparto, fai que a economía de moitos municipios da provincia e de Galicia, de toda cor e de distintas cores, pois estase a ver lastrada por eses incrementos, tendo en conta que a achega autonómica que se traslada aos concellos e que está cofinanciada polo Estado, é dicir, os 12,50 euros non os pon só a autonomía, senón que o Estado tamén os transfire, é insuficiente para poder asumir o custo dun servizo que está adxudicando entre 19 e 20 euros a hora ordinaria e ata 24 a extraordinaria, tendo que ser os concellos con recursos propios os que asuman esa diferenza.

Por poñer un exemplo, un concello que teña concedidas 47.000 horas, que pode ser algo bastante habitual nun concello de 8.000, 9.000, 7.000 habitantes, estamos a falar de 470.000 euros de incremento nese servizo. Ademais xa das cuestións de carácter contractual e dos problemas que iso nos xera, coas distintas reclamacións das empresas adxudicatarias de incremento deses custos e incluso tamén que nos xera ese incremento de horas anual ou bianual que se nos vén concedendo; porque sacamos un concurso para 50.000 horas, 40.000 e de repente nos conceden outras 15 e temos moi difícil facer unha modificación, por non dicir imposible dende o punto de vista legal, dese contrato, co cal tamén nos pon nun limbo dende o punto de vista xurídico un pouco complexo a todos os concellos da provincia.

Polo tanto, está claro que isto depende dunha reflexión profunda de todas as administracións, pero o que está moito máis claro é que non pode ser que, mentres se fala disto ou se intenta chegar a acordos ou se negocia, sigamos sendo os concellos os que asumamos en exclusiva o incremento dese custo, que é moi elevado para as arcas municipais e que nos está obrigando a detraer fondos doutras partidas e doutros investimentos que si son da nosa competencia para dedicalos a algo que, se ben, como digo, a competencia prestadora é nosa, pero non a financiadora.

Polo tanto, de aí vén motivada esta moción de solicitar á Xunta de Galicia que incremente a achega que fai, como xa fixo en anos precedentes, pasando de 9,80 € ata os 12,50 € que estamos na actualidade, e que nos acompañe aos concellos no sustento dese incremento. Nós non nos estamos negando a pagar, estamos polo labor de facer fronte a ese incremento, pero non de facelo en exclusiva e en soidade porque xa non é que nos lastre a economía municipal dende o punto de vista de que temos que detraer fondos doutras partidas, como dixen antes, senón que hai concellos que a día de hoxe xa non poden asumir os custos derivados das horas que teñen concedidas. E, polo tanto, tendo en conta que é un tema moi sensible porque non estamos a falar de comprar mobiliario urbano, nin de facer estradas, senón de tratar persoas dependentes que o necesitan, de aí que traíamos esta moción ao Pleno en defensa do municipalismo na súa totalidade e da mellora na prestación dun servizo para persoas que o necesitan, como dixen antes, para dependentes.

Nada máis e moitas grazas.



Sra. Muíño Filgueira

Un pouco repetindo o espírito do debate na Xunta de Portavoces, a min hai varias cuestións que si que me gustaría anotar en relación ao contido da moción.

En primeiro lugar, que, cando falamos do Servizo de Axuda no Fogar, estamos falando do servizo máis demandado e preferido polas persoas maiores, aquel que lles permite ter apoios para seguir vivindo no seu fogar. Á súa vez, estamos falando dun servizo que ás persoas cuidadoras que conviven cos seus maiores tamén lles facilita ter os seus tempos de descanso, contar con apoio e que facilita as súas condicións de vida. E que, ademais, cando falamos de atención a dependentes estamos falando dun servizo que ao final é un dereito recoñecido. Entón, creo que estaba ben poñer o foco en que estamos ofrecendo un servizo que é un dereito.

Efectivamente, é un servizo que é caro, atendendo á realidade do noso país e que ademais ten un custo diferente segundo falemos de contornas máis dispersas ou máis concentradas, etc. Si que é certo que nos últimos anos, por diferentes motivos, afortunadamente un deles é a mellora das condicións laborais das traballadoras de Axuda no Fogar, os custos dos servizos se incrementan, cando non o fixo na mesma proporción a achega no financiamento que recibimos neste caso as entidades locais, que somos as que temos a responsabilidade de prestar este servizo.

Efectivamente, como ben dicían, o prezo que se achega é realmente insuficiente e si que é verdade que eu quixera facer un matiz en relación ao contido da moción en tanto que eu estou totalmente de acordo en que temos que exixir que se incremente o prezo/hora que se lle facilita aos concellos por cada hora efectivamente prestada, e tamén que debemos demandar que tanto o Goberno galego como o Goberno do Estado asuman o esforzo económico para financiar de xeito íntegro un servizo que realmente está delegado nos concellos, pero non é competencia municipal.

Tamén me gustaría matizar que si que é certo que se fala dun aumento progresivo do prezo/hora que se vai pagar, que segue sendo considerablemente insuficiente porque, como ben explicaba o portavoz, as entidades locais vémonos na obriga de asumir unha porcentaxe moi elevada do que custa cada hora; e que iso, ademais de supoñer un esforzo económico importante, está condicionando a capacidade dos concellos, en especial daqueles que teñen menor capacidade económica, para ampliar o número de horas que podemos prestar. En definitiva, estamos facendo que exista desigualdade no territorio segundo o concello no que viva e a capacidade económica que teña para complementar o diñeiro que custa cada hora de atención no domicilio, cando todas as persoas con dependencia recoñecida teñen o mesmo dereito, e é un condicionante.

A min si me gustaría pedir que, en vez de que anunciemos o aumento sistemático de horas aos concellos, fagamos a reflexión de que, seguramente, utilizando ese esforzo de facilitar un maior número de horas aos concellos de forma sistemática para atender máis dependentes, tendamos a cubrir o prezo do custo de hora, tamén dende unha actitude, por que non, de diálogo e de consenso, acordando, pois incluso os concellos xa estamos facendo un esforzo importante de achega, pero que a tendencia sexa a cubrir a maior parte do custo do servizo, que aí os consellos, que somos a administración máis próxima á cidadanía, temos todo o interese do mundo en poder ampliar horas e en poder prestar o servizo que merecen as nosas veciñas e veciños en situación de dependencia que así teñan recoñecido ese dereito.

Sr. Lema Suárez

Nós presentamos, estando de acordo co fondo do asunto, pensamos que os dereitos por definición deben ser universais. Debería ter o mesmo acceso a el calquera persoa con independencia do concello no que viva en Galicia e, por iso, facemos unha



proposta de substitución do primeiro punto para que se inste a Xunta de Galicia a que aumente o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos, co fin de garantir a eliminación do copagamento aos usuarios deste servizo.

(Regresa ao Salón a Sra. Gallego Neira)

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día, vou tentar ser moi breve porque ademais o reloxo da Deputación, non sei se vos decatastes, pero realmente non son as dúas menos cinco, son as tres menos cinco; aínda non está adiantado.

Nós non imos poder apoiar esta moción. É certo que o Servizo da Axuda no Fogar é, sen dúbida, un dos piares da atención á dependencia en Galicia e a través del se prestan coidados a preto de 26.000 galegos e galegas, coidados profesionais. Esta cifra representa aproximadamente un 31% das persoas dependentes con prestación na nosa terra, case o dobre do que é a media española, somos a segunda comunidade en porcentaxe de persoas beneficiarias só por detrás de Andalucía. Neste aspecto, o compromiso da Xunta con este servizo penso que non é cuestionable, como tampouco o é o esforzo económico que fai cada ano para tentar garantir que este servizo chegue a máis persoas que o precisan. E por iso neste ano 2023 reforzouse con dúas medidas. A primeira incrementando os fondos destinados a este servizo nun 10%, ata levar o investimento anual a 113 millóns de euros. E a segunda adiantando a suba aos 12 euros/hora do servizo que estaba prevista para o ano seguinte, para o 2024, no acordo suscrito coa Fegamp; ou, o que é o mesmo, seguindo a financiar un 70% do custo deste servizo de competencia na prestación municipal pero que, como ben dicía o voceiro do Partido Socialista, o financiamento é de competencia autonómica e estatal, que esa foi a parte que lle esqueceu mencionar. Pero, ben, son os propios concellos os que prestan este servizo, ben sexa de forma directa ou ben a través de concesión.

Deste xeito tamén, entrando na outra parte que contempla a moción, é aos propios concellos a quen lles corresponde velar para que se cumpran as condicións – tamén as laborais– recollidas nos contratos suscritos coas empresas adjudicatarias. O Goberno galego, en concreto a Consellería de Política, Social e Xuventude, a través da Inspección de Servizos, si que supervisa que o servizo se estea a prestar de forma correcta coas máximas garantías, pero non participa na negociación dun convenio colectivo, este é un tema que xa temos debatido aquí en varias mocións ao longo deste mandato. Neste caso é o Estatuto dos traballadores o que establece que a negociación colectiva se desenvolve entre os representantes do persoal, dos traballadores, e os empresarios. Polo tanto, o Goberno galego non pode nin debe inmiscirse no diálogo entre as partes, máis non sendo a administración competente á hora de prestar directamente ese servizo. Pero, dentro das súas competencias, si que cómpre ter coidado, ter vixiado, que se respectan os acordos aos que se chegue efectivamente nese marco da negociación. Acordos que, evidentemente, haberá tamén que intentar por todos os medios e dentro do ámbito das competencias, que sexan satisfactorios para ambas as partes, pero sobre todo que garantan a axeitada atención aos maiores, que esta quede garantida.

Polo tanto, pensamos que o que é o obxecto da moción xa se está a cumprir e a Xunta vén de renovar ese compromiso con este servizo e ademais de adiantar un compromiso adquirido coa Fegamp no pasado ano, no que se fixo unha suba retroactiva dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro deste mesmo ano, pero que se adiantou o que estaba xa previsto para o ano 2024. Pero tamén é certo que hai que lembrar que ese financiamento depende de dúas administracións: a Administración do Goberno central,



non só tamén da Administración autonómica. E agora mesmo segue a estar repartida nunha porcentaxe de 30% o Estado e 70% a Comunidade Autónoma de Galicia, cando sabemos que o teor da lei exige que a obriga é de igualar o financiamento, é dicir, que debería elevarse a achega estatal ata chegar, cando menos, que iso é o que di a lei, ao 50% dese custo. Dende que se aprobou, segundo a memoria económica que respaldara os dereitos que nela se recoñecían, a Lei de dependencia, isto nunca se cumpriu. Polo tanto, hai que seguir facendo ese esforzo, pero eu boto en falta, sei que remataremos xa a estas horas e, por desgraza, señor Fernández, esta tampouco vai ser esa moción que vostede leva esperando, na que imos facer esa demanda. Pero vostede tamén perdeu unha ocasión estupenda de facer esta mesma reclamación ao Goberno central.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade é que é certo que dixen que a competencia financiadora é da Xunta de Galicia, tamén é certo que dixen que o Estado achegaba fondos, polo tanto, é cofinanciador. Pero o que lamento non é, que entendo que vostede lamenta que non lle pida ao Estado, pero lamento que vostedes non pensaron presentar unha emenda para solicitarlle ao Estado. E dígollo porque onte no meu Concello presentamos esta mesma moción e a oposición presentou unha emenda solicitando que se reclamase ao Estado, e eu votei a favor. Entón, se quere, propóñolle autoemendarme, solicítolle tamén ao Estado e vostedes votan a favor da moción? Dáme que a resposta vai ser que non.

Dito o cal, fixo vostede un pouquiño de trampa dicindo que a Xunta incrementa a achega este ano para este servizo, iso ten trampa e imaxino que vostede o saberá. Estes son os datos que non o estou inventando, eh? do proxecto de orzamentos da comunidade autónoma galega no ano de 2002, Consellería de Política Social, Sección 13, ben, Servizo, etcétera, etcétera. Programa de Atención á Dependencia. Fondos propios libres, os que achega a Xunta de Galicia, 50.330.810. Transferencias finalistas do Estado, 51.316.317. Un total de 101.000.647. Ano 2023, mesma consellería, mesmo proxecto de orzamentos, fondos propios libres, 47.420.110. Transferencias finalistas do Estado, 65.226.000. Total 112.000.000 de euros. Hai unha diferenza de 11 millóns de euros, pero é porque o Estado pon máis cartos, porque a Xunta reduciu a súa achega para este servizo. Esa é a realidade.

Vostede, claro, falou do cómputo global e é verdade que crece, véndeo como se fose da Xunta, que estamos bastante acostumados a iso, pero non coa trampa, porque a Xunta pasou de 50 millóns a 47 e o Estado pasou de 50 a 65. Polo tanto, a Xunta, nun momento no que se incrementa o custo do servizo, reduce a súa achega e o Estado incrementaa, e despois, vostede, pois xunta as dúas e véndeas como incremento da Xunta, pero neste caso non lle coou.

Dito o cal, a min cónstame que moitos dos seus alcaldes, moitos aquí presentes, porque temos falado diso, comparten o espírito desta moción, e é verdade que vostede tamén dixu que é certo que recoñece o esforzo que facemos os concellos. Pero quedo co que dixen ao principio, porque non se trata de facer un debate moi amplo. Como eu non teño ningún inconveniente, propoño novamente unha autoemenda e solicitar ao Estado que incremente tamén a súa achega. A ver se por iso somos capaces de cumprir ese soño que teño antes de acabar esta lexislatura e é que o Partido Popular algún día vote a favor de algo que lle reclama á Xunta de Galicia.

Nada máis, moitas grazas.

Desculpade con isto de autoemendarme..., hai unha emenda que me comentaba antes Alberto Lema, da Marea, na que solicita que se elimine o copagamento dos usuarios do servizo. Nós o que propoñíamos era que se aumente a progresividades se



acaso dese copagamento, pero entendemos que hai xente que ten recursos económicos e que debería de pagar algo polo servizo. De aí que a emenda, ben, xa lle comentei que non fora aceptada, pero si estamos dispostos a votar por puntos, se lle parece ben ao voceiro da Marea, para que no punto en concreto que non están de acordo, poidan votar o que consideren e nos seguintes non, ou calquera outra cuestión. En todo caso, presidente, antes de votar, gustaríame que no Partido Popular me contestasen se aceptan a nosa autoemenda ou non, porque non teño resposta a esa proposta.

Sr. Lema Suárez

En todo caso, neste caso hai que pedirlle ao PSOE que se poña de acordo co PSOE porque foi unha proposta feita tamén polo Partido Socialista no Parlamento de Galicia. A nós parécenos que os dereitos tenden a universalizarse, que ese é o seu sentido xurídico, e ademais que é de xustiza e, polo tanto, imos absternos na proposta da moción orixinal.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados/as (9 do PSOE, 3 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 12 deputados/as (PP)

Abstéñense: 3 deputados (1 de Marea Atlántica e 2 (1 do PSOE e 1 do PP) en virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do grupo provincial do PSdeG-PSOE pola que se insta á Xunta de Galicia a incrementar o financiamento do servizo da axuda no fogar (SAF)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de febreiro do pasado ano 2021 a Corporación desta Deputación Provincial aprobou, a proposta dos grupos provinciais do PSdeG e do BNG, unha moción pola que se instaba á Xunta de Galicia a incrementar o financiamento do Servizo da Axuda no Fogar (en adiante SAF).

As propostas de acordo contidas na devandita moción eran do seguinte tenor literal:

1. Instar á Xunta de Galicia a que incremente o financiamento do Servizo de Axuda Fogar da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de modo que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se poda prestar este servizo coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para as e os profesionais do dito servizo.
2. Trasladar ao Parlamento de Galicia o acordo adoptado por esta corporación para o seu coñecemento e efectos.
3. Trasladar o presente acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias para o seu coñecemento e efectos.

Pois ben, a realidade é que nos últimos anos o incremento do IPC e a implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector, teñen provocado o aumento máis que considerable do custe da prestación deste servizo, sen



que o Goberno Autonómico do PP teña feito aportación algunha tendente a paliar estes elevados custes que están a soportar os concellos.

Deste xeito, na actualidade atopámonos con que moitos dos concellos non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora de prestación do servizo.

Se contraponemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos:

Galicia: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 en 3 millóns de euros:

Ano 2022: 50,3 millóns de euros

Ano 2023: 47,4 millóns de euros

Estado: o Goberno de Pedro Sánchez aumentou no 2023 as achegas do goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, tal e como se reflicte nos propios orzamentos da Xunta de Galicia:

Ano 2022: 51,3 millóns de euros

Ano 2023: 65,2 millóns de euros

Así, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para Galicia, o goberno da Xunta de Galicia presidido polo Sr. Rueda reduce os fondos autonómicos para esta partida.

É claro que é a Xunta de Galicia a quen lle corresponde a competencia nesta materia, e a que percibe os fondos do Estado, de aí a necesidade de reiterar esta reclamación, coa finalidade de que a Xunta incremente a súa aportación, aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falta de acción por parte da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.

Polo exposto, o grupo provincial do PSdeG-PSOE propón a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia:

1. A que aumente o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.
2. A que dote dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.
3. A que exerza as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. García Seoane

Nin é rogo nin é pregunta, simplemente congratularnos de que haxa unha sentenza xudicial, que me comunicaron onte, a favor desta Deputación en relación coa moción que presentei eu no seu día polo tema dunha cacicada que se quería facer en



Cambre, de facerlle un muro a un parente desde o Concello; e que nos dan a razón á Deputación e alegrarme por iso, nada máis.

Sr. Ben Otero

Un ruego rápidamente y una pregunta. El ruego me lo pasan los compañeros del Partido Popular de Bergondo y es referente a la seguridad en la DP-0812 a su paso por el lugar de Obra de Paño en la parroquia de Lubre, Bergondo. Parece ser que es un punto muy conflictivo con numerosos accidentes en el último año y medio, dos años ha habido siete bastante impactantes,.AAquí me han pasado copias, Luego, presidente, si quieres, te los aporto, hay fotos de los siete accidentes. Y lo que solicitan son dos cuestiones. Primera, que se valore declarar el tramo de concentración de accidentes; y, segundo, que se trabaje en la reducción de la velocidad en la bajada del Espíritu Santo a Sada en su paso por Paño. Si realmente se pudiera hacer algo en esta cuestión para calmar o limitar velocidad o calmar la velocidad, creo que sería interesante porque no ha habido ninguna víctima mortal, pero la verdad es que las imágenes que yo tengo aquí y que ahora te aportaré son bastante llamativas.

Y la pregunta es: en Muxía desde hace dos años se ha paralizado la obra de la depuradora de Trasufre, entonces la cuestión es si se está haciendo algo en la solución de este asunto, nos preguntan desde Muxía. O que si se está haciendo algo, y si no es así que se trabaje en la mejora. Parece ser que hay un problema con la propiedad de los terrenos o algo. En todo caso, dos años de parálisis en una depuradora, los vecinos están inquietos y lo que pedimos es que se trabaje en la solución de este asunto.

Gracias.

Sr. Presidente

Respecto de Bergondo, si aproveito para dicir que en canto á seguridade viaria en Bergondo este punto ímolo revisar. Hai un que é máis sangrante aínda porque aí houbo un morto hai moi pouco tempo, que é o famoso caso de Villa Julia, que está permanentemente tamén neste Pleno presente, e que é un dos casos que nos ten absolutamente desmoralizado, porque ante un morto e previsibles accidentes semanalmente que non nos deixen no ámbito xudicial nin sequera entrar a facer a topografía para poder facer unha expropiación, os informes negativos de Patrimonio da Xunta de Galicia, que entende que vale máis a vida dunha árbore que a vida dunha persoa. Eu pediría a interlocución do Grupo Popular, por favor, que lle poñan un pouco de sentido común, porque nos poderemos ver aquí neste salón de plenos cun morto outra vez dentro dun ano, dous anos ou tres anos, simplemente por non tirar unha árbore ou dúas, e asumindo o noso compromiso de mover pedra a pedra ese muro catalogado cara o interior. Trátase de que todos poñamos un pouco de sentido común nun expediente que debería preocuparnos e pedirlle neste caso á xustiza que aplique o criterio de prudencia absoluta e que por riba do valor humano non hai ningún outro valor, nin o dunha árbore, nin o dunha pedra por suposto.

En calquera caso, si que, aproveitando que se nos fai unha encomenda, que acometeremos de mellora de seguridade viaria en Bergondo, tamén fago esta reflexión porque de verdade que é traumático ver a Asesoría Xurídica intentando facer todo polo libro e que unha xuíza diga que non podemos entrar a medir nunha propiedade para poder facer un expediente expropiatorio. Non sei como pretendemos mellorar a seguridade viaria nas vías provinciais se non podemos facer eses traballos mínimos.

Moitas grazas.



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 15:08 horas.